



**CUCHILLA
MAÍZ
LATERALES
ABATIBLES
MODELO MEIRA**



**CUCHILLA
MAÍZ
MODELO CORISTANCO**



**ENCAMADORA DE
CUBÍCULOS
DE 0,7m³, 1m³ 1.7 m³
Y 2.1m³**



www.corbarsll.com



**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS
AUTONIVELANTES
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR.
TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**



**EXTENDEDOR
DE SILO
MODELO
VIMIANZO
CON BOMBOS
GALVANIZADOS
DE Ø 80/225 E
Ø 100/240**

**¡CONSÚLTANOS SIN
COMPROMISO!**

NOVEDAD

**INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA**

CORBAR
MAQUINARIA

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

A MARIÑA

Trabada, Lourenzá e Barreiros reclaman as axudas prometidas á faba



Os Concellos de Trabada, Lourenzá e Barreiros uniron forzas para esixir á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que cumpra coas promesas realizadas ao sector da faba. Nunha carta conxunta remitida esta semana á titular do departamento autonómico, os tres municipios expresan a súa “profunda preocupación” pola inacción da Administración, que malia os anuncios feitos o pasado 14 de marzo en Ribadeo, aínda non activou ningunha das medidas comprometidas.

Segundo recollen no escrito oficial, as actuacións pendentes inclúen axudas directas de ata 2.000 euros por hectárea e a posta en marcha dun mecanismo financeiro que facilite liquidez ás explotacións afectadas pola desastrosa campaña de

2024. “O sector non pode esperar máis”, denunciou o alcalde de Trabada, Rubén García, lembrando que as perdas superan o 80 % e que moitas familias produtoras atópanse ao bordo da ruína, sen recursos para afrontar unha nova sementeira.

A carta reivindica ademais que estas axudas cheguen a todos os produtores, con independencia de se están ou non incluídos na Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Faba de Lourenzá. “Non pode haber agricultores de primeira e de segunda”, subliñan. Entre as principais demandas, figura tamén a necesidade de poñer en marcha un plan de investigación agronómica e fitopatolóxica que permita comprender as causas das enfermidades que afectaron á colleita deste ano.

A comarca da Mariña aposta por un turismo sostible e sensorial durante todo o ano

A Mancomunidad de Concellos da Mariña Lucense está a redefinir o turismo na comarca coa intención de ofrecer experiencias auténticas e respectuosas co medio. A vicepresidenta Ana Ermida destaca que o turismo debe xerar valor económico, social e ambiental, reforzando a identidade local e protexendo o patrimonio. Nun contexto de procura de vivencias singulares, a Mariña aposta polo xeoturismo e o turismo ornitolóxico, que permiten descubrir o territorio desde unha óptica diferente.

No marco do Plan de Sostibilidade Turística 2022-2024, actualizouse a información na web

oficial e editaron folletos informativos sobre estas modalidades, dispoñibles en varios idiomas. Tamén se instalarán tótems interpretativos en puntos estratégicos para mellorar a experiencia sen alterar o entorno.

A comarca destaca pola súa riqueza ornitolóxica, cun corredor migratorio de aves mariñas e zonas como a Serra do Xistral e Illa Coelleira, que permiten a observación de numerosas especies ao longo do ano. Paralelamente, o xeoturismo fomenta o coñecemento da historia xeolóxica da Mariña, con puntos de alto valor científico como a Praia das Catedrais e a Cova do Rei Cintolo.

Profesionais, políticos e artistas únense para defender á sanidade



A comarca da Mariña vive un momento de mobilización constante e reivindicacións en defensa dunha sanidade pública digna e accesible. Tras 38 días de concentracións diarias diante do Hospital Público da Mariña, a Xunta de Persoal decidiu suspender as protestas, mais avisa que esta pausa non supón o final da loita, senón o inicio dunha nova etapa de presión cidadá e profesional. “Non nos imos a cansar; estaremos na rúa as veces que faga falta”, advirten os traballadores, que reclaman máis persoal en todas as categorías, reforzo dos servizos médicos, fin das derivacións a hospitais privados e solucións reais para as listas de espera. Entre os poucos avances, sinalan a incorporación dunha técnica de farmacia e reforzos en especialidades como cardiología, uroloxía e medicina interna, aínda que demandan a recuperación da Área Sanitaria propia, suprimida polo Goberno galego en 2012, así como a ampliación de prestacións en logopedia, neuropsicología, cirurxía vascular ou marcapasos. A falta desta autonomía limita

a capacidade de xestión e planificación do hospital, afectando a máis de 70.000 habitantes, cifra que supera os 100.000 no verán pola chegada de temporais.

PARLAMENTO. Esta reivindicación estrutural recibiu o apoio do PSdeG, que vén de anunciar unha batería de iniciativas parlamentarias para esixir á Xunta a restitución da Área Sanitaria da Mariña. Lara Méndez, secretaria de Organización do PSdeG e viceportavoz no Parlamento galego, salientou que “só coa recuperación dunha área propia poderemos garantir unha atención en igualdade e calidade”. Denunciou tamén as longas esperas en consultas especializadas —como máis dun ano en Medicina Interna— e a escaseza de profesionais para atender toda a demanda.

Ademais, a alcaldesa de Burela, Carmela López, e outros representantes municipais sumáronse ao chamado a unha solución que pase pola proximidade e planificación real das necesidades sanitarias locais.

PANCARTA. Paralelamente, a fachada do hospital foi escenario dunha intervención artística efémera promovida polos creadores Adri Pardo, Neira Brochs e Pedro Cabarcos, quen representaron con unha pancarta simbólica o deterioro do sistema sanitario na comarca. A obra, ideada para desaparecer coa choiva, quixo reflectir a fragilidade dun sistema que “borraba ás persoas coma cifras”. A retirada inmediata da peza polo Sergas, alegando “incumprimento da normativa”, xerou malestar e foi interpretada como unha mostra da incapacidade para aceptar críticas construtivas.

A mensaxe dos artistas, do persoal sanitario e dos veciños coincide: a sanidade pública da Mariña precisa non só de atención inmediata, senón tamén de cambios estruturais que devolvan a autonomía e os recursos necesarios para garantir unha asistencia sanitaria digna, próxima e de calidade. Ata que isto non se logre, as mobilizacións e a presión social e política manteranse vivas.

O comité acusa a Alcoa de frear o reinicio da produción sen consenso

O conflito en Alcoa San Cibrao volveu intensificarse. O comité de empresa decidiu retomar as mobilizacións tras considerar que a multinacional está a incumplir o acordo asinado para o cesamento temporal da produción, ao paralizar sen consenso o proceso de arranque das cubas de electrólise. Segundo explicaron os representantes sindicais tras o derradeiro pleno, tamén se estuda emprender accións xudiciais contra a compañía.

A orixe da controversia está na decisión de Alcoa de frear o reini-

cio da produción, argumentando como causa o apagamento eléctrico do pasado 28 de abril, que inutilizou 27 das 41 cubas que xa foran reactivadas. A empresa comprometérase por escrito a ter operativas as 512 cubas en outubro, pero agora supedita ese proceso á existencia de garantías fronte a futuros cortes de subministración.

Para os sindicatos con representación no complexo, esta xustificación non é válida. “Non vemos viable o que está facendo a empresa”, afirmou o presidente do comité, José Antonio Zan, quen confirmou

que as asesorías xurídicas das centrais xa están a analizar a posibilidade de presentar unha demanda ou mesmo unha querela por incumprimento do acordo.

En paralelo, os sindicatos decidiron intensificar a presión institucional. Acordaron solicitar cada semana a Xunta de Galicia e ao Goberno central a convocatoria da mesa de seguimento do futuro da planta de aluminio. Esta mesa, na que están presentes tamén a empresa e as Administracións, non se reúne desde hai semanas malia as dúas peticións formuladas polo comité.

Familias da Mariña denuncian o abandono da Atención Temperá

Por Ana Somoza

A unidade comarcal de Atención Temperá de Burela, que dá servizo a oito concellos: Burela, Ribadeo, Foz, O Valadouro, Cervo, Xove, Viveiro e O Vicedo, atópase actualmente desbordada. Con só dúas profesionais en activo, unha pedagoga e unha psicóloga, non conta nestes momentos con logopeda, e as listas de agarda ascenden a preto de 43 menores. A falta de medios e persoal cualificado, sumada a unhas instalacións que “deixan moito que desexar”, segundo denuncian as familias, está a comprometer o acceso á atención temperá para moitos nenos e nenas con necesidades especiais.

ALTA SEN ALTA. María, nai dun dos usuarios do servizo, asegura que a situación é “precaria” e lamenta que lle deran a alta ao seu fillo non por mellora clínica, senón porque “rematou o contrato da logopeda”. Este servizo, que busca favorecer o desenvolvemento infantil entre os 0 e os 6 anos mediante terapias como logopedia, fisioterapia ou apoio psicolóxico, é fundamental durante os primeiros anos de vida, pero en moitos casos non ten continuidade máis aló desa idade.

POST-TEMPERÁ. Precisamente, unha das principais reivindicacións das familias e da Plataforma Loita, un colectivo galego que defende os dereitos das crianzas con diversidade funcional e das súas familias, é a posta en marcha dunha atención post-temperá que cubra polo menos ata os 14 anos. “Non é xusto que se corte o apoio aos seis anos, cando moitos problemas se fan aínda máis evidentes a partir desa idade”, sinalan dende a plataforma. “A plasticidade cerebral non espera. As terapias van contra o reloxo”, advirten. Desde Loita, nados en 2023 en Pontevedra, levan meses recla-



mando a aplicación efectiva do decreto galego de Atención Temperá e a súa ampliación. Piden tamén que se garantan prazas públicas suficientes para evitar que as familias teñan que recorrer ao sector privado, algo que non todos poden permitirse. “O futuro destes nenos depende das decisións que se tomen hoxe”, subliñan.

COMPETENCIAS. Mentres tanto, o Concello de Burela, que xestiona o servizo desde o ano 2006 a través de convenios cos outros sete municipios, insiste en que a situación actual é insostible. A atención dos menores vén derivada directamente desde os centros de saúde, a fisioterapeuta depende do SERGAS, e mesmo as aplicacións informáticas utilizadas pertencen á sanidade autonómica. “Estamos a xestionar un servizo sanitario dende os concellos, e iso non ten sentido”, apuntan desde a administración local. O goberno municipal asegura estar tramitando un novo programa que lles permita contratar unha logopeda de novo, aínda que só sería por nove meses. Recordan que as prazas de psicóloga e pedagoga foron estabilizadas en 2024, e que a praza de logopeda xa foi incluída na proposta de Relación de Postos de Traballo, actualmente en negociación. Porén, consideran que a solución pasa

por que a Xunta asuma directamente este servizo, integrándoo no sistema público de saúde.

“Os concellos facemos o que podemos, pero isto desbórdanos”, recoñecen. “Non podemos permitir que Burela estea saturada mentres outros miran para outro lado. É hora de actuar”. Por iso, desde o Concello fan un chamamento aos demais municipios da comarca para que soliciten subvencións e poñan en marcha as súas propias unidades, coa intención de desconxestionar a demanda.

Ademais da ampliación da idade de cobertura, as familias reclaman tamén a incorporación doutros perfiles profesionais clave, como terapeutas ocupacionais, e a presenza estable dun neuropediatra no Hospital da Mariña. “Falamos de necesidades reais que afectan á vida diaria dos cativos e das súas familias. Servizos esenciais, non complementarios”, insisten.

INVISIBLES. Algunhas familias critican que, malia as reiteradas chamadas de atención, moitas administracións seguen sen priorizar estas cuestións. “Moitos alcaldes falan antes das residencias de maiores ca dos nosos fillos. E nós dicimos: os nenos non votan, pero tamén contan”. E engaden con rotundidade: “Polo que xa están e polos que virán, non imos parar. Nunca”.

Melloras na LU-540 para aumentar seguridade



A estrada LU-540 que une os concellos de Viveiro e Orol experimentará unha transformación integral ao longo deste ano cun investimento total de 8,2 millóns de euros por parte da Xunta de Galicia. Trátase dun proxecto ambicioso que afecta a un tramo de 15,5 quilómetros e que busca mellorar tanto a seguridade como a capacidade da vía. Entre as actuacións previstas inclúese a rectificación de curvas perigosas, a creación de carrís adicionais para facilitar

os adiantamentos, a reforma de interseccións e a mellora integral do firme. Unha vez finalizados os traballos, prevese que se poida circular a 90 km/h de maneira continua por todo o trazado.

A pesar dos atrasos provocados pola meteoroloxía durante os meses de inverno, os traballos están a gañar ritmo coa chegada da primavera. Segundo os datos facilitados, xa se cortaron máis de 5.000 árbores e avanza os movementos de terra.

Trabada e Barreiros únense para mellorar unha estrada

Os concellos de Trabada e Barreiros darán un paso máis na mellora das comunicacións entre núcleos rurais coa intervención na estrada que une as localidades de Fórnea e Vilamartín Pequeno. A actuación será posible grazas a unha subvención conxunta de 35.616,26 euros, conseguida ao abeiro dunha liña de axudas destinada á mellora de vías de titularidade municipal. O orzamento total do proxecto ascende a 50.880,37 euros, dos cales os concellos asumirán con fondos propios unha achega conxunta de 15.264,11 euros. Os traballos centraranse na renovación do firme para garantir un tránsito máis seguro, cómodo e eficiente tanto para a veciñanza como para os vehículos que empregan esta vía de

maneira habitual.

O alcalde de Trabada, Rubén García, salientou o valor da cooperación intermunicipal: “Desde o Concello de Trabada celebramos a boa sintonía co Concello de Barreiros. Esta colaboración permite atender necesidades compartidas e mellorar a calidade de vida da nosa xente. A estrada que se vai mellorar é empregada pola veciñanza de ambos termos, polo que actuar nela é un beneficio conxunto”.

Con esta intervención, os dous concellos reafirman o seu compromiso coa vertebración do territorio rural, apostando pola cooperación como ferramenta clave para optimizar recursos públicos e dar resposta efectiva ás demandas cidadás.

Cuando necesitas energía limpia y accesible, él está aquí

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en [edpenergia.es](https://www.edpenergia.es)

“O PSOE é a columna vertebral da acción política na provincia”

José Tomé Roca, presidente da Deputación, que vén de ser reelixido secretario xeral do partido cunha ampla maioría fala dos retos de futuro

Acaba de ser renovado na presidencia do partido. Cales son os seus principais obxectivos?

Sempre que hai un congreso renóvase e, polo tanto, é como un mandato novo. Teño por diante outros catro anos. Presenteime a estas primarias con todas as ganas, toda a ilusión e toda a forza da que son capaz e o que quero, o meu obxectivo principal, é fortalecer o partido con este mandato, sobre todo as agrupacións máis pequenas e que teñen máis dificultades. Loxicamente, o obxectivo final é saír reforzados de cara ás próximas eleccións municipais, conservar as alcaldías que temos neste momento e conseguir algunha máis. Sinceramente, neste momento creo que hai razóns obxectivas que nos permiten pensar que iso pode ser posible. Por outra banda, evidentemente, tamén debemos idear o Goberno Provincial na Deputación para poder seguir xestionando os recursos que benefician á totalidade dos concellos con criterios obxectivos. Antes, cando gobernaba o Partido Popular, isto non se facía, e tampouco se fai hoxe na Xunta de Galicia. Nós repartimos os fondos con criterios obxectivos, que son coñecidos por todos e que son iguais para todos. A axuda da Deputación mantén vivos a moitos concellos. A través do Plan Único da Deputación saben que van ter un diñeiro que oscila entre case 200.000 euros para o concello máis pequeno, que é Negueira de Muíiz, con 225 habitantes, e os concellos máis grandes, como Lugo, Monforte ou Viveiro, que reciben ata 600.000 euros aproximadamente. Os demais están entre os 300.000 e 400.000 euros aproximadamente. Pero, sobre todo para os concellos pequenos, esas axudas supoñen moito. **Antes falábase moito de que a Depu-**

tación era “inoperante”. Este discurso xa se freou, supoño que porque a Deputación cobrou moita máis relevancia nos últimos anos.

Sen dúbida, porque cada vez prestamos máis servizos aos concellos. Hai moitos que, se non fora pola Deputación, non poderían funcionar, porque non son capaces de cobrar os seus propios impostos. Hai que facerlles informes para contratar case todo. Moitas veces damos apoio aos secretarios para celebrar plenos, á intervención para pechar as contas... Xa sei que iso

“O acordo co BNG funciona e dá estabilidade porque está baseado no respecto”

non se ve, pero a cantidade de apoio a través de cooperación cos concellos é inmensa. Polo tanto, a Deputación é básica e, se non queremos chamarlle Deputación, temos que chamarlle doutra maneira, pero ten que haber un ente que estea por riba dos concellos que lles preste apoio, polo menos mentres teñamos o nivel de concellos que temos. En Italia e Francia, por exemplo, agrupáronos. Aquí hai algún exemplo moi pequeno, como Oza-Cesures ou Cerdedo-Cotobade, pero non é o común. Mentres esta sexa a situación, con moitos concellos de moi pouca poboación, ten que haber unha entidade que faga certas funcións. Ademais, facemos moitas outras cousas, polo menos aquí en Lugo. Por exemplo, a cooperación que se fai desde esta institución, aquí

en Lugo, coa Universidade, tanto coa USC (Campus Terra) como coa UNED é tremenda. E a cooperación cos sectores primarios, exactamente igual. Temos convenios con todo o tecido empresarial, comercial, asociativo e produtivo. A Deputación é unha institución útil e ben valorada polos profesionais, dende o meu punto de vista. **Nestes seis anos, hai algún proxecto do que se sinta especialmente orgulloso?**

Si, hai varias cousas. Eu creo que, primeiro, cando cheguei á presidencia, esta casa atravesaba momentos institucionais difíciles. Conseguiamos normalizar todo iso. Hoxe, se a Deputación é nova, é polo que é capaz de facer ou non, por debates políticos, polos plenos... pero non porque non sexa un ente estable, ben organizado e que funcione. Iso parece un tema menor, pero non o é. Logo, sen dúbida ningunha, o tema da mobilidade na provincia. Estamos facendo os maiores investimentos que nunca se fixeron. Pódese criticar que haxa fochancas non sei onde, hainas e sempre as haberá. Na Xunta, no Estado, en todas partes. Pero o maior nivel de investimento que se fixo na provincia desde a Deputación foi nestes anos. Este ano é o récord, con 27 millóns de euros entre conservación e obra nova. Destínase preto dun terzo do orzamento a iso. A cooperación que estamos tendo agora mesmo coa USC, tampouco nunca se dera. Unha das cousas que xa estaba feita, pero sen poñer en marcha, era a Granxa de Leite, onde fan prácticas os alumnos de Veterinaria e de Enxeñería Agrónoma, nun laboratorio vivo, nunha granxa viva. Agora tamén temos en marcha outra cousa, da que estou especialmente satisfeito: unha granxa de porco celta, para a recuperación da



raza autóctona galega, que ten moitísima demanda e non tanta oferta. Así, axudamos tanto a Asoprocel como á USC. De feito, unha das razóns polas que o Campus Terra obtivo a aprobación na inspección da Unión Europea foi precisamente pola Granxa de Leite e a de Porco Celta. Despois hai tamén outro proxecto moi relacionado co ecoturismo que é o Parque Central de Galicia. Temos o centro xeográfico de Galicia, segundo o Instituto Xeográfico Nacional, no Concello de Antas de Ulla, en Nogallás. Neste momento o parque ten xa 4 hectáreas de extensión. Vai haber edificios para actividades formativas de todo tipo, incluso para que xoguen os nenos. Tamén haberá un monólito coas coordenadas para que a xente poida facerse fotos. Por certo, nesas parcelas había eucaliptos, que quitamos, fixemos unha selección dos mellores carballos que había. Pero como todo, cando fas unha obra nova, o día que a acabas non é cando máis bonita está. É ao cabo dun par de anos, cando medran as árbores, o céspede... creo que vai ser un atractivo turístico para a nosa provincia.

E sobre turismo?

A isto hai que sumar os catamaráns, as rutas que temos, os consorcios de turismo da Mariña e a Ribeira Sacra, o tema das rutas do románico... temos moitas actividades en marcha. O programa “Coñece a túa provincia”, por exemplo, que antes non se facía, ten unha enorme demanda. Todas estas cousas creo que son moi importantes. E logo, o tema das residencias é fundamental para nós, no que respecta ao benestar social. Cando cheguei á Deputación, é certo que había algunhas en construción, pero había tres en marcha, creo lembrar. Hoxe hai nove en funcionamento, outras catro en

construción, que son Becerreá, Guitiriz, A Pontenova e A Pobra do Brollón, e hai outras cinco en trámite para saír adiante. Son cuestións coas que, evidentemente, temos un compromiso firme. Tamén, por suposto, traballamos nos sectores primarios. Estamos coa raza rubia galega, conservamos a cachena, temos o tema do cabalo galego, seguimos tamén coa granxa de recría de xovencas... En fin, eu creo que o traballo que está facendo a Deputación é diverso, útil e, sobre todo, moi centrado no tecido produtivo.

Falaba da estabilidade que se conseguiu na Deputación. Supoño que este “matrimonio” tranquilo e sereno co BNG é parte diso?

Sen dúbida. Eu creo que está baseado no respecto. A min gústame que, se se chega a un acordo, ese acordo sexa respectado e cumprido. Temos un acordo de goberno onde cada quen ten as súas responsabilidades, e ti non te metes nas dos demais, e os demais tampouco se meten nas túas. Evidentemente, iso axuda moito, e é un tema que eu quero levar estritamente. Temos isto pactado e hai que cumprilo. Creo que o mandato anterior funcionou de marabilla, foi un exemplo para todo o mundo de como pode funcionar un goberno de coalición. E neste momento segue igual. Levamos seis anos así, como ti dis, é un “matrimonio doce”, e penso que imos rematar así o mandato. Logo, Deus dirá. Agardamos seguir gobernando a Deputación Provincial de Lugo e xa veremos a que acordos chegamos.

Nos últimos tempos, o PSOE sufriu moitos cambios. Besteiro a nivel galego, aquí en Lugo finou á alcaldesa, a elección de Miguel, as primarias...

Como se vive tanto movemento?
O PSOE é un partido histórico, con



máis de 140 anos de historia, e ten unha bagaxe tremendo ás costas. Somos un partido serio, rigoroso, de goberno, e somos a columna vertebral neste momento da acción política na provincia de Lugo, sen ningunha dúbida. Hoxe os concellos máis grandes da provincia, a excepción de Viveiro pola moción de censura, están gobernados polo PSOE, igual que a Deputación. Eu procuro seguir eses pasos. Levo xa certa experiencia en política, no Parlamento, no Concello, na Deputación e noutros ámbitos, e sempre tiven a mesma forma de traballar: con rigor e seriedade. Podes caer máis simpático ou menos, pero o que ninguén pode dicir é que non traballas, que non intentas axudar e poñer solucións enriba da mesa. Sexan mellores ou peores, iso é o relevante para min. Nas últimas primarias, en números redondos tiven o 60% de apoio dos militantes. Logo, no Congreso, chegou ao 83%. En fin, se houbese outras primarias, creo que serían distintas, pero foi o que foi. En todo caso, agradezo a todos os que votaron, tanto a uns como a outros, porque iso é democracia. Dicimos que non estamos preparados para as primarias, pero si que o estamos. Mira como votaron os afiliados e non pasa nada. E cando hai primarias nos Estados Unidos, alí son normais, e aquí non? Temos que ser capaces de competir un día e, ao día seguinte, unha vez que falamos os afiliados, cada quen ten as súas opcións.

Cales son os obxectivos a longo prazo? Ten pensado seguir medrando a nivel político?

Non. Teño todas as miñas aspiracións políticas cumpridas. Tiven a sorte de ser deputado, coñezo o parlamento galego. Ademais, vivino nas dúas etapas: unha de goberno, con Emilio Pérez Touriño, e outra de oposición, con Feijóo. Tamén tiven ocasión de estar no Concello tanto na oposición como no goberno, e na Deputación, sempre gobernando. Para min, todas as

“O maior nivel de investimento que se fixo na provincia desde a Deputación foi nestes anos”

aspiracións están cumpridas. É certo que, como dixeron no Congreso, gustárame que un lucense como Besteiro fose presidente da Xunta. O obxectivo principal para nós son as eleccións municipais de 2027 e, por suposto, tamén a Deputación. Pero desde o traballo que fagamos aquí na provincia, queremos ser un punto de apoio e obter bos resultados en Galicia. Será necesario facelo en coalición, porque o voto da esquerda está fragmentado entre o BNG e o PSOE, non se prevén maiorías absolutas. O importante é sumar entre o PSOE e o Bloque para

volver gobernar Galicia. O bipartito de Touriño foi moi bo, na miña opinión. Tiveron pouco tempo para desenvolver o proxecto. Aínda hoxe, despois de 16 anos, criticase desde a Xunta aquel bipartito, iso quere dicir que algo bo se fixo. Despois de tantos anos de goberno do PP, fai falta un cambio, un aire novo na política en Galicia. Todos os gobernos necesitan renovación. Incluso se o PSOE levase tantos anos gobernando, igual tamén lle viría ben algo de aire fresco. Creo que a Galicia lle fai falta esa transición.

Como se combina a presidencia da Deputación coa Alcaldía?

Ben, o importante é organizarse e ter un bo equipo, tanto no Concello como na Deputación, para poder delegar. No Concello, ningún alcalde antes ca min conseguiu tanta inversión para Monforte. Iso dícenmo os propios exalcaldes. Hai moito traballo detrás, con administracións da Xunta, do Estado, da Confederación. Algunha axuda tamén da Deputación, como ao resto dos concellos. Hai inversións en Monforte que levaron anos de negociación, como a supresión de pasos a nivel, que levou cinco anos de traballo. Ou a nova depuradora do Polígono Industrial, que dará servizo durante décadas, incluso se o polígono duplica o seu tamaño vai haber capacidade. Son proxectos que permiten que unha cidade medre e a súa economía mellore. Agora, nos tres ou catro últimos anos hai unha tendencia de crecemento que parece continuar, e iso é porque se están des-



envolvendo proxectos e inversións que xeran actividade económica e atraen a xente que se empadroa. Na Deputación tamén é visible o traballo que se fai, e teño que agradecer aos compañeiros e compañeiras que me axudan. Sempre poño un exemplo extravagante: se Jacques Chirac puido ser alcalde de París e primeiro ministro de Francia ao mesmo tempo, pois eu tamén podo.

Agora supoño que toca traballar para as eleccións

Si, máis ou menos en ano e medio temos que ter as listas, porque as eleccións son o 23 de maio de 2027. Nós temos unha gran vantaxe neste sentido, e é que temos equipos moi bos nos concellos. Gobernamos moitos deles, o 60% da poboación da provincia está en mans do PSOE. Nalgún concello pode haber dificultades, pero en xeral temos bo traballo feito. Nalgúns sitios haberá que reforzar algo, pero en xeral estamos ben.

Como se atopa a relación coa Xunta?

Ben, de feito, mellorou algo co cambio de Feijóo a Rueda. Non hai cor. Hai máis capacidade de escoitar, pero aínda así anuncian moito e fan pouco. Polo momento, as grandes débedas coa provincia de Lugo seguen sen saldarse. Din que van desbloquear a variante de Viveiro, pero iso o que quere dicir é que estaba bloqueada. Por outro lado, a Ronda Este tamén ía facerse antes das municipais, pero non tiñan proxecto nin expropiacións, nin nada. Era unha gran mentira. Dícían que había 6 millóns de euros, pero nada. De feito, nós lle demos a solución a Rueda para ese proxecto, porque se pode facer sen tocar o río Rato, sen tocar a ponte e sen tocar a Carballeira. É dicir, cun impacto mínimo comparado co que eles propoñían. Tamén está pendente a conexión coa A6 na Gándara, é vital. Tampouco cumpren cos museos, cando se pactou o Museo da Romaniza-

ción, pactouse un museo por provincia. Os outros tres están feitos. Todos menos o de Lugo. Por outro lado, a vía principal da provincia entre Lugo, Sarria e Monforte, que é a que ten máis poboación, segue sen desdobrase. Tamén está pendente o porto seco de Monforte, que foi Feijóo a inauguralo, pero aquilo ao final está inacabado, non dá servizo a empresas. É dicir, hai moitas débedas da Xunta con Lugo: servizos sociais, residencias... Levan máis de 15 anos sen facer unha residencia en Lugo. A de Amancio Ortega foi doada, non feita por eles. Son malos executores do orzamento, incluso co IGAPE, só gastan a metade do orzamento que teñen. O resto irá para amortizar débeda ou para o que sexa pero non para o tecido galego.

E co Goberno central?

Eu creo que, para a provincia de Lugo, é unha sorte ter este Goberno. España nunca estivera tan ben economicamente. Nunca houbo tanta afiliación á Seguridade Social, sobre todo de mulleres. Hai máis de 21 millóns de afiliados, por iso o PP nunca fala de se o PSOE é o partido do paro, porque ese é o seu. Foron eles os que precarizaron o traballo coas súas reformas. Este goberno está a recuperar o tempo perdido. Cando Ana Pastor foi ministra, por poñer un exemplo, rompeu o contrato da Intermodal de Lugo, eliminou máis de cen quilómetros de vía única entre Zamora e Ourense, deixou caducar as variantes de Canaval e Rubián... Cando chegou Pedro Sánchez, non había un só quilómetro de vía en obras. Agora hai case 600 millóns de euros investidos na provincia de Lugo. En canto ao tema da alta velocidade, vaise chegar de Lugo a Madrid no mesmo tempo que se tarda en chegar de Madrid a Vigo ou á Coruña, por moito que intenten negalo. Obviamente, as obras están sen rematar e van tardar polo menos un par de anos, pero vai chegar.

EN CLAVE PERSOAL

Idade: 66

Estado civil: Casado

Fillos: 2

Lugar de nacemento: Guitiriz, na aldea de Ombra, en Mariz.

Cando foi para Monforte?

Cando vin traballar. Fixen Agrícolas na Escola Politécnica, que daquela era a Escola de Peritos. Despois traballei na Escola de Especialización Agraria como profesor de tecnoloxía agraria.

Deixou o traballo pola política?

Non, primeiro fun á executiva galega da UGT Galicia como responsable de formación e emprego con Suso Mosquera e aí tiven unha liberación sindical, como se adoita dicir. Aí estiven cinco anos, do 98 ao 2003. Despois, en 2003, presentéime ás municipais por primeira vez e gobernamos en coalición co BNG. De 2005 a 2011 fun ao Parlamento de Galicia. Deixei voluntariamente, por un tema que había con Pachi Vázquez. Logo voltei ao meu posto de traballo ata 2015, cando gañamos as eleccións en Monforte. E ata hoxe.

Toca xubilarse da parte profesional?

Ben, estou en excedencia. Eu creo que non vou volver.

Que pensa facer cando se xubile?

De momento non o teño pensado porque aínda non sei cando me vou

xubilar, pero supoño que terei cousas que facer.

Que lle gusta facer cando non traballa?

Gústame moito todo o relacionado coa agricultura. Hortas, produción de plantas, apicultura... De feito, teño unha viña pequena, pero agora mesmo non teño tempo para coitala. Eu non son de estar sentado, necesito estar activo sempre.

Ser socialista nácese ou faise?

Eu creo que se fai. Claro que cada un nace cunha sensibilidade, pero ser socialista eu creo que é unha das mellores cousas desde o punto de vista ideolóxico que che pode pasar. Moita xente, igual que cando se fala de política, non temos clara a definición das cousas. Para min, ser socialista é ter unha sensibilidade social e axudar aos demais. Eu sempre digo que o mellor programa social que existiu e que nunca tivo ningún partido é a Biblia. Ao final, o que dicía Xesucristo era que quería repartir riqueza, axudar aos enfermos, aos pobres... E iso é un programa social. A outros gústalles acumular riquezas... eu creo que a riqueza debe estar repartida. Sempre vai haber alguén que destaque e algún que quede descolgado, pero o importante é que a gran maioría das persoas estean ben. Ese

é o obxectivo. A política é ocuparse das cousas públicas.

Cambiaría algo da súa vida?

Non, agora mesmo non cambiaría nada. Seguramente, se me poño a pensar e a analízalo finamente si cambiaría algunha cousa, pero en termos xerais estou moi satisfeito coa vida que tiven e que teño.

Arrepíntese de algo?

Conscientemente non, porque nunca lle fixen dano a ninguén conscientemente. Inconscientemente, como todo o mundo, puiden equivocarme algunha vez e que alguén o pasase mal pola miña culpa. Pero conscientemente non teño a sensación de ter feito ese dano.

De que se sente máis orgulloso?

Dos meus fillos e dos meus netos, sen ningunha dúbida. Desde que son avó non me aburro. Teño pouco tempo para estar con eles, pero o que podo gústame desfrutalo con eles.

Algo que desexe?

Saúde. É o primeiro. Pero a nivel xeral, tamén me gustaría que houbese un mellor reparto da riqueza e que rematasen as matanzas e as guerras. Hai cousas que non se xustifican. O que ocorre en Gaza e Ucraína, e noutros moitos lugares dos que non se fala, ten que rematar xa.

A mobilidade sostible toma as rúas focegas

Seguridade, eficiencia e sustentabilidade definen a nova folla de ruta do Concello de Foz, que aposta por pacificar o tráfico, ampliar espazos para as persoas e avanzar cara a un modelo urbano máis amable, accesible e pensado para a convivencia

Nos últimos anos, o Concello de Foz vén dando pasos firmes cara a unha transformación profunda da súa mobilidade urbana. O obxectivo, segundo o propio equipo de goberno, é claro: “facer de Foz unha vila máis segura, accesible e humana, onde as persoas recuperen o espazo que lle corresponde no rueiro”.

Así o explican fontes municipais, que poñen como exemplo as actuacións que se están a desenvolver no eixo que conecta o centro urbano coa praia da Rapadoira, un dos máis transitados tanto polos veciños como polos visitantes. Trátase dunha intervención que abrangue rúas como Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Avenida dos Irmandiños, Curros Enríquez e a Praza de Galicia. “Pensamos en darlle unha nova configuración á nosa vila, un modelo no que o tráfico rodado deixe de ser o protagonista absoluto”, sinalan desde o Concello. “Gústanos a idea de seguir os pasos das grandes cidades que apostan pola peonalización, por crear quínteiros ou mazás, e direccións únicas, por reducir a velocidade e fomentar o uso de medios alternativos”.

A inspiración vén de exemplos xa consolidados como Vitoria, considerada referencia a nivel estatal en mobilidade sostible, ou cidades galegas como Pontevedra, A Coruña ou mesmo Lugo. “Pontevedra demostrou que se pode cambiar o modelo sen perder actividade comercial, ao contrario. Lugo comezou en 1969 poñendo o sentido único na rolda da Muralla cunha reorganización viaria que hoxe continúa. Hai que aprender dos que o fixeron ben”, afirman. A filosofía que guía este proceso baséase nun principio sinxelo: “a mobilidade sostible é unha ferramenta para mellorar a calidade de vida”. E iso tradúcese en medidas concretas.



Por exemplo, todas as rúas implicadas neste proxecto contarán cun límite de velocidade de 30 km/h, o que permite a convivencia entre vehículos e bicicletas. “O tráfico calmo é fundamental para crear espazos de convivencia e seguridade”, subliñan. Un dos cambios máis destacados foi o da rúa Corporacións, que pasou a ter sentido único en dirección Marzá. “Era unha rúa con moito tránsito de coches, e moitos ían a velocidades que resultaban perigosas. Agora hai menos ruído, máis seguridade e unha circulación moito máis ordenada”, explican desde a administración. Nesa mesma liña, xa se están aplicando reconfiguracións nas rúas Traperero Pardo e Paseo de Colón, dúas arterias importantes da vila. Ambas serán tamén de sentido único, con circulación dirixida cara a Burela. “É unha medida que busca evitar colapsos, especialmente no verán, cando a afluencia de vehículos aumenta de forma exponencial”, detallan. Na contorna da praia da Rapadoira,

zona neuráxica durante a tempada estival, as modificacións foron especialmente relevantes. Alí concéntranse numerosos locais de hostalería e un gran número de peóns. “No Paseo de Colón, por exemplo, a dirección única permitirá reducir os atascos e mellorar a fluidez, algo que é moi necesario nos meses de maior actividade”, engaden. O alcalde, Fran Cajoto, leva anos defendendo esta aposta. “Sempre crin que unha mobilidade sostible, ben planificada e centrada nas persoas, é o camiño correcto. Non se trata só de reordenar o tráfico, senón de facer unha vila mellor para vivir”, asegura.

Lembra tamén que as actuacións non son arbitrarias nin improvisadas. “No pasado mandato fixemos un exercicio colectivo de reflexión, no que participaron todos os axentes sociais, asociacións veciñais e empresariais, a ACIA local, a Policía Local e os distintos grupos políticos. Froito dese proceso foi a aprobación

dun documento que define o modelo de pobo que queremos”, relata Cajoto.

A planificación, insisten desde o equipo de goberno, é clave para evitar conflitos e garantir a aceptación social das medidas. “Hai moita xente que ao principio ten dúbidas, pero cando ve os resultados cambia de opinión. O importante é facer as cousas con estudo, rigor e participación”, sinalan.

A reconfiguración da rúa Irmandiños, cuxas obras están a piques de comezar, é outro exemplo desa estratexia. Pasará a ser unha vía de dirección única desde a praia, o que contribuirá a mellorar os accesos e reducir riscos. “Cada cambio está pensado para facer máis fluído o tránsito, pero sempre co foco posto na seguridade das persoas”, recalcan.

Outra das actuacións previstas estivo ligada á creación dunha senda peonil xunto ao campo de fútbol Martínez Otero, na rúa Corporacións.

“Foi unha obra moi necesaria para completar o circuíto peonil e solucionar un punto negro de mobilidade”, comentan desde o Concello.

Non se trata só de cambiar sentidos de circulación ou poñer pasos de peóns. O que está en xogo, afirman, é “repensar o espazo público, facelo máis democrático e máis saudable”. E iso require “tempo, valentía e unha visión a longo prazo”.

Desde o goberno local insisten en que Foz debe adaptarse aos tempos. “As vilas non poden permanecer ancoradas no pasado. Temos que pensar en clave de futuro, de sustentabilidade, de resiliencia urbana. E a mobilidade é unha das ferramentas máis potentes para lograr ese cambio”, afirman.

Tamén recoñecen que quedan moitas cousas por facer. “Este é un proceso continuo. Non se trata dun proxecto que comeza e remata, senón dunha estratexia global que se irá desenvolvendo por fases”, explican. Por iso, piden paciencia e colaboración á veciñanza. “Sabemos que ás veces as obras molestan, que os cambios poden xerar inquietude, pero estamos convencidos de que os beneficios a medio e longo prazo compensan con creces”.

A aposta pola mobilidade sostible en Foz está xa enriba da mesa e en marcha. Con direccións únicas, calmado de tráfico, espazos para peóns e bicicletas, e unha visión urbana centrada na calidade de vida, o Concello busca redefinir a súa identidade como vila. “Queremos que Foz sexa un lugar máis habitable, máis amable e máis seguro. Un lugar onde as crianzas poidan xogar, onde os maiores poidan camiñar sen medo, onde o coche non sexa o rei da rúa”, conclúen. Porque, como din desde o propio Concello, “a vila do mañá constrúese coas decisións que tomamos hoxe”.

A vila busca consolidarse como centro de exames de conducir

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, reuniuse co Xefe Provincial de Tráfico de Lugo e representantes da Asociación de Autoescolas para avanzar nun convenio que permitirá realizar exames teóricos de conducir en Foz. O acordo prevé convocatorias mensuais informatizadas nunha aula municipal, evitando desprazamentos a Lugo e permitindo coñecer os resultados

ao instante. Cajoto subliñou que Foz pode consolidarse como referencia na obtención de permisos de condución. Desde a Asociación destacaron o beneficio comarcal da iniciativa. Tamén se abordaron futuras colaboracións en educación viaria e uso do peirao para formación e campañas contra o consumo de alcohol e drogas ao volante.

Nova edición da XIII Festa Normanda

A vila xa quenta motores para a décimo terceira edición da súa aclamada Festa Normanda, que terá lugar os días 28, 29, 30 e 31 de agosto. O evento, que recrea o desembarco viquingo nas costas focenses, consolidouse como unha das citas imprescindibles do verán na Mariña.

Durante catro días, Foz transformase nun auténtico escenario medieval, onde os visitantes poderán gozar

de espectáculos de lume, combates, desfiles, mercado artesanal e actividades pensadas para todos os públicos. A escena máis esperada, como cada ano, será a representación do asalto normando, coa chegada das embarcacións e a loita entre os invasores e os defensores da vila.

A implicación veciñal é unha das claves do éxito desta festa, que reúne cada edición centos de persoas caracterizadas coas roupas da época, ofrecendo unha experiencia

inmersiva e única. Dende o Concello subliñan o esforzo organizativo e animan tanto á veciñanza como aos turistas a participar activamente: “A Festa Normanda é un orgullo para Foz, unha mostra da nosa identidade e un reclamo cultural e turístico de primeira orde”.

A cita conta ademais co apoio de entidades locais, asociacións culturais e grupos de recreación histórica, que contribúen a darlle realismo e valor educativo á celebración.

Un novo aire para a petanca

O Club Praia da Rapadoira nace co obxectivo de dinamizar este deporte tradicional con torneos, integración da mocidade e un espírito aberto

Por Ana Somoza

A petanca é un deses xogos que, malia a súa aparente sinxeleza, conta cunha historia milenaria. Os gregos do século VI antes de Cristo xa se entretiñan lanzando cantos, e foron os mariñeiros quen espallaron esta práctica pola Galia, onde acabou consolidándose no val do Ródano. En España, comezou a verse nos anos cincuenta, entre 1953 e 1954. Desde entón, avanzou pouco a pouco e, agora, tamén busca abrirse camiño con forza na Mariña lucense da man dun novo colectivo: o Club de Petanca Praia A Rapadoira de Foz. O Club petanca Praia A Rapadoira é un club de recente creación, promovido por xente do pobo, a maioría deles son xente moza cun forte compromiso por promover o deporte da petanca en Foz e quere transmitir este sentimento. Falamos con Pepe, quen exerce como vicepresidente, “o novo club nace cun aire renovador e con aproximadamente corenta socios”. E iso que aínda están en fase inicial. “Somos poucos, pero espera-

mos que pouco a pouco se vaia sumando máis xente a este proxecto”. Entre os primeiros obxectivos que se marcan está a organización dun torneo aberto a finais do verán. “Será probablemente en setembro, quizais a comezos de mes, e celebrarase en Foz”, sinala o vicepresidente. O certame estará aberto a todos os clubs da Mariña e de Galicia. “No último torneo participou xente de Asturias, Galicia e León,... foi bastante variado”, lembra con satisfacción. A dinámica do club está pensada para adaptarse á vida cotiá dos seus membros. Non hai horarios ríxidos de adestramento. “Falamos entre nós e quedamos para xogar”, conta Pepe. As pistas que utilizan son municipais, de acceso público. “Só hai que reservalas cando hai algo importante, como un torneo ou unha actividade, sobre todo para evitar problemas co uso”, explica. Polo de agora, o club só conta con categoría de adultos, pero hai unha vontade clara de achegar a petanca á rapazada. “Temos intención de

achegar este deporte aos nenos para que se vaian integrando”, sinala, “xa celebramos a primeira actividade nas pistas de petanca cos colexios, e vamos ter máis nos colexios, que isto ben moi ben para dar a coñecela, e que os cativos saiban de este deporte que non é moi común”. O Club esta aberto a novos socios, calquera persoa que queira facerse socio, pode falar cos membros da xunta directiva. “O único requisito é querer pasalo ben e ter ganas de xogar”, afirma cun sorriso, salienta Pepe. O nome do club non é casual. “É o nome da praia máis coñecida de Foz, así que considerámola como algo noso, algo que nos representa”, explica. A Praia da Rapadoira é, en efecto, un símbolo local, e este novo club pretende reflectir ese espírito de pertenza. Preguntado polo futuro da petanca en Foz e na Mariña, Pepe móstrase optimista: “Eu penso que cada vez vai medrar máis. É un deporte que ten boa acollida”. Pon como exemplo



a evolución recente na vila. E non só iso: “Fai pouco houbo un torneo en Lalín con máis de 200 persoas xogando. Iso tamén dinamiza a economía local”, engade. Pepe tamén explica as particularidades do xogo. “A máis pequena chámase boliche ou pequena. As outras son bolas normais”, di. Cada xogador ten as súas, “e sempre lles poñemos unha marca persoal para diferenciarlas, porque ás veces son moi parecidas”. As bolas, feitas de aceiro, pesan entre 650 e 800 gramos e teñen un diámetro de entre 7 e 8 centímetros. “Para saber que bola ten usar cada persoa ten que medir a lonxitude da súa man, dende a palma ata a punta do dedo corazón”, puntualiza.

A paixón de Pepe pola petanca é evidente en cada palabra. Pero tamén hai unha visión colectiva, de comunidade. O novo Club de Petanca Praia A Rapadoira nace como unha proposta aberta, inclusiva, popular, que busca recuperar a esencia dun xogo que une xeracións, que non require grandes investimentos e que pode xogar calquera, en calquera lugar. E como el mesmo conclúe: “Tan só queremos gozar do deporte, facer cousas, darlle vida ao club e que a petanca teña o lugar que merece en Foz”. Así, con humildade, o novo club lanza as súas primeiras bolas co obxectivo de marcar punto nun futuro máis participativo e aberto.

O Concello reclama avances na ampliación do centro de saúde

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, reuniuse co conselleiro de Sanidade da Xunta, Antonio Gómez Caamaño, para abordar o atraso na ampliación do centro de saúde local, un proxecto anunciado en 2021 por Alberto Núñez Feijóo e que segue sen avances concretos. Cajoto mostrou a súa decepción pola falta de planos e compromisos reais, aínda que a Consellería asegurou que o proxec-

to está aínda en fase de redacción e que facilitará ao Concello os mecanismos necesarios para expropiar os terreos situados entre o colexio do Cantel e o centro sanitario, xa cualificados como dotacionais. O 13 de xuño terá lugar unha visita técnica conxunta para avaliar a idoneidade das parcelas. O rexedor subliñou que non chega cunha ampliación mínima, xa que o edificio actual

presenta importantes deficiencias. Entre as demandas figuran melloras estruturais como a cuberta, accesibilidade nas saídas de emerxencia, instalación dun ascensor adaptado para padiolas, vestiarios adecuados, xerador eléctrico de apoio, espazo para ambulancias e persoal do 061 e catro novas consultas para evitar que os médicos teñan que compartir despachos.

A Escola de Música presenta ‘Eufonía’, un novo proxecto coral

A Escola de Música deu un paso adiante na súa aposta pola formación artística coa estrea oficial de ‘Eufonía’, un novo proxecto coral. A iniciativa, liderada polo director e docente Felipe Sánchez e coa colaboración do profesor Adán Domínguez, pretendía consolidarse como un espazo estable para o desenvolvemento coral no municipio. Con arredor de 20 integrantes, algúns procedentes da coral polifónica

local, ‘Eufonía’ xurdiu como resposta ao entusiasmo dos alumnos da Aula Coral, que desexaban continuar avanzando na práctica deste xénero. Sánchez destacou o impulso recibido tras un curso con Javier Fajardo, recoñecido director coral, que marcou un antes e un despois no grupo. A presentación do proxecto non foi un concerto convencional, senón que combinou poesía recitada e proxeccións visuais.



Concello de Foz

06.07.08.13.14.15
XUÑO 2025 FÓZ

IV CERTAME DE
TEATRO
AFECCIONADO

“JOSÉ LUIS LÓPEZ LORENZO - O POTO”

VENRES 6 XUÑO
20.30h | Casa da Cultura
«SEN FRORES NIN COROAS»
Asociación 57 Palabras (Viveiro)

SÁBADO 7 XUÑO
18.30h | Casa da Cultura
«SEGREDOS DE FAMILIA E LICOR CAFÉ»
Martabelas Compañía de Teatro (Teo-Coruña)

DOMINGO 8 XUÑO
18.30h | Casa da Cultura
«CARTAS DA MULLER AUSENTE»
Ditiramba Teatro (Coruña)

SÁBADO 28 XUÑO
18.30h | Casa da Cultura

VENRES 13 XUÑO
20.30h | Casa da Cultura
«PAREJA ABIERTA»
Nimú de Lui (Teruel)

SÁBADO 14 XUÑO
18.30h | Casa da Cultura
«EL LEGADO»
Asoc. Teatral El Telón Negro (Madrid)

DOMINGO 15 XUÑO
18.30h | Casa da Cultura
«ÁS MÁSCARAS DE IBÁÑEZ. O MARQUÉS DE SARGADELOS QUE NUNCA FOI»
Avelaiña Teatro (Pontevedra)

GALA DE ENTREGA DE PREMIOS
Acto presentado por Isabel Risco (Entrada gratuíta)

EN BREVE

CASTELAO. Ata o 13 de xuño, Ribadeo convértese nun dos epicentros da memoria histórica galega coa chegada da exposición itinerante Castelao e os irmáns da liberdade, unha proposta educativa e cultural que percorre os centros de ensino do municipio e culmina con dúas proxeccións audiovisuais na Casa do Concello. A mostra está composta por 14 paneis de grandes dimensións —85 x 200 cm— que permiten facer un percorrido cronolóxico pola vida, obra e loita política de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. As fotografías que a acompañan son obra de José Luis Abalo e completan unha proposta pensada para emocionar, educar e fomentar o pensamento crítico.

TAI CHI. O pavillón municipal da rúa Alfredo Deaño acollerá os vindeiros días 14 e 15 de xuño un curso intensivo de Tai Chi a cargo do recoñecido mestre Liming Yue, figura internacional de referencia nesta disciplina ancestral chinesa. O curso celebrarase no pavillón da rúa Alfredo Deaño e está aberto a persoas de distintos niveis. Para obter máis información ou formalizar a inscrición, as persoas interesadas poden contactar co número de teléfono 636 39 93 95.

SAÚDE. O Concello pon en marcha un ciclo de cursos sobre saúde e benestar, que se desenvolverán ata outubro co apoio da asociación Afammer Lugo. O 10 de xuño abordarase a detección e prevención de condutas aditivas en menores. Xa en setembro, o día 22, trátaranse os trastornos na adolescencia e a prevención do suicidio, e o ciclo pecharase o 13 de outubro cun curso sobre resolución de conflitos, orientado a mellorar a convivencia tanto no ámbito familiar como social. As persoas interesadas poden anotarse de maneira presencial no Concello de Ribadeo ou chamando ao teléfono 982 128 650.

GASTROPRAZA. A Praza de Abastos converterase ata o 19 de xullo nun centro de dinamización gastronómica e educativa coa posta en marcha de Gastropraza, unha iniciativa que busca revitalizar este espazo comercial tradicional e reivindicar o valor dos produtos locais e da economía de proximidade. O 14 de xuño será a quenda das conservas artesás, mentres que o 28 de xuño a cociña vegana tomará o protagonismo. Xa no mes de xullo, o día 5, abordaranse as raíces da cociña indiana e o 16 de xullo celebrarase unha sesión centrada na nutrición e saúde alimentaria, da man do especialista Noel Pinín.

A Ponte de Arante prepárase para vivir unha nova edición da tradicional festa das Cruces

A parroquia da Ponte de Arante xa conta as horas para acoller unha nova edición da emblemática Festa das Cruces, unha celebración con fondas raíces relixiosas e populares que en 2025 chega cargada de actividades e que está recoñecida como Festa de Interese Turístico Galego.

Os actos darán comezo o 7 de xuño cun pregón a cargo do reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López Díaz, ás 20:00 horas. A continuación, o cantautor galego Emilio Rúa porá a nota musical á primeira xornada cun concerto aberto ao público.

O domingo 8 de xuño será a xornada grande. Ás 12:00 celebrárase a tradicional bendición dos campos, seguida da procesión, o bandeo do pendón e a reverencia das cruces, nun acto ambientado pola música do Cuarteto Illa Pancha e culminado cunha misa solemne.

O día continuará coa sesión vermú ás 14:00 horas, a cargo do Grupo D'Cano no seu "Impulso Tour 2025". Ás 15:00 terá lugar a V Comida Romaxe das Cruces. O menú ten un



prezo de 30 euros para adultos, sendo de balde para nenos menores de 10 anos. As reservas poden facerse a través dos teléfonos indicados no cartel.

Pola tarde, ás 18:00 horas, o público poderá gozar dunha representación da tradicional batalla histórica a cargo dos Recreadores de Galicia. A festa rematará cun novo pase do Grupo D'Cano e, como prato forte, o concerto da coñecida cantante Lucía Pérez ás 20:00 horas.

Luz verde para a mellora da estrada da costa



A Xunta de Galicia vén de dar luz verde, no Consello celebrado onte, ao investimento de máis de 360.000 euros destinado a completar a mellora da estrada da costa no termo municipal de Ribadeo. Trátase dunha actuación centrada na circunvalación de Rinlo e no acceso ás praias do municipio, que se materializará nun convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello. O alcalde de Ribadeo, Dani Vega, sinalou que se "trata dunha vía de comunicación fundamental, non só para facilitar a mobilidade coa veciñanza de Barreiros, senón tamén para garantir un acceso axeitado aos nosos recursos naturais máis valiosos", subliñou. O rexedor incidiu en que a intervención permitirá

corrixir "problemas graves de circulación en Rinlo, onde o tráfico rodado leva anos causando molestias importantes".

Segundo explicou, a achega autonómica cubrirá o 80 % do orzamento previsto, mentres que o 20 % restante será asumido polo Concello de Ribadeo. "É unha infraestrutura clave para o turismo de calidade que queremos construír: un turismo ordenado, sustentable e que conte con boas vías de acceso", insistiu Vega.

O alcalde recordou que esta actuación dá continuidade ao tramo xa mellorado entre Vilaselán e Rinlo, que foi financiado cun investimento de 370.000 euros procedente do Plan Único da Deputación.

O BNG critica a xestión do goberno local e logra avances desde a oposición



O grupo municipal do BNG de Ribadeo vén de lanzar duras críticas contra o goberno local do PP pola súa decisión de externalizar o pintado das rúas do municipio. A formación lembra que no ano 2022 o Concello adquiriu unha máquina propia para realizar este tipo de traballos, cun investimento de 8.000 euros. "Foi presentado como un avance na mellora da seguridade viaria e da eficiencia dos servizos municipais", apuntan. Por iso consideran "incomprensible" que agora se recorra á contratación dunha empresa privada. "Preguntámonos ata onde chegan as ganas de privatizar deste goberno. Canto diñeiro público poderíamos ter aforrado?", expresaron.

ATAQUES AO PÚBLICO. Os nacionalistas alertan de que esta decisión non é un feito illado, senón parte dunha estratexia sistemática de desmantelamento dos medios propios do Concello. "É un modelo de xestión que non aposta polo público e que compromete a autonomía e a eficiencia da administración local", advirten. Por iso esixen explicacións públicas ao alcalde e reclaman transparencia sobre o custe real da contratación e os motivos que levaron a tomar esta decisión.

PATRIMONIO EN XOGO. Outro dos asuntos que centraron a actividade do BNG foi a solicitude de acceso aos informes de Patrimonio e do Xacobeo sobre os solares números 1 e 3 da rúa Deputación, tras o anuncio do alcalde sobre novas intervencións na zona. Pablo Vizoso advertiu que, se non existe un novo ditame que modifique o anterior, Vega podería estar actuando fóra das súas competencias. "Xa tivemos episodios similares, como a instalación de mástiles sen autorización. Parece que non aprende", afirmou o edil nacionalista. Desde o BNG

reclaman rigor, legalidade e respecto polo patrimonio histórico do municipio.

PROPOSTAS APROBADAS. Malia estar na oposición, a formación nacionalista conseguiu sacar adiante dúas mocións no último pleno, ambas aprobadas por unanimidade. A primeira insta ao bispado de Mondoñedo-Ferrol a acometer obras de conservación na capela da Atalaia, e a segunda propón relanzar unha campaña de concienciación sobre a recollida de excrementos de animais. "Estas campañas non son unha frivolidade: son claves para mellorar a convivencia e o coidado do espazo público", indicaron. Tamén foron atendidos varios rogos da formación, como o arranxo da pista entre Fornos e Lagoas, e a revisión dun muro con fendas na Atalaia.

INFRAESTRUTURAS RURAIS. O BNG tamén puxo o foco sobre o lamentable estado de varias pistas municipais en Remourelle, especialmente nas zonas afectadas polo paso de maquinaria pesada. Segundo denuncian, o tránsito constante de vehículos de gran tonelaxe provocou fochancas de ata medio metro de profundidade, facendo estes camiños case intransitables. "É responsabilidade do goberno local actuar con dilixencia", sinalou Vizoso, quen anunciou que presentarán un novo rogo no pleno de maio para esixir solucións urxentes.

COMPROMISO. "Somos oposición, si, pero tamén temos propostas e ideas. E hoxe demostramos que, con vontade política, é posible avanzar na defensa do patrimonio, na mellora dos servizos e na escoita activa das demandas veciñais", concluíron desde o BNG, reafirmando o seu compromiso coa veciñanza e cun modelo de xestión pública, transparente e participativa.

Por Nuestro Faro denuncia a opacidade sobre a Illa Pancha

A asociación veciñal Por Nuestro Faro vén de presentar queixas formais diante da Valedora do Pobo de Galicia e da Comisión de Transparencia para esixir respostas sobre o futuro da Illa Pancha, en Ribadeo. A entidade reclama que se respecte o dereito á información da cidadanía e se aclare se a concesión privada do illote, vixente ata o 30 de xuño de 2025, será prorrogada sen ter en conta o necesario Estudo de Impacto Ambiental.

En marzo, a asociación solicitou á Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao información sobre dúas cuestións concretas: se existe unha solicitude de prórroga da concesión e se se esixirá o preceptivo informe ambiental. Ao non obter resposta, decidiron acudir aos organismos garantes da transparencia institucional. Ao abeiro da Lei 19/2013, pediron á Valedora que abra un expediente e presentaron unha denuncia ante a Comisión de



Transparencia de Galicia.

Desde Por Nuestro Faro insisten na importancia ambiental da Illa Pancha, situada nun espazo protexido pola Rede Natura 2000, e lembran que tanto Portos coma a Consellería de Medio Ambiente recoñeceron no seu momento a necesidade de avaliar os impactos da actividade. Consideran que as autoridades deberían esixir un estudo ambiental e incluso valorar a suspensión da concesión por “in-

cumprimentos reiterados da lexislación ambiental”.

Critican tamén a falta de información por parte do Concello de Ribadeo. “Resulta desconcertante que non se transmita nada á veciñanza sobre un lugar tan simbólico e valioso como é a Illa Pancha”, denuncian. Tras dez anos de reclamacións, acusan ao alcalde de manterse evasivo e reafirman o seu compromiso coa defensa da legalidade e da transparencia.

O X Ribadeo Indiano rende homenaxe a Ramón González, un símbolo da filantropía local

O Ribadeo Indiano alcanza neste 2025 a súa décima edición, e fai no cunha dedicatoria especial: o evento xirará arredor da figura de Ramón González, un dos indianos máis lembrados e xenerosos da vila, no ano no que se cumpren cen anos do seu falecemento.

O alcalde, Dani Vega, sinalou que “o Ribadeo Indiano é moito máis ca unha festa: é unha reivindicación da nosa identidade, do noso pasado e da pegada que deixaron aqueles que un día partiron e logo regresaron con ganas de contribuír ao ben común”. Nesta ocasión, explicou, a escolla de González como figura central busca render tributo “a quen, logo de facer fortuna en Arxentina, dedicou boa parte da súa vida e dos seus recursos a mellorar Ribadeo”.

Natural da vila, Ramón González estudou Náutica e Comercio antes de emigrar a América. Alí comezou

como empregado, logrou ascender profesionalmente e fundar a súa propia empresa. Tras máis de vinte anos en terras arxentinas, retornou a Ribadeo convertido nun filántropo convencido. Entre outras achegas, presidiu a Sociedade La Concordia, formou parte do Ateneo ribadense, impulsou as festas locais, colaborou na construción do Teatro e financiou a praza de abastos. En 1922 foi nomeado fillo predilecto da vila, que lle organizou unha gran homenaxe xunto a La Concordia e o Ateneo.

Para Vega, “é unha figura á altura do que queremos celebrar nestes dez anos de historia indiana, cheos de memoria, arquitectura, cultura e compromiso co noso”. O rexedor tamén anunciou un dos pratos fortes do cartel: o concerto da lendaria orquestra cubana Los Van Van, que se celebrará o domingo 13 de xullo.

Malestar veciñal polo peche do aparcadoiro central para un evento gastronómico privado

O peche provisional do aparcadoiro da avenida Rosalía de Castro de Ribadeo, motivado pola celebración dunha competición de hamburguesas ata o 1 de xuño, xerou malestar entre parte da veciñanza. Critican que se trate do espazo de estacionamento máis céntrico da vila e que se reserve para un “evento privado” que, ao seu ver, apenas beneficia ao comercio local. Os afectados lamentan que a actividade estea impulsada por negocios hostaleiros alleos á zona, men-



tres os establecementos ribadenses “non notan repercusión económica” e os usuarios habituais do aparcadoiro “quedamos sen alternativa”. A polémica incrementouse ao saberse que recentemente se lle denegou á Comisión de Festas de Ribadeo a instalación dun bar no Parque Municipal, co que pretendían recadar fondos. Este agravio comparativo avivou o descontento, ao entenderse como un trato desigual entre iniciativas foráneas e proxectos locais.

O Concello solicita a Portos de Galicia actuacións urxentes

O Concello vén de trasladar a Portos de Galicia a necesidade de acometer melloras nas infraestruturas portuarias de Mirasol e Rinlo. O rexedor explicou que no encontro puxeron sobre a mesa diversas demandas para o porto de Mirasol, centradas especialmente na renovación do firme da zona máis vinculada á actividade comercial, unha área cun acceso restrinxido ao tráfico pero esencial para a circulación de camiós. Ademais, o Concello tamén propón actuar na mellora do acceso principal e

da iluminación, coa intención de avanzar cara a unha maior eficiencia enerxética.

No que respecta a Rinlo, Vega detallou que, aínda que o propio Concello levou a cabo traballos de aglomerado na contorna portuaria, agora solicita a Portos de Galicia a substitución do actual pavimento de adoquín, deteriorado polo uso e polas condicións climáticas. Esta intervención coincide coa retirada dos colectores soterrados, que están a provocar continuas avarías e custos elevados para o municipio.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en urallitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

Vinte anos tecendo pontes entre Ribadeo e Bretaña

Anxo Martíns é o presidente da Asociación Irmandade Ribadeo-Loctudy

Por Ana Somoza.
Coa chegada do verán, Ribadeo prepárase para unha nova viaxe que transcende o turismo convencional e afonda nos vencellos culturais que a unen con Loctudy, unha pequena vila mariñeira da Bretaña francesa. Desde a súa fundación, a Irmandade Ribadeo-Loctudy vén cultivando unha relación que medra co paso do tempo, alimentada por encontros anuais, actividades culturais e un fondo sentimento de fraternidade entre pobos que se recoñecen coma irmáns. “Foi a partir dunha invitación do Concello de Loctudy que todo comezou”, explica Anxo Martíns, presidente da Asociación Irmandade Ribadeo-Loctudy. Aquela primeira visita institucional, encabezada polo daquela alcalde Balbino Pérez Vacas, sentou as bases dunha relación que se formalizaría en 2006 coa sinatura da Carta de Irmandade durante a visita a Ribadeo dunha ampla delegación bretoa. Malia a oficialidade do acto, Martíns insiste en que o verdadeiro motor deste proxecto foi un grupo de persoas que cría na irmandade dos dous pobos atlánticos, o galego e o bretón.

“Fixemos a exposición ‘A Bretaña que hai en Nós’, axudamos ao barco Ribadeo na súa travesía e participamos nun taller de cociña galega en Loctudy”

“Philippe Le Goff foi unha figura clave”, recoñece. Este cidadán bretón, con vínculos fundamente enraizados na Mariña, fora xa impulsor doutros irmandamentos entre Viveiro, Foz e Mondoñedo con localidades bretoas. “Mais alén diso, hai unha afinidade histórica e cultural que nos une”, apunta Martíns. Lembra como os bretóns migraron a Galicia nos séculos V e VI, deixando pegada en topónimos como Bretoña. “Cunqueiro, Manuel María ou Castelao son só algúns dos escritores que aludiron a esa irmandade”, engade. Cando se lle pregunta polas

similitudes entre Ribadeo e Loctudy, Martíns enumera sen dubidar: “Ambas son vilas mariñeiras, con forte actividade pesqueira e turística, onde o mar forma parte da identidade colectiva”. Esa proximidade xeográfica e emocional serve de base para unha relación que non se limita a actos institucionais. “A irmandade dá vida ás dúas localidades”, asegura. “A xente pregúntanos, ten interese, mesmo os que non participan directamente”. A pegada de Ribadeo en Loctudy é visible. Alí hai unha rúa co nome da vila galega, un barco de pesca que leva o mesmo nome, e varios paneis informativos da irmandade. “Seguro que hai quen chega a Ribadeo despois de ver o seu nome en Loctudy por primeira vez”, comenta Martíns, satisfeito coa difusión

e actividades comunitarias. “En 2018 fixemos unha excursión ‘Seguindo os pasos de Castelao’, visitando os cruceiros que el estudou na Bretaña”, lembra. Tamén mencionan visitas ás cidades de Quimper e Locronan, ou a prevista para este ano á Costa de Granito Rosa e a Lorient. Porén, máis alén das visitas culturais, o que fai singular esta irmandade é a convivencia. “Aloxámonos en familias, e iso crea vínculos reais, duradeiros. Hai amizades que naceron así e que seguen logo dos encontros”, sinala Martíns. Esa dimensión humana é a que dota de sentido fondo á iniciativa. A actividade da Asociación Irmandade Ribadeo-Loctudy non se limita ás viaxes. Entre outras iniciativas, organizaron a exposición “A Bretaña que hai en Nós: As cruces de pedra na Bre-



a creación do Miradoiro de Loctudy nas proximidades do Forte de San Damián. Hoxe en día, a Irmandade conta con máis de corenta membros, malia que non todos poden participar sempre das viaxes. A integración de novos membros é sinxela: “Abonda con contactar connosco, ben por correo irmandade.ribadeo@gmail.com, por teléfono 629 475 299 ou falando con calquera de nós”,

llana de Mar. Durante cinco días estaremos en Loctudy aloxados en familias e gozaremos dun programa de visitas que sabemos que están preparando con agarimo”, detalla Martíns. O horizonte próximo reserva unha data simbólica: o vindeiro ano cumprírase o vixésimo aniversario da Irmandade. “Celebrarase en Ribadeo e xa comezamos a pensar en novas iniciativas para conmemorar esa data. Queremos seguir medrando e ampliando a colaboración”, asegura o presidente. Cando se lle pide unha mensaxe para a cidadanía, Anxo Martíns non dubida: “Arredor desta irmandade creáronse lazos que nos enriquecen como persoas. Hai afectos que naceron destas viaxes e que seguen vivos. So-

“No porto deportivo de Loctudy, un barco leva o nome de Ribadeo, igual que unha das súas rúas principais e varios paneis informativos que fan referencia á Asociación”

mos un grupo aberto e acolledor. Se alguén sente interese, que se achegue, que pregunte, que participe. É unha experiencia que paga a pena vivir”. Nestes case vinte anos de percorrido, a Irmandade Ribadeo-Loctudy foi moito máis ca unha serie de actos protocolarios. Converteuse nun espazo de encontro, de afecto e de construción colectiva entre dous pobos que se recoñecen un no outro. E como diría Castelao, en quen tanto se inspiran: “Se aínda somos galegos, é por obra e graza da saudade”. Tamén, quizais, por obra e graza da irmandade.



que iso implica. O eixo principal da actividade da Irmandade son as viaxes anuais: un ano van eles a Bretaña e ao seguinte reciben aos bretóns en Ribadeo. “Cada dous anos tócanos a viaxe”, resume Martíns. Non se trata dunha viaxe calquera. O programa inclúe visitas culturais, percorridos pola contorna

taña de Castelao” e colaboraron no apoio loxístico ao barco Ribadeo na súa travesía inicial cara a Loctudy. Tamén participaron na organización dun obradoiro de cociña galega en Loctudy e preparan a presentación do libro “Brezhoneg: a lingua celta da Bretaña” en Ribadeo. Ademais, promoveron xunto ao Concello

explica Martíns, que insiste en que son un grupo aberto e acolledor. En canto aos plans de futuro, o máis inmediato é a viaxe deste verán á Bretaña, do 1 ao 9 de xullo. “A viaxe de ida levaranos a visitar Mutriku e La Roche-Bernard, e na volta pasaremos por La Rochelle, Ondarribia e Santi-

I.E.S. Plurilingüe San Rosendo



FORMACIÓN PROFESIONAL



FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

AGROXARDINERÍA E COMPOSICIÓNS FLORAIS
"O teu inicio profesional con nós"



CICLO MEDIO

APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL

Ofertamos 22 prazas na Modalidade Dual Intensiva (con prácticas remuneradas dende o primeiro ano nas mellores empresas)



NOVO CICLO NAS NOSAS INSTALACIÓNS DA FINCA "A GRANXA"



CICLO MEDIO

XARDINERÍA E FLORARÍA EN MODALIDADE ORDINARIA

Aumenta as túas posibilidades de futuro
FORMATE!!!



CICLO SUPERIOR

XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL



CICLO SUPERIOR

PAISAXISMO E MEDIO RURAL

Oferta modular semipresencial:

- Conservación de xardíns e céspedes deportivos
- Xestión e organización do viveiro
- Deseño de xardíns e restauración da paisaxe
- Planificación de cultivos
- Xestión de cultivos

OUTRAS ENSINANZAS



Matricúlate aberta

Diseña tu curso

THAT'S ENGLISH!

Curso oficial de inglés a distancia



PLURIBAC

POSIBILIDADE DE CURSAR 1º E 2º DE BAC



RADIO "O SON DA PAULA"

CON PODCAST ORIXINAIS CREADOS POLA NOSA COMUNIDADE EDUCATIVA



PARTICIPACIÓN NOS PROGRAMAS

- Proxecta
- Educación Responsable (centro graduado)
- Aulas de emprendemento
- Lanzadeiras (miniempresas)
- Polos Creativos
- EDIXGAL
- PLAMBE

EN BREVE

VIVEIRO. A localidade de Viveiro vivirá os vindeiros días 27 e 28 de xuño unha nova edición das Festas en honra a San Pedro, organizadas pola Comisión de Festas da parroquia coa colaboración de entidades locais e empresas da contorna. O venres 27 comezará a celebración cunha gran churrascada a partir das 20:30, seguida dunha verbena a cargo do grupo Fénix e o Dúo Dilema. Durante a xornada haberá tamén lanchas gratuitas para o goce dos máis pequenos. O sábado 28 será o día grande. Ás 13:00 celebrárase a misa solemne e posterior procesión, tras a cal dará comezo a sesión vermú con música en directo do grupo M3 e o Dúo D'Cache Music. Á hora do xantar terá lugar unha comida popular con empanada, lagostinos, lacón asado, sobremesa, café e chupo, servida por Seiramar Cátering. Para asistir, é necesario inscribirse antes do 22 de xuño. A festa continuará pola tarde co baile amenizado polo Dúo D'Cache Music, e pola noite retomarase a verbena con M3 Show e o Grupo Arizona, que poñerán o broche final a unha fin de semana de celebracións.

COVAS. A parroquia de Covas ten todo listo para as tradicionais festas en honra a San Xoán Bautista, que este ano se prolongarán do 23 ao 26 de xuño. O domingo 23, a cita arrinca coa gran verbena das orquestras Los Españoles e Los Satélites, rematando coa clásica luma-rada de San Xoán ás doce da noite. O luns 24, haberá pasarrúas dende as 11:00 horas coa Escola de Gaitas "Cacharela de Covas" e a actuación da Banda da Misericordia na misa solemne e procesión. O programa inclúe tamén música en directo co grupo Salsarena e o espectáculo de Fania Blanco Show. O martes 25, a música tradicional volverá ser protagonista cos grupos Non Cho Digo e novamente a escola de gaitas local. Ás 14:00 celebrárase unha sesión vermú coa orquestra Miramar, que repetirá pola noite tras a gran sardiñada popular no Campo da Pascua. As festas pecharanse o xoves 26 co tradicional Día do Neno, con atraccións e xogos pensados para os máis pequenos.

COMPOSTAXE. O Concello mantén aberta a campaña de compostaxe doméstica, unha iniciativa que busca promover un tratamento sostible dos residuos orgánicos nos fogares do municipio. A veciñanza pode solicitar de xeito gratuito un composteiro escribindo ao correo viveirosustentable@mediagesgm.com ou chamando ao 675 507 832. Os composteiros serán entregados directamente nas vivendas, facilitando a súa posta en marcha.

Nace na Mariña a banda feminina 'Sen límites', con versións de pop

A escena musical da Mariña suma unha nova proposta con nome propio: Sen límites, unha banda formada integramente por mulleres que aposta por versionar temas de pop recoñecido cunha estética fresca e un son propio. A súa posta de longo será o vindeiro 11 de xuño no concerto de instrumentos da aula de adultos Conservatorio de Viveiro, onde ofrecerán o seu primeiro concerto ante o público. As seis integrantes de Sen límites coñecéronse na Aula de Adultos do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, e decidiron dar o salto da formación académica ao escenario compartido. O grupo está composto por María Pérez Santaballa á batería, Natalia Pena Blanco ao baixo, María Jesús Pérez Paleo e Milagros Herrero López na percusión e voz, María Rolle Insua ao teclado e Ángela Requejo Fernández, que asume a voz principal e tamén toca a guitarra. Con estilos e traxectorias diversas, as compoñentes coinciden nunha



paixón común pola música e nunha clara intención de romper barreiras. "Somos mulleres adultas con ganas de expresarnos a través da música e de amosar que a creatividade non entende de idade", din. O nome da banda, Sen límites, quere precisamente reflectir esa filosofía aberta e sen fronteiras. Entre o repertorio que están a preparar destacan versións de

cancións do panorama pop en castelán, con especial predilección por temas que deixaron pegada. Un dos seus favoritos é "Moriría por vos", de Amaral, que interpretan con personalidade propia. O concerto do 11 de xuño será a súa carta de presentación e supón un primeiro paso dun proxecto que aspira a consolidarse na comarca.

A vila contará con dúas novas pistas de pickleball

O Espazo Xove de Viveiro amplíase cunha nova proposta deportiva: a creación de dúas pistas de pickleball, un deporte emerxente que mestura trazos do tenis, pádel, bádminton e tenis de mesa. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude será a encargada de acometer esta actuación, cun orzamento estimado de 25.000 euros.

As pistas adaptaranse ás medidas regulamentarias do pickleball, cunha lonxitude de algo máis de 13 metros e unha anchura de 6,10 metros nos partidos de dobres. Trátase dun deporte ideal para todas as idades, que se xoga con raquetas lixeiras e pelotas perforadas, e que ten experimentado un gran crecemento nos últimos anos. O proxecto tamén tivo en conta a situación do recinto, situado entre o antigo convento de San Francisco e unha zona residencial. Neste sentido, dende a Xunta destacan que se evitarán impactos visuais sobre o patrimonio e molestias ao vecindario, escollendo unha modalidade que se adapta perfectamente ao contorno.

Luz verde á expropiación das parcelas da Xunqueira

O Concello de Viveiro vén de poñer en marcha o proceso de expropiación das parcelas necesarias para executar as obras de canalización e prevención de inundacións no tramo do río Fontecova, situado na zona da Xunqueira. O anuncio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do 29 de maio, e inclúe a expropiación de tres inmobles en estado ruinoso cun valor conxunto estimado en 37.393,05 euros. Os bens afectados sitúanse no Camiño da Fonte e na avenida da Xunqueira. O primeiro, no número 120, conta cunha superficie de 81 metros cadrados e unha valoración de 16.944,47 euros. O segundo, no número 119 do mesmo camiño, mide 28,57 metros cadrados e está valorado en 6.046,57 euros. O terceiro localízase na avenida da Xunqueira número 2, con 118,5 metros cadrados e unha estimación económica de 14.402,01 euros. A intervención, cun orzamento global próximo aos 600.000 euros, realízase a través dun convenio entre o Concello de Viveiro, Augas de Galicia e a Deputación de Lugo. Esta actuación é considerada estratéxica para a protección da zona urbana fronte ás enchentes que se

producen de forma recorrente. Con todo, o avance administrativo vén acompañado dunha forte controversia política. A alcaldesa, Mariña Gueimunde (PP), acusou ao anterior executivo local, formado por PSOE e BNG, de ter deixado o expediente paralizado desde novembro de 2023. Segundo afirmou, o seu goberno foi quen de desbloquear a situación "en apenas dous meses", despois de detectar que un requirimento de Augas de Galicia non fora atendido. "A ausencia total de resposta institucional é inadmisíble. Esta deixadez estaba freando un proxecto esencial", sinalou. A exalcaldesa María Loureiro (PSOE) rexeitou as acusacións e explicou que non existiu ningunha paralización intencionada, senón un erro interno no rexistro do documento, que desviou o requirimento a outros departamentos sen que chegase á Alcaldía nin á Secretaría. A socialista asegurou que se trata dunha "polémica artificial" fabricada polo PP, e lembrou que Augas de Galicia non reiterou o contacto ata despois do cambio de goberno. Desde o PSdeG tamén se responsabiliza á Xunta de Galicia polos atrasos acumulados.

O BNG acusa ao goberno local de abandono, recortes e falta de diálogo institucional

O Bloque Nacionalista Galego vén de cargar duramente contra a xestión do actual goberno municipal, ao que acusa de desatender os servizos públicos, recortar equipamentos nas parroquias e dificultar a participación democrática.

Un dos principais focos de crítica é o estado do paseo fluvial do Landro, entre Viveiro e Portochao, cunha pasarela deteriorada, vexetación sen controlar e ocos perigosos no firme. A portavoz do BNG, Míriam Bermúdez, sinala a "total inacción" do executivo e lembra que, no anterior mandato, investíronse máis de 23.000 euros no mantemento deste espazo. Tamén denuncia a falta de seguimento por parte do goberno local ante o compromiso de Costas de renovar a pasarela en 2025. O Bloque denuncia tamén a eliminación do parque infantil de Portochao, na parroquia de Galdo. Bermúdez considera esta decisión unha mostra do "desinterese polo benestar da veciñanza" e critica a ausencia de alternativas para as crianzas da zona. "Recortan onde hai que investir, e fan desaparecer servizos esenciais como se fosen un estorbo", lamenta. En paralelo, o BNG solicitou a crea-



ción dunha comisión para revisar a ordenanza do taxi, vixente desde 2016, por considerala desfasada. A formación reclama medidas urxentes para garantir a dispoñibilidade do servizo as 24 horas, incluídas as parroquias e os horarios nocturnos, así como a reorganización das paradas inoperativas ou mal situadas. Por último, os nacionalistas denuncian o que consideran un "intento deliberado de silenciar á oposición" coa convocatoria dun pleno extraordinario ás 9:00 da mañá sen previo acordo, fóra do horario habitual pactado entre os grupos. "Non é democracia impoñer datas sen diálogo nin facilitar a participación", advirten.

O Concello prevé un orzamento de ata 15 millóns para o 2025

Dous meses despois de acceder á Alcaldía tras unha moción de censura, Mariña Gueimunde (PP) e o tenente de alcaldesa Martín Vale fixeron balance da súa xestión e avanzaron liñas clave do orzamento de 2025, estimado entre 14,5 e 15 millóns de euros. Denuncian unha "herdanza" do anterior executivo do PSOE e BNG, con máis de 900.000 euros en facturas pendentes, subvencións sen cobrar e gastos sen cobertura legal. Tamén revelaron unha sanción de 2.700 euros por instalar unha carpa no Entroido sen os permisos necesarios, que atribúen á inacción do anterior goberno.

O novo equipo traballa na reactivación da Praza de Abastos, o paseo marítimo no peirao de Celeiro, o impulso do PXOM, a expropiación na Xunqueira e a mellora do abastecemento entre Landrove e Magazos. Anuncian tamén unha nova empresa enerxética e a adxudicación de obras no colexio de Galdo. Ademais, priorizan a orde nos espazos



municipais e avanza encontros con colectivos para mellorar a planificación das axudas a partir de 2026.

A nivel institucional, Gueimunde lamenta non ter sido recibida polo presidente da Xunta, nin polo delegado do Goberno nin polo da Deputación, e insta a este último a aclarar o destino dun millón de euros prometido antes da moción.

O PSdeG, pola súa banda, respondeu con dureza, cualificando as críticas de "escusas" para tapar a falta de xestión do novo goberno. A voceira María Loureiro lembrou

que moitos proxectos en marcha foron iniciados polo anterior executivo e acusou ao PP de deixar no pasado unha débeda millonaria e múltiples sancións urbanísticas. Rexeitou a responsabilidade na multa do Entroido, alegando que sempre houbo diálogo con Costas e que se barallaron outras ubicacións. Tamén denunciou a falta de diálogo actual sobre os orzamentos, que o PP rexeitaba cando estaba na oposición. Concluíu que non aceptarán leccións de quen causou os maiores danos económicos ao Concello.

María Loureiro reivindica a planificación socialista detrás da obra de Celeiro



O PSdeG de Viveiro reivindicou a autoría da reforma integral da rúa do Porto de Celeiro, unha obra xa na súa fase final e concibida durante o mandato de María Loureiro. A formación destaca que o proxecto reflicte un modelo de xestión útil e con visión de futuro, centrado en mellorar unha zona estratéxica sen perder a súa identidade mariñeira. A actuación inclúe renovacións nas redes de servizos, alumeadado, beirarrúas, calzadas, estacionamento e mobiliario urbano. Cun orzamento de 680.704 euros, foi financiada

nun 80 % pola Deputación de Lugo grazas a un convenio do anterior goberno socialista. Loureiro subliñou que a intervención resolve problemas históricos como o deficiente subministro de auga e destacou a planificación seria e realista do proxecto. O PSdeG defende que esta obra é exemplo de como xestionar os recursos públicos con responsabilidade, impacto social e foco no benestar da veciñanza. "A política útil é isto", concluíu a voceira socialista.

O Conservatorio dá comezo ao seu ciclo de concertos de fin de curso

O Conservatorio Profesional de Música de Viveiro abriu o seu ciclo de concertos de fin de curso cunha actuación da súa banda no salón de actos do centro. Con este evento, arrinca unha intensa programación que se estenderá até o 20 de xuño e na que participará o conxunto do alumnado.

Ao longo das próximas semanas, Viveiro acollerá actuacións de gaita, guitarra, piano, coro, grupos

eléctricos ou saxofón, entre outros, en espazos como o salón de actos do conservatorio, a Igrexa das Concepcionistas, os Xardíns Noriega Varela ou mesmo as rúas da vila.

O 7 de xuño actuará o Coro do Conservatorio na igrexa das Concepcionistas ás 20:30 h. O 10 de xuño será a quenda do saxofón no salón de actos ás 17:30 h. O 11 de xuño, os instrumentos de adultos soarán

no salón de actos ás 19:30 h. O 13 de xuño terá lugar a actuación de corda frotada no salón de actos ás 18:30 h. O 17 de xuño haberá dúas actuacións: saxofón na aula 29 ás 18:30 h e vento metal no salón de actos á mesma hora. O 19 de xuño será o concerto de clarinete no salón de actos ás 17:30 h. Por último, o 20 de xuño celebrarase "Los Jueves", o festival de fin de curso do CEIP Lois Tobío.

Lembran a importancia de ter en regra as terrazas de verán

O Concello diniciou un chamamento ao sector hostaleiro para lembrar a importancia de ter actualizadas as autorizacións de ocupación da vía pública con terrazas e cumprir cos pagos correspondentes. Os trámites poden facerse presencialmente ou a través da sede electrónica municipal. O goberno local subliña que regularizar as terrazas non é só unha cuestión administrativa, senón fundamental para mellorar a imaxe urbana, garantir a convivencia

cidadá e favorecer o atractivo turístico da vila. Para obter ou renovar o permiso, os locais deben presentar documentación como a licenza de funcionamento, un plano detallado da terraza e a póliza de seguro obrigatoria. O Concello ofrece asesoramento a través do Departamento de Urbanismo e da web municipal. Desde o executivo insisten en que a colaboración do sector hostaleiro é esencial para a dinamización económica.

Particular vende BMW F850GS Rallye



- Só 4200km.
- Entrégase con pantalla Givi e a pantalla orixinal
- Equipada con baúl Givi de 52 litros, con espazo para 2 Cascos
- Paquete Confort
- Paquete Dinámico
- Paquete Activo

Interesados: **661 464 323**

13.000€

REMATE X PRESS
Liquidaciones Warehouse

LIQUIDACIONES

amazon
TEMU
AliExpress
SHEIN

PAQUETES SORPRESA

RÚA PLÁCIDO PEÑA, 30. 27800 VILALBA, LUGO
645 347 848 - WWW.REMATEXPRESS.ES

O PP de Burela pide cambiar a ordenanza de terrazas por “inxusta”



O Grupo Municipal do Partido Popular de Burela levará ao próximo pleno unha proposta para corrixir a situación que cualifican de “inxustiza legal” derivada da nova ordenanza de terrazas, en vigor desde o primeiro trimestre de 2024. Segundo denuncian, moitos locais hostaleiros quedaron “sen cobertura legal efectiva” ao non teren conseguido adaptarse ás novas esixencias, o que os sitúa en situación de irregularidade e con risco de sancións. O PP lembra que ata entón non existía unha normativa específica municipal e critica que o prazo dun ano para adaptarse resultou insuficiente. O voceiro popular, Manuel Rouco, acusa ao goberno local de “pasividade” e de xestio-

nar a transición con “improvisación”, o que podería levar a consecuencias económicas negativas para negocios “que contribúen á economía e vida social de Burela”. A formación considera que multar aos establecementos sería “inxusto e contraproducente” e pide restablecer a seguridade xurídica para os hostaleiros. A súa proposta ofrece, segundo din, unha solución “sensata e urxente” para apoiar os emprendedores e autónomos locais. Desde o PP instan ao goberno bipartito da alcaldesa López Moreno a actuar con responsabilidade e a reformular unha normativa que, aseguran, está a xerar máis problemas que solucións no sector hostaleiro do municipio.

Unhas festas marcadas pola dor

A procesión marítima e as alfombras florais convertéronse en homenaxes improvisadas á moza falecida, usuaria da Fundación Eu Son

As festas patronais volveron reunir a milleiros de persoas nas rúas da vila, enchendo cada recuncho de música, tradición e ledicia. Porén, este ano, a celebración chegou tinguida de loito polo trágico atopado múltiple que se cobrou a vida dunha moza e deixou sete persoas feridas, entre elas varias en estado grave. O suceso, ocorrido en pleno centro urbano durante os actos festivos, conmocionou a toda a comunidade e marcou con fonda tristura unhas festas que sempre se caracterizan pola súa vitalidade. Un dos actos máis agardados, a tradicional procesión marítima, adquiriu este ano un ton especialmente emotivo. Tras a misa de campaña celebrada ao mediodía nunha ateigada nave de redes, as embarcacións non navegaron até o faro, como é habitual, senón que fixeron rumbo cara a costa de Nois, parroquia do concello de Foz onde residía a moza falecida. As flores que decoraban a embarcación que portaba á Virxe foron parte da homenaxe: un dos ramos foi entregado á Fundación Eu Son, da que era usuaria a moza, para ser depositado no tanatorio. Un xesto que emocionou profundamente aos fa-



miliares e compañeiros da entidade. Tamén as alfombras florais, outro dos elementos máis recoñecibles destas festas, se converteron en mensaxes de apoio e recordo. Nos seus deseños incorporáronse crespóns negros en diversos tramos como mostra de dor compartida. Entidades, asociacións e cidadanía implicáronse para transformar a arte efémera destas composicións nun símbolo de solidariedade. Durante a procesión nocturna de

baixada das imaxes da Virxe do Carme e de San Xoán Bautista ata o porto, os porteadores e os estandartes luciron tamén crespóns negros. Ademais, gardáronse varios minutos de silencio antes de cada acto oficial en sinal de respecto polas vítimas. A traxedia encheu de pesar unha vila que, aínda entre a música e o ambiente festivo, soubo deter o tempo para lembrar, acompañar e honrar a quen non puido continuar celebrando.

Osa do Mar traerá máis de vinte artistas á Mariña este setembro

A localidade volverá ser protagonista da axenda cultural galega coa celebración dunha nova edición do festival Osa do Mar, que terá lugar os días 5, 6 e 7 de setembro de 2025. O evento, que se vén consolidando como unha das citas imprescindibles do verán, reunirá este ano a máis de vinte artistas que ofrecerán concertos gratuítos en distintos espazos da vila. O cartel desta edición destaca pola súa diversidade e pola presenza de nomes con traxectoria recoñecida como Baiuca, referente da fusión entre tradición galega e electrónica, ou Las Ninyas del Corro, dúo de rap con fortes letras e presenza escénica. Tamén estarán bandas e artistas como Marlena, Mujeres, Galician Army, Barry B, Siloé, Yoly Saa ou Repion, xunto con propostas novas como Carabela, Querido, Puño Dragón ou Tomás Porteiro, que reflicten o dinamismo da escena musical actual. O festival conta con actividades paralelas, postos gastronómicos, zonas de encontro e espazos para o desfrute familiar, o evento busca conectar



xeracións e públicos diversos arredor dunha programación de calidade. CAMISETAS. A organización do festival decidiu este ano homenaxear á SD Burela cunha peza moi especial: unha camiseta conmemorativa inspirada no espírito e nas cores do club. Esta colaboración nace co obxectivo de recoñecer a traxectoria e o arraigo da SD Burela no tecido social e

deportivo da vila. A nova camiseta, deseñada para a edición 2025 do festival, representa un símbolo de unión entre a cultura musical e o deporte local. Así, os encargados de amosar ao público a nova camiseta foron o futbolista Adri Kun, un dos xogadores máis recoñecidos da SD Burela, e o incombustible Honorato, figura mítica vencellada á historia do club.

Creatividade e compromiso social brillan no certame literario



O Concello converteuse nun espazo para a diversidade, a creatividade e o compromiso social coa celebración do acto de entrega dos premios do XI Concurso “21 de marzo: Día Internacional para a Eliminación da Discriminación Racial”. Na categoría infantil, o primeiro premio fora para Yara Diouf Duarte, co pseudónimo “Yadidu”, mentres que o segundo recaera en Soelí Naína Ca-

pillo Gala, como “Iem CG”. O accésit outorgáraselle a Leo Fraga Río, baixo o nome de “Burelao”. Na categoría de adultos, o primeiro galardón fora para Shiva Eliska Alinda Nurhakim, que asinara como “Natasha”, mentres que o segundo premio fora para José López Losada, como “XOLO”. O accésit nesta categoría correspondeu a Estela Torres Narciso, co pseudónimo “Stella”.

Camiñar ao colexio consolídase como rutina entre a cativada

A iniciativa “Eu, a pé ao cole”, posta en marcha polo Concello, continúa gañando forza como alternativa sostible e saudable para os desprazamentos escolares. A campaña, que se iniciou no mes de abril, consiste en acompañar cada mércores o alumnado dos centros educativos da vila nun percorrido a pé, guiados por monitoras da asociación Gaia.

O obxectivo principal é recuperar o costume de camiñar cara aos colexios, promovendo a saúde física e mental da rapazada e reducindo ao mesmo tempo o tráfico rodado e a contaminación nas inmediacións dos centros escolares. Desde o Concello destacan que a resposta da cidadanía está a superar todas as expectativas: “A participación non para de medrar. Cada semana son máis os nenos e nenas que se suman a esta proposta”, sinalan.

A alcaldesa Carmela López celebrou o éxito da campaña e puxo en valor a implicación da comunidade educativa e das familias. “Estamos moi agradecidas pola acollida. Esta acción demostra que pequenos xestos co-



tiáns poden xerar grandes cambios nos hábitos da infancia e tamén no entorno urbano”, manifestou.

A iniciativa forma parte dun plan municipal máis amplo que busca fomentar a saúde pública, a educación en valores e a loita contra o sedentarismo entre a infancia e a adolescencia. A mobilidade sostible é un dos piares desa estratexia. “Queremos que camiñar ao colexio deixe de ser a excepción e pase a ser parte da rutina diaria en Burela. Desde o go-

verno local seguiremos apostando por esta liña de traballo”, indicou a rexedora.

A intención do goberno municipal é manter a campaña ao longo do curso escolar e avaliar a posibilidade de ampliar os días de acompañamento se a demanda segue aumentando. A veciñanza valora positivamente a presenza das monitoras, que non só ofrecen seguridade no traxecto, senón que tamén xeran espazos de socialización entre o alumnado.

A música e a danza tomarán Burela

O mes de xuño chega cargado de movemento e nostalxia a Burela grazas ás propostas da Academia de Danza Chassé, que prepara dúas citas para todos os públicos.

O primeiro gran evento será o domingo 8 de xuño, ás 18:00 horas na Casa da Cultura, coa estrea de Revive os 70, 80 e 90. O Musical, unha viaxe en clave de danza polos temas máis icónicos de tres décadas inesquecibles. O espectáculo promete

transportar ao público a través do tempo cunha posta en escena vibrante, coreografías moi coidadas e unha selección musical que fará cantar e bailar a toda a sala.

A segunda cita terá un marcado carácter familiar e festivo. O sábado 21 de xuño, tamén ás 18:00 horas, a Praza da Mariña acollerá o espectáculo Estamos no verán!, unha proposta musical pensada para nenos e nenas, pero que tamén conquistará aos

maiores coa súa alegría e dinamismo. En caso de choiva, a actividade trasladarase á Casa da Cultura para garantir que ninguén quede sen desfrutar da festa.

Con estas dúas propostas, a Academia Chassé consolida a súa presenza no panorama cultural de Burela, ofrecendo espectáculos de calidade que mesturan formación artística, entretemento e participación cidadá.

O Concello mellora o acceso da Vila do Medio ao Monte Castelo trala demanda veciñal



O Concello de Burela deu cozezo recentemente a unha actuación moi esperada pola veciñanza: a mellora do camiño de Pron, unha vía clave que conecta a zona da Vila do Medio coa estrada da Deputación que leva ao Monte Castelo. A intervención responde a unha petición reiterada dos habitantes da contorna, que alertaban desde hai tempo sobre os problemas de estreitamento e as dificultades para acceder con seguridade á estrada principal.

A actuación inclúe a construción dunha escollera que permitirá ampliar o ancho da calzada, o que mellorará notablemente a visibilidade e facilitará a circulación dos vehículos que se incorporan desde esta zona rural. A obra conta cun financiamento superior aos 40.000 euros a través do Plan de Mellora de Camiños Rurais da Xunta de Galicia. “Era unha actuación moi demandada, sobre todo polos veciños que usan este camiño para saír desde Vila do Medio. Os taponamentos na saída supoñían un risco real, por iso decidimos

intervir para garantir máis visibilidade e seguridade”, explicou Ramiro Fernández, concelleiro de obras.

O edil destacou que, malia tratarse dunha obra de dimensións reducidas, “ten un gran impacto no día a día da veciñanza”. Engadiu que os residentes da zona “agradecen que por fin se estea a dar resposta a unha necesidade que levaban anos transmitindo”.

A alcaldesa de Burela, Carmela López, tamén puxo en valor esta mellora, incidindo en que “as intervencións municipais deben servir para facer a vida máis sinxela ás persoas”. Segundo dixo, o obxectivo non é acumular proxectos sen rumbo, senón “escoitar á xente, coñecer os seus problemas reais e actuar con sentido”.

“Cada pequeno paso que damos para mellorar a accesibilidade, a seguridade e a comodidade da cidadanía é un avance colectivo. Este tipo de obras contribúen a construír unha Burela máis amable e máis adaptada ás necesidades do seu pobo”, concluíu a rexedora.

nahrin

Productos naturales de calidad suiza desde 1954 

- * Línea exclusiva para tratar el dolor con alta efectividad y resultado, sin efectos secundarios.
- * Suplementos nutricionales para tratar y mejorar todo tipo de patologías o dolencias.
- * Cosmética natural, con alta concentración de principio activo, para que tus clientes obtengan el efecto deseado.

¿ERES TERAPEUTA Y BUSCAS SUMAR VALOR A TUS SESIONES? CONSÚLTANOS

Polígono Industrial Cortaficio, Calle B, Nave 4A. 33740 Tapia de Casariego.
Tel.: 619 173 496 - www.nahrin.es

ACADEMIA
 **Mariña**

MANIPULADOR DE ALIMENTOS
APLICADOR FITOSANITARIOS
BIENESTAR ANIMAL
PROTOCOLOS DE ACOSO
PRERREQUISITOS -APPCC
PROTECCIÓN DE DATOS
FORMACIÓN BONIFICADA

formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098

mondoñedo

O Mercado Medieval entra na elite das festas históricas



O Mercado Medieval continúa a consolidarse como un dos eventos máis emblemáticos do verán galego. O Concello vén de recibir a confirmación oficial da incorporación desta celebración á Asociación Española de Festas e Recreacións Históricas, así como á súa homóloga europea. Este recoñecemento supón un novo impulso para a proxección nacional e internacional do Mercado Medieval, que se desenvolve na cidade episcopal cada segunda fin de semana de agosto e que nesta

ocasión alcanzará a súa trixésima terceira edición. A adhesión á rede española e europea de festas históricas chega grazas ao traballo conxunto do Concello e da Asociación O Pasatempo, entidade que colabora activamente na organización. O Mercado Medieval recrea con coidado os usos, oficios e ambientacións da época medieval, enchendo as rúas do centro histórico de postos artesanais, representacións teatrais, música e gastronomía tradicional.

O BNG denuncia cinco anos de inacción no plan REXURBE

O BNG vén de cargar contra o atraso acumulado nas intervencións previstas na área REXURBE de Mondoñedo, denunciando que “non se están cumprindo os prazos de execución fixados pola propia Consellería” e que tampouco se respecta a follla de ruta aprobada pola Xunta no seu Plan de Dinamización. O deputado mariño Daniel Castro presentou unha iniciativa parlamentaria esixindo explicacións e prazos concretos de actuación, nun contexto que cualifican de “inadmisíbel” despois de

máis de cinco anos desde a declaración da zona como área de rexeñeración urbana. Segundo explicou Castro, o aspecto que presentan a día de hoxe os trece inmobles adquiridos polo IGVS no ano 2021 “é inconcibíbel”, xa que boa parte das actuacións comprometidas seguen pendentes. “Os resultados visibles son só lonas deterioradas polo paso do tempo cubrindo fachadas sen rehabilitar e ningunha vivenda entregada en réxime de alugueiro”, criticou o deputado.

A Rapa do Campo do Oso volve con forza o 29 de xuño

O Campo do Oso acollerá o vindeiro 29 de xuño unha nova edición da emblemática Rapa das Bestas, organizada pola Asociación Cultural Rapa das Bestas Campo do Oso. A xornada dará comezo ás 10:00 h coa saída dos xinetes para a baixada dos cabalos ao curro. Ás 11:00 iniciárase o traslado dos animais e, unha hora despois, terá lugar a tradicional rapa e marcado. A festa continuará coa sesión vermú ás 14:00 e un xantar popular ás 15:00, culminando cun baile de tarde a partir das 17:00. A

música correrá a cargo de Verónica Cambón, encargada de poñer ritmo á celebración. Ademais, ás 13:00 ofrecerase unha degustación gratuíta de produtos de razas autóctonas a cargo dunha foodtruck, dentro do programa “Un gusto de rural, un rural degusto” da Deputación. Tamén haberá xornadas de degustación de carne de poldro sen custo. Desde a organización lembran que cada xinete será responsable dos danos que poida ocasionar el ou a súa montura.

barreiros

O Festival Histórico Augas Santas celebra a súa duodécima edición

Barreiros prepárase para acoller unha nova edición do seu festival máis singular. O vindeiro sábado 21 de xuño, Santo Estevo do Ermo converterase no epicentro da recreación histórica e da celebración das tradicións populares coa XII edición do Festival Histórico Augas Santas, organizado pola Irmandade Augas Santas coa colaboración do Concello de Barreiros e a Deputación de Lugo. O evento contará cun completo programa que mestura cultura, historia, gastronomía e espectáculos para todos os públicos. Entre as actividades previstas destacan a ruta a cabalo, un mercado de artesanía, e a escenificación teatral da figura do Rei Silo, nunha posta en escena que promete viaxar no tempo ata os albores da historia galega. Ás 13:00 horas celebrárase unha misa en honra a Santo Estevo, patrón do lugar, antes de dar paso á música e ao entretemento con actuacións como a da recoñecida banda O Arco



da Vella, o grupo Souto Ximpar e o dúo Épok. A xornada tamén incluírá vodas celtas e unha tradicional queimada con conxuro, mantendo viva a conexión coas crenzas ancestrais da comunidade. Un dos momentos máis esperados será a festa gastronómica do porquiño e aña ao espeto, un banquete que mestura o sabor da terra co

ritual comunitario. Por un prezo de 30 euros, os asistentes poderán gozar dunha cea que incluírá tamén sardiñas asadas, nunha velada que promete encher de sabor e confraternidade o entorno natural de Santo Estevo. Para máis información e reservas, a organización puxo a disposición o teléfono 679 45 51 09.

O PP esixe que se inicie xa a limpeza viaria e o desbroce

O Partido Popular reclama ao goberno municipal que inicie de forma inmediata as tarefas de limpeza viaria e desbroce da vexetación que, segundo denuncian, invade numerosas rúas e estradas. O portavoz popular, José Manuel Gómez Puente, considera urxente actuar antes da chegada do verán para evitar que se repita a situación de 2023, cando os traballos se iniciaron demasiado tarde. Gómez Puente advirte de que a maleza sen controlar representa un perigo real para a seguridade viaria, como demostra un accidente recente na rúa Camiño Real, en San Miguel de Reinante. Subliña que “non é só unha cuestión es-

tética, senón de seguridade”, e demanda que o Concello aproveite os medios dispoñíbles, como os dous tractores municipais, un deles adquirido mediante un convenio coa Deputación. O PP esixe un plan de mantemento durante todo o ano, e non só accións puntuais previas ao verán. Critican o estado de zonas como o paseo marítimo de San Bartolo e reclaman tamén a substitución de sinais de tráfico danadas ou ocultas pola vexetación. Lembran que o coidado da rede viaria é esencial para a seguridade, a fixación de poboación no rural e o desenvolvemento económico local.

A Deputación mellorará o acceso ás praias de Barreiros

A Deputación continúa avanzando na modernización da rede viaria provincial cun novo paquete de actuacións, entre as que destaca a mellora do tramo inicial da estrada LU-P-0610 ao seu paso polo municipio de Barreiros. Esta vía, clave para o acceso ás praias de Altar, Reinante e á rotonda das Catedrais, será obxecto dunha intervención integral ao longo de algo máis dun quilómetro e medio, concretamente entre os puntos quilométricos 0,150 e 1,422. O proxecto, recentemente licitado, contempla a reapertura das cunetas, a renovación do sistema de drenaxe e a mellora do alumeadado público. Ademais, aplicárase un novo pavimento de aglomerado en quente, mellorárase a sinalización e instálase novo equipamento de seguridade viaria. O investimento destinado a esta actuación ascende a 206.357,73 euros e o prazo previsto de execución é de tres meses desde o inicio dos traballos. A deputada Pilar García Porto destacou a relevancia desta intervención, sinalando que “ademais de acondicionar o firme dunha vía moi transitada, esta actuación permitirá transformar a imaxe da zona costeira de Barreiros, que cada verán recibe milleiros de visitantes”.

Volve á vila o campus de verán do Celta de Vigo para nenos

O deporte e a formación volverán darse a man en Barreiros coa celebración dunha nova edición do campus do Celta de Vigo, que terá lugar entre o 28 de xullo e o 1 de agosto. As inscricións xa están abertas e poden formalizarse a través da web oficial do club vigués: rccelta.es.

A recomendación é reservar praza canto antes, xa que se espera unha alta participación, como en anos anteriores. Desde a organización destacan que a actividade está pensada para que os máis pequenos disfruten do fútbol nun ambiente formativo e divertido.

a pontenova

A vila prepárase para gozar coa VIII Foliada da Chocolateira

A vila converterase un ano máis nun referente da cultura popular coa VIII edición da Foliada da Chocolateira, organizada pola asociación musical homónima, coa colaboración da Deputación de Lugo e o Concello da Pontenova. Esta celebración, que terá lugar os días 6 e 7 de xuño, mestura tradición, música, reivindicación social e convivencia.

A programación comeza o venres 6, cunha actuación inaugural de A Chocolateira ás 19:30 e a proxección do documental “Lévame a Idea” ás 20:00. Esta peza audiovisual, dirixida por Laura Varela, Iria Villares e Vanesa Siso, aborda desde unha perspectiva feminista o papel esencial das mulleres na conservación da poesía, o canto e a tradición oral galega.

O sábado 7 arrinca ás 11:30 coa apertura do mercado artesanal e da taberna, seguido dun completo programa con baile tradicional a cargo de Adrián Méndez (De Ninghures), música con A Chocolateira, sesión vermú co grupo A Tropical Eonavega, e actividades como xogos tra-



dicionais, billarda ou espectáculos infantís.

A oferta gastronómica estará asegurada grazas á presenza de Food Track Cimosvan e á colaboración dos restaurantes locais. A xornada culminará coa música de Tradigüal ás 19:30 h e o concerto final de Fian-dola ás 22:00 h, dentro do programa Xunt@s polo serán.

A VIII Foliada promete unha fin de semana aberta á participación, cun ambiente festivo e inclusivo para todos os públicos, celebrando as raíces culturais da nosa terra.

A emoción do motor regresa coa 12ª Subida A Pontenova

A vila da Pontenova volverá ser o epicentro do automobilismo galego co regreso da 12ª Subida A Pontenova, unha das citas máis esperadas do calendario de montaña. Organizada pola Escudaría Pontenova, a proba celebrarase os días 28 e 29 de xuño de 2025 e será a cuarta puntuable do Campionato Xunta de Galicia de Montaña – Circuito Internacional de Montalegre.

O percorrido, trazado na estrada LU-4803, entre A Pontenova e Augaxosa, presenta unhas condicións técnicas pensadas para o espectáculo: 4.810 metros de lonxitude, 260 metros de desnivel e un 5,4 % de pendente media, nunha combinación perfecta para os pilotos máis experimentados e os afeccionados á velocidade.

A carreira contará cunha ampla participación de escudarías e pilotos procedentes de toda Galicia, que competirán en diversas categorías e trofeos.



Entre as novidades desta edición destaca o I Trofeo “BMW” Mecanizados Torre, que premiará os mellores resultados de vehículos da marca BMW inscritos nas clases 5A, 5B e 5C. Os participantes deberán levar publicidade específica para optar aos premios, que inclúen achegas económicas e trofeos para os catro mellores clasificados.

Aberta a matrícula da Escola de Música

A Escola Municipal de Música abre o período de matrícula para o curso 2025-2026, cunha nova edición que busca consolidar o talento musical do municipio e fomentar a creatividade entre todas as idades. Desde o Concello anuncian que o prazo de inscrición estará aberto ata o venres 13 de xuño e lembran que as prazas son limitadas, polo que animan ás persoas interesadas a reservar a súa o antes posible. A iniciativa está dirixida tanto a quen desexa iniciarse na aprendizaxe musical como a quen quere continuar co seu desenvolvemento artístico. A escola ofrece un espazo aberto e dinámico no que a música se converte nunha ferramenta de expresión e convivencia. Segundo fontes municipais, “o obxectivo é achegar a formación musical a toda a veciñanza, con especial atención á mocidade e á infancia”. Para resolver dúbidas ou obter máis información, pódese chamar ao número 650 348 123, onde se facilitarán todos os detalles sobre a oferta formativa e o proceso de inscrición.

lourenzá

Lourenzá busca solución ao conflito do SAF entre acusacións políticas

O conflito laboral no Servizo de Axuda no Fogar de Lourenzá levou ás traballadoras a anunciar unha folga ante os atrasos salariais de 2022 e 2023. O Partido Popular expresou o seu apoio ás empregadas, esixindo o pagamento inmediato dos salarios pendentes, a actualización polo IPC e a contratación indefinida dunha traballadora que leva anos encadeando contratos temporais. Critican a “nefasta xestión” do executivo socialista e reclaman “diálogo e sentido común”.

Pola súa banda, o goberno local anunciou que está a elaborar un plan de pagamentos que será presentado antes do 31 de decembro. Lembran que xa se saldaron os atrasos de 2024 e que os salarios actuais se pagan conforme á RPT aprobada en 2022, que mellorou as condicións laborais. Acusan ao PP de usar o conflito con fins partidistas, mentres eles traballan “con responsabilidade” para evitar a folga e chegar a un acordo. O Concello defende a súa vontade de diálogo fronte a un “discurso negativo e interesado” da oposición.

O BNG propón crear un centro para transformar excedentes agrarios locais

O BNG levou ao pleno unha proposta para crear un Centro de Transformación de Produtos do Agro e Derivados da Gandaría, unha infraestrutura que permitiría aproveitar os excedentes da produción local e impulsar a economía do rural.

A formación nacionalista defende a necesidade deste proxecto baseándose na elevada produción de froitas, hortalizas e legumes tanto en Lourenzá como nas parroquias limítrofes. Segundo explican, moitos destes alimentos acaban sen comercializarse por cambios na demanda, por defectos estéticos ou por condicións climáticas adversas. “Son produtos que non se consideran de primeira por cuestións mínimas, pero son perfectamente consumibles e resultan difíciles de colocar no mercado”, sinalan. Deste xeito, a iniciativa busca dar unha segunda vida útil a eses produtos e reducir desperdicios.

A proposta inclúe a creación dun

espazo colaborativo, formativo e compartido, orientado a pequenos produtores, onde se poidan desenvolver procesos de transformación agroalimentaria e compartir coñecementos técnicos. Ademais, acadouse o acordo de contactar con concellos veciños para valorar unha xestión conxunta e a viabilidade do proxecto.

No mesmo pleno, o BNG presentou varias peticións complementarias, como a instalación de parques bio-saudables no rural, para facilitar a práctica de exercicio físico ás persoas maiores con dificultades de desprazamento. Ademais, reclamaron puntos de recarga para vehículos eléctricos, ante a carencia desta infraestrutura en Lourenzá.

Outra das demandas da formación foi a mellora das instalacións do centro de saúde, especialmente a instalación dun grupo electrógeno que garanta o funcionamento en caso de cortes de subministración.

Ocio, conciliación e festa no remate do curso escolar

Lourenzá despide o curso e dá a benvida ao verán cunha dobre proposta centrada na infancia e na conciliación. Por unha banda, acaba de anunciarse a apertura dunha nova edición dos tradicionais campamentos de verán, incluídos no programa “Tempo de Lecer”. Terán lugar do 23 de xuño ao 5 de setembro, en horario de 9:00 a 14:00 horas, con servizo de madrugadores desde as 8:00. A iniciativa está destinada a nenos e nenas nados entre 2013 e 2021 e ofrece actividades como obradoiros, xogos cooperativos, xincanas, saídas, encontros interxeracionais e dinámicas sobre igualdade e corresponsabilidade, coa colaboración do tecido asociativo local. O Concello ofrecerá distintas opcións de inscrición: semanal, quincenal ou mensual, e recomenda estar atento aos seus canais oficiais para non perder os prazos.

Mentres tanto, o vindeiro sábado 7 de xuño, as Escolas Deportivas municipais celebrarán o seu acto de clausura cunha gran festa na área da Ponte de Cuñas. A xornada comezará pola tarde coas tradicionais partidas de fútbol 8 entre



os grupos de nenos e nenas e os equipos formados por nais, pais e adestradores. A partir das 21:30 haberá inchables e música en directo, e ás 22:00 iniciárase a cea-baile con empanada, churrasco e sobremesa, culminando coa entrega de premios e unha sesión de DJ. A actividade é gratuíta para o alumnado das escolas, que deberá inscribirse antes do 2 de xuño. Para o resto do público, as entradas están dispoñibles en puntos de venda locais. Desde a organización destacan que se trata dunha cita moi especial, chea de emoción e participación.

Motoclube A Cadeira: gasolina, amizade e moito corazón

Óscar Freitas Macedo atópase á fronte deste club de recente creación

Por Ana Somoza.

Un grupo de afeccionados ás motos transforma a súa paixón nun proxecto colectivo que medra sobre rodas e valores compartidos. A paixón polas motos, cando é verdadeira, adoita ir moito máis alá do simple pracer de conducir. É unha forma de vida, unha comunidade, un xeito de entender a amizade e mesmo unha ferramenta de dinamización social. Iso é o que puxeron en marcha en agosto de 2024 un grupo de amigos e amigas de Trabada, cando decidiron crear o Motoclube A Cadeira. “Todo naceu dunha amizade forte e da ilusión común por montar en moto. Queríamos facer algo xuntos, saír, organizar cousas, compartir quilómetros... e demos o paso de constituír o club”, explican desde a entidade. A primeira faísca acendeu o 10 de agosto do ano pasado, cando formalizaron a súa creación como motoclub, pero a historia viña xestándose moito antes. “Levabamos tempo facendo saídas e xuntándonos. A idea foi collendo forza e ao final decidimos que había que poñerlle nome e forma”. A Cadeira, en homenaxe a unha das paisaxes naturais máis recoñecidas da Mariña, converteuse en símbolo dunha nova travesía. O espírito que lles guía é sinxelo e rotundo: amizade, compañeirismo e respecto. Non hai normas rixidas nin esixencias, máis alá da boa vontade de compartir. “Aquí non importa que moto teñas, nin a idade. O que conta é ter ganas de pasalo ben e facer piña”, insisten. Esa apertura converteu o club nun espazo interxeracional, onde conviven membros moi novos con veteranos das dúas rodas, xente que apenas leva uns meses conducindo e outras persoas con milleiros de quilómetros ás costas. No garaxe simbólico de A Cadeira hai de todo: motos deportivas, *naked*, trail, *customs* e algunhas xoias clásicas. “Hai moita variedade, pero iso é o bonito. Cada moto ten o seu carácter, coma quen a leva”, explican. O importante non é a cilindrada, senón o vínculo, ese sentimento compartido que fan do motociclismo unha filosofía de vida. Ao longo do ano, o club organi-

za diversas actividades que van máis alá das saídas en grupo. Participan en encontros doutros clubs, visitan eventos culturais e colaboran de xeito activo na vida social de Trabada. “Estivemos no mercado de Nadal, na cabalgata de Reis, axudamos noutras festas... Sempre que se pode, sumamos”, explican. Esa implicación social fai que sexan vistos con simpatía pola veciñanza, mesmo entre quen non monta en moto. “Hai curiosidade, e sobre todo recoñecemento porque se fai todo con moito respecto e buscando integrar”, aseguran. A súa filosofía é clara: sumar, compartir, desfrutar. “Queremos que a xente vexa que isto non é só ruído e motos. É compañeirismo, é traballo colectivo,

é bo ambiente”. Esa mensaxe vai calando e mesmo espertando interese entre novas persoas que se achegan con intención de unirse. A recomendación para quen dubida é clara: “Que se animen. Aquí non hai presións. Só hai bo ambiente e ganas de pasalo ben”. O vínculo con outros motoclubs é outro dos piares do proxecto. “Temos moi boa relación con clubs da Mariña, de Asturias, de moitos sitios. Intentamos ir a todos os encontros que podemos. Sempre se aprende, sempre se coñece xente nova”, destacan. Esas redes son tamén canles para compartir experiencias e impulsar novas ideas. Pero se hai unha idea que lles fai especial ilusión é a de consolidar un evento propio, unha



Unha cita chea de actividades e exhibicións

Trabada vai converterse no epicentro do motor durante a fin de semana do 21 e 22 de xuño coa celebración da súa I Concentración Motera. O evento, que contará cun completo programa de actividades para todos os públicos, pretende consolidarse como unha cita anual para os afeccionados ás dúas rodas. A cita arrancará o sábado 21 pola mañá coa apertura das inscricións e unha sesión vermú amenizada pola actuación de Dúo Belinda. Pola tarde, os asistentes poderán gozar dunha exhibición de Emilio Zamora, piloto especialista de MotoGP Ducati, ademais dun simulador de pilotaxe, DJ, e unha gran verbena co grupo La Tremenda e o espectáculo musical de The

Sound Project, que tamén porá música durante a tarde. O domingo 22 comezará cun almorzo moteiro, seguido dunha ruta turística libre con pincho durante o percorrido, e nova sesión vermú con DJ. A xornada culminará cunha comida de irmandade na explanada do colexio, onde se entregarán premios e haberá sorteos. Ademais das actividades principais, a organización ofrecerá zona de acampada interior e exterior, servizo de taxi, zona food truck, merchandising, unha exhibición do artista gráfico Jossu Black, e outras sorpresas. A inscrición inclúe camiseta, chapa conmemorativa, entradas para sorteos e descontos na consumición.

gran concentración moteira que se converta nun referente na zona. “É un soño que temos desde o inicio: facer unha festa grande, que atraia xente de toda Galicia e mesmo de fóra, e que sirva para poñer a Trabada no mapa mototurístico”, contan con entusiasmo. Ese soño empezará a materializarse este mesmo ano, coa primeira edición xa en marcha. A idea da concentración xurdiu, como tantas outras cousas, nas propias saídas en grupo. “Íamos falando, comentando que estaría ben montar algo así... e o destino fixo o seu. Xuntámonos as persoas axeitadas no momento xusto e puxémonos mans á obra”. A primeira edición será toda unha declaración de intencións. Está previsto un programa amplo e pensado para todos os públicos: ruta moteira, música en directo, comida, sorteos, premios e moita festa. “Queremos que sexa unha celebración para todo o mundo, non só para moteiros. Que a xente de Trabada tamén goce, que vexan o ambiente e participen”, explican. A filosofía é facer do evento unha ponte entre a afección polas motos e o tecido social do concello. Por iso tamén pensaron nas comodidades: haberá zona de comida e bebida, espazo para acampada e servizos para que quen veña poida quedarse sen preocupacións. A acollida está a ser boa e xa recibiron mensaxes

de clubs interesados en asistir. “Estamos difundindo polas redes e polos contactos doutros clubs. Hai moito interese e iso danos ánimo”. O obxectivo, se todo vai ben, é que esta primeira edición sexa só o comezo. “Queremos que se converta nunha cita anual, un evento fixo do calendario moteiro galego. Se hai resposta e vemos que funciona, imos a por todas”, aseguran. A ilusión non lles falta, tampouco a vontade de seguir medrando con humildade e constancia. De feito, cando lles preguntan como se imaxinan o club dentro de cinco ou dez anos, non dúbidan: “Queremos seguir co mesmo espírito, medrar sen perder o que nos fai especiais: a amizade, o bo ambiente e a paixón polas motos. Se conseguimos iso, xa será un éxito”. Para eles, a moto é moito máis ca un medio de transporte. É liberdade, é identidade, é terapia. “É unha maneira de desconectar, de sentirte vivo, de compartir momentos únicos. Para moitos de nós, a moto é parte de quen somos”. No horizonte de A Cadeira hai moitos soños por cumprir, moitos quilómetros por diante e moita xente por coñecer. Pero tamén hai unha certeza: a estrada que empezaron a trazar en agosto de 2024 xa non ten volta atrás. E todo indica que será longa, vibrante e chea de curvas fermosas.

trabada

O Concello impulsa o benestar rural con melloras en vivendas sociais e camiños municipais



O Concello de Trabada continúa reforzando o seu compromiso co desenvolvemento sostible e a mellora da calidade de vida no rural a través de dous novos proxectos que combinan a recuperación do patrimonio público con actuacións nas infraestruturas viarias.

Por unha banda, a administración local vén de recibir unha achega de case 20.000 euros do Instituto de Estudos do Territorio da Xunta para acometer melloras na vivenda social situada na antiga escola de Vidal. As obras incluírán a substitución da cuberta e a instalación de novos canlóns, co obxectivo de incrementar a eficiencia enerxética e garantir un maior confort para os inquilinos. O orzamento total da actuación ascende a 28.571 euros, dos cales o Concello achega máis de 8.500 con fondos propios.

O alcalde, Rubén García, destacou que esta iniciativa se enmar-

ca nun plan municipal máis amplo que busca dar un novo uso ás antigas escolas. Así, avanzou que nas próximas semanas comezarán tamén as reformas na vivenda da antiga escola de Valboa, que seguirá o mesmo destino social.

En paralelo, o Concello executará melloras en camiños das parroquias de Pacios, A Retorta, Follabal e Val das Eguas grazas a unha axuda de 59.102 euros concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), dentro do Plan Camiña Rural 2025–2026. As obras permitirán renovar o firme e reforzar a seguridade viaria, cun investimento total de máis de 76.000 euros, dos que o municipio achegará preto de 17.000. García valorou ambas actuacións como “estratéxicas para fixar poboación e garantir servizos esenciais, apostando por un rural vivo, accesible e con futuro”.

O PP propón habilitar un espazo para o encontro dos cazadores

O grupo municipal do Partido Popular en Trabada solicitou no último pleno da corporación a creación dun espazo específico destinado aos cazadores do concello. Segundo explicaron, o obxectivo é dotar a este colectivo dun punto de encontro estable no que poidan celebrar as súas reunións e coordinar as súas accións relacionadas co control da fauna silvestre.

O voceiro popular, José María Fernández, lembrou que no municipio existe un número considerable de cazadores que desempeñan un papel clave na xestión cinexética e na prevención de danos nas explotacións agrogandeiras, moi numerosas na zona. “A actividade cinexética non só forma parte do noso patrimonio rural, senón que tamén é fundamen-

tal para manter o equilibrio no medio e reducir os prexuízos en cultivos e gandaría”, explicou.

Como posible localización, Fernández suxeriu unha parcela situada xunto ao punto limpo municipal. “É unha zona ampla, sen vivendas nas inmediacións, e con espazo suficiente para instalar contedores e habilitar un lugar axeitado para as súas reunións”, afirmou. O edil destacou que esta proposta non xeraría molestias á veciñanza e sería unha solución viable e funcional.

Desde o PP insisten en que moitos concellos xa contan con instalacións similares, polo que consideran que esta medida sería doada de implementar e beneficiosa tanto para os cazadores como para o conxunto da veciñanza.

alfoz

En marcha un programa de pádel con opcións para todas as idades

O goberno local dará un paso máis na súa aposta polo deporte e a vida activa coa posta en marcha, por primeira vez no municipio, dun curso de pádel dirixido tanto a nenos e nenas desde os 6 anos como a mozos, mozas e persoas adultas. A iniciativa desenvolverase entre o 7 de xuño e o 5 de xullo, en sesións programadas os luns e os sábados pola tarde.

A organización establecerá grupos segundo as idades dos participantes. Os máis pequenos, de entre 6 e 12 anos, participarán gratuitamente nunha sesión semanal os sábados de 16:00 a 17:00. A mocidade de 13 a 17 anos tamén terá acceso libre ás clases os luns de 19:00 a 20:00 e os sábados de 17:00 a 18:00. Para as persoas maiores de 18 anos, ofrecerase a posibilidade de escoller entre tres horarios: os luns de 20:00



a 21:00 h, os sábados de 18:00 a 19:00 h ou de 19:00 a 20:00 h.

LU DIVERÁN. Anunciouse unha nova edición do programa estival de ocio educativo dirixido á infancia. A iniciativa desenvolverase entre o 30

de xuño e o 29 de agosto e en horario de 9:00 a 14:00.

O prazo de inscrición estará aberto ata o 12 de xuño. As prazas son limitadas, polo que desde o Concello recoméndase realizar a solicitude canto antes.

o valadouro

A Mostra Cativa encherá de tradición a Casa da Cultura

O vindeiro domingo 22 de xuño, ás 18:30 horas, a Casa da Cultura do Valadouro converterase nun escenario de festa, música e identidade coa celebración dunha nova edición da Mostra Cativa, un encontro que ten como protagonistas aos máis pequenos e pequenas da Asociación Cultural Amado Lar.

Nesta edición de 2025, os cativos e cativas do Valadouro estarán acompañados por dúas recoñecidas agrupacións: a Asociación Amigos da Gaita Galega de Ribadeo e a A.C. Osorio Gutiérrez de Lourenzá, que tamén subirán ao escenario para compartir co público as súas propostas cheas de tradición, folclore e entusiasmo xuvenil.

Desde a organización destacan que esta Mostra Cativa é moito máis ca un festival: é unha oportunidade para visibilizar o traballo de formación e transmisión cultural que se realiza ao longo do ano con nenos e nenas, fomentando a conexión coa música tradicional, os instrumentos populares e as danzas que forman parte do noso patrimonio inmaterial.



“A participación dos máis pequenos é sempre emocionante. A súa entrega, a súa alegría e o seu interese polas nosas raíces son un motor para seguir apostando pola cultura desde a base”, sinalan desde Amado Lar, que agradecen unha vez máis a colaboración da Concellería de Cultura do Concello do Valadouro, cuxa implicación fai posible este tipo de encontros.

A Mostra Cativa consolidouse xa como unha cita imprescindible no calendario cultural do Valadouro, sendo tamén un espazo de convivencia entre agrupacións doutros concellos e un reflexo da vitalidade que segue tendo a cultura galega entre a mocidade.

O Cadramón celebra as festas na honra de Santa Filomena

A parroquia de O Cadramón prepárase para vivir unha xornada festiva moi especial o vindeiro 7 de xuño, coa celebración das Festas na Honra de Santa Filomena.

A programación desenvolverase nun entorno único, no que a capela de Santa Filomena será o epicentro das actividades.

A xornada comezará cunha misa e unha tradicional procesión polas inmediacións da capela, á que seguirán unha animada sesión vermú e un xantar popular pensado para reunir veciñanza e visitantes. Pola tarde, a música tradicional será protagonista, dando paso á gran verbena que porá o broche de ouro a esta celebración.

O evento está organizado pola Asociación Veciñal Santa Filomena do Cadramón, coa colaboración do CMVMC do Cadramón e o apoio da Deputación de Lugo a través da súa área de Cultura.

A animación musical correrá a cargo de Seiramar Espectáculos Musicais, garantindo diversión para todas as idades.

Desde a organización convidan a todo o mundo a achegarse e desfrutar desta festa nunha contorna privilexiada, cargada de historia e tradición.

O PSdeG-PSOE denuncia a parálise do Concello e reclama máis transparencia

O PSdeG-PSOE de Xove manifestou o seu rexeitamento ás últimas declaracións do alcalde, nas que desacredita ao grupo socialista con comentarios despectivos, eludindo dar explicacións sobre os asuntos que afectan de maneira directa á veciñanza. A formación lembra que o seu papel como oposición é exercer unha fiscalización seria e construtiva, propoñendo alternativas e denunciando as deficiencias da xestión municipal. Desde o grupo socialista insisten en que Xove leva máis de corenta anos gobernado polo Partido Popular, nun contexto de ingresos moi superiores aos doutros concellos da comarca. Porén, esa bonanza económica non se traduciu en melloras reais na calidade de vida da poboación. Entre as principais eivas que sinalan, destacan a inexistencia dun pavillón polideportivo e dun auditorio municipal, obrigando a desenvolver actividades en espazos improvisados e pouco axeitados. Ademais, denuncian a falta dunha rede de

saneamento xeralizada, o que provoca vertidos que afectan ao medio ambiente e ás praias, con consecuencias negativas como a perda de bandeiras azuis. O PSdeG-PSOE lembra tamén promesas históricas incumplidas, como os pantaláns de Morás, anunciados reiteradamente durante décadas sen que se avanzara nin un só metro. Dous anos despois do inicio da lexislatura, a obra segue sen comezar. Acusan ao goberno local de actuar sen planificación, sen rendición de contas e cunha única prioridade: manter a maioría absoluta. Por iso, reivindicán a súa proposta como unha alternativa seria, con vocación de servir á cidadanía e con proxectos pensados a longo prazo. O PSdeG-PSOE de Xove asegura que continuará traballando con rigor desde a oposición, propoñendo medidas realistas e defendendo un modelo de concello baseado na igualdade, a transparencia e o benestar da veciñanza.

O Concello ofrece dúas propostas de conciliación e ocio educativo para o verán

O Concello de Xove pon en marcha este verán dúas iniciativas destinadas a facilitar a conciliación familiar e ofrecer opcións de lecer saudable para diferentes idades durante as vacacións escolares. Por unha banda, o programa ‘Xove Concilia Verán’ dirixese a nenos e nenas de entre 3 e 10 anos, e desenvolverase do 23 de xuño ao 5 de setembro de 2025. Esta proposta, promovida pola Área de Muller e Igualdade do Concello coa colaboración da Xunta, o Goberno de España e o Plan Corresponsables, busca crear un espazo seguro e divertido onde os máis pequenos poidan xogar, aprender e socializar, mentres as familias dispoñen dunha axuda para compatibilizar traballo e coidados. As inscricións para ‘Xove Concilia Verán’ están abertas ata o 7 de xuño, e poden facerse presencialmente na OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil).

nil). O Concello recomenda formalizar a inscrición canto antes, debido ao número limitado de prazas. Por outra banda, a Concellaría de Xuventude presenta a edición 2025 das “Mañás Activas”, un programa para mozos de 10 a 16 anos que se desenvolverá do 1 de xullo ao 29 de agosto. A proposta ofrece actividades variadas como xogos, obradoiros e dinámicas grupais para promover a diversión, a aprendizaxe e a convivencia nun ambiente participativo e seguro. O prazo para anotarse nas “Mañás Activas” está aberto do 26 de maio ao 14 de xuño, tanto na sede electrónica do Concello como na OMIX. Para máis información, a OMIX atende no teléfono 982 571 816. Ambos os programas reforzan o compromiso do Concello de Xove co benestar e a conciliación das familias durante o verán.

O CEIP Pedro Caselles percorre as festas tradicionais nun proxecto

O CEIP Pedro Caselles Rollán desenvolveu ao longo do curso 2024/25 un proxecto educativo centrado nas festas tradicionais da Mariña, baixo o título “De festa en festa porque me presta”. Cada curso escolleu unha celebración emblemática da zona, aprofundando nela mediante actividades educativas e creativas durante todo o ano escolar. Entre as festas destacadas figuran o Arde Lucus, o Mercado Medieval de Alfoz, a Maruxaina de San Cibrao ou o San Xoán. Dentro deste marco, o Concello de Xove colaborou activamente coa aula de 4º de Educación Infantil, que traballou sobre a romaría do San Antonio Ventureiro da Rigueira, recoñecida como Festa de Interese Turístico de Galicia dende o ano 2023. A titora do grupo solicitou ao departamento de Investigación Social do



Concello documentación para enriquecer o traballo. Este respondeu facilitando a publicación A festa no aire. Tradición e lecer no Xove de antes (editada polo Concello e a Xunta no 2006), ademais de dípticos explicativos sobre o proceso de recuperación da romaría e das oito rutas de

romaxe asociadas. A investigación completouse cun valioso intercambio interxeracional: catro maiores da parroquia de A Rigueira, avós e avoas do alumnado, achegáronse á aula para compartir lembranzas e responder preguntas sobre a tradición do San Antonio.

Xove prepara unha Romaría de San Antonio máis sostible e familiar



A ferverza verde da Rigueira, no corazón do concello de Xove, volverá ser o escenario da tradicional romaría de San Antonio, que este 13 de xuño se celebrará como xa é habitual como día festivo local. O Concello xa puxo en marcha os preparativos dunha das festas máis emblemáticas da comarca, que dende hai anos conta coa distinción de Festa de Interese Turístico de Galicia. A cita, que destaca polo seu ambiente familiar e o contacto directo coa natureza, anima á veciñanza a sumarse á romaría anotándose previamente no Concello. As persoas interesadas poden facelo ata o 11 de xuño ás 13:00 h, ben de forma presencial, chamando ao 982 59 20 01 ou por correo electrónico a lucia@xove.es. Quen realice a inscrición recibirá a tradicional “ventura” e a flor

do San Antonio. Nun xesto de respecto ao medio e ás persoas sensibles ao ruído, este ano volverá suprimirse o uso de bombas de palenque, favorecendo así unha experiencia máis tranquila e accesible para todos, incluíndo ás mascotas, que tamén son benvidas na camiñada ata a capela. “Animádevos a facela cos vosos animais de compañía!”, proclama o cartel deste 2025. O Concello de Xove aposta por manter vivo o espírito desta celebración, que combina tradición relixiosa, natureza, camiñadas en grupo e unha fonda conexión co territorio. A organización lembra tamén que a festa ten un marcado carácter comunitario, e invita á participación activa de todas as xeracións, nun espazo singular e con historia como é a contorna da Rigueira.

O municipio acollerá un curso especializado en selección e cría de raíñas abelleiras

A Aula de Formación do Concello de Xove converterase en xuño nun espazo de aprendizaxe apícola grazas á celebración dun curso de selección e cría de raíñas, unha actividade formativa promovida pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL) e impartida por Casa do Mel. O curso desenvolverase en seis sesións de catro horas os días 12, 14, 15, 23, 25 e 26 de xuño, en horario de mañá, de 9:00 a 14:00 horas. A iniciativa forma parte do programa de formación 2025 de AGACAL, orientado a mellorar a capacitación técnica das persoas que traballan no sector primario. A formación abordará cuestións clave no manexo apícola como a selección de exemplares reprodutores, a cría controlada de raíñas e as prácticas de mellora xenética, aspectos fundamentais para asegurar a saúde e produtividade das colmeas. As persoas interesadas deben realizar a súa preinscrición a través da plataforma FOAGRO da Xunta de Galicia. Para máis información tamén está dispoñible o número de contacto 661 003 616. O curso conta co apoio da Consellería do Medio Rural, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), co obxectivo de impulsar unha apicultura sostible e profesionalizada nos concellos galegos.

A OPOSICIÓN FALA

Xove

Dúas mulleres que comparten o seu compromiso co territorio, a veciñanza e a dignidade na política local

Pilar Vázquez: “Non estamos só para criticar: propoñemos, corriximos e impulsamos iniciativas”

Rogelia Mariña: “É unha preocupación por tratar de facelo o mellor que podo dentro das miñas posibilidades”

Pilar Vázquez (BNG) e Rogelia Mariña (PSOE) falan do seu traballo na corporación local, das necesidades do municipio e das súas aspiracións políticas.

Nun concello como o de Xove, onde o Partido Popular leva gobernando ininterrompidamente desde o inicio da democracia, facer oposición non é unha tarefa doada. Porén, tanto Pilar Vázquez, do Bloque Nacionalista Galego, como Rogelia Mariña, do Partido Socialista, coinciden en que é un labor necesario, de compromiso e tamén de sacrificio persoal. As súas voces representan esa parte da cidadanía que non está no poder, pero que quere ser escoitada. Rogelia Mariña, veciña da Rigueira, recoñece que entrou na política municipal nas eleccións de 2023 por unha cuestión de responsabilidade: “Tiña claro que o partido necesitaba ter representación no Concello”. Sempre foi simpatizante socialista, e agora representa a única acta do PSOE na corporación.

Pola súa banda, Pilar Vázquez leva dous anos como concelleira do BNG e entrou na política local despois de militar no partido desde 2018. Liderou a candidatura nacionalista nas últimas eleccións e, como ela mesma afirma, fíxoo “coa ilusión de cambiar dinámicas que levan décadas sen moverse en Xove”.

ESFORZO DIARIO

As dúas admiten que a política local implica sacrificios. Pilar di que, malia ser nova, dedica moitas horas a preparar os plenos e estudar a documentación: “É tempo que lle quito a outras partes da miña vida, como o adestramento ou os estudos”. Rogelia, pola súa parte, confesa que lle doe que haxa xente que xa non a trate igual “por se acaso a vinculan co partido”, algo que considera unha mágoa.

Pero tamén hai aspectos positivos. Pilar destaca o agradecemento dos veciños cando logran melloras concretas, como no caso da auga: “Despois de anos denunciando os problemas co abastecemento, conseguimos que se redactase



un proxecto de máis dun millón de euros”. Rogelia asegura que o feito de sentirse activa psicoloxicamente é xa un beneficio persoal importante.

ALTERNANCIA E CRÍTICA

As dúas tamén coinciden en criticar a falta de alternancia política. Pilar recalca que “nunha democracia saudable, é fundamental que haxa cambios de goberno” e

Vázquez: “É moi importante a alternancia no poder nunha democracia”

lamentar que en máis de 40 anos só houbese dous alcaldes. Rogelia tamén pensa que o PP “desaproveitou os anos de bonanza económica” e que agora o municipio está a padecer as consecuencias dunha falta de previsión.

Preguntadas por que aportarían se gobernasen, as respostas son claras. Rogelia aposta por un proxecto con obxectivos concretos: melloras nas estradas, portos, abastecemento, urbanismo e desenvolvemento industrial. Pilar

engade unha visión máis a longo prazo: “Queremos poñer Xove á cabeza da sustentabilidade, modernizar o polígono industrial, conseguir a autoridade portuaria propia e deixar de depender exclusivamente de Alcoa”.

Sobre os pactos, Rogelia é partidaria, “sempre que haxa un programa real que mellore a vida dos veciños”. Pilar tamén estaría disposta a pactar con forzas de esquerda, pero deixa claro que o obxectivo do BNG é gobernar en

Mariña: “Aportaríamos un proxecto con futuro, e con obxectivos concretos”

solitario para poder aplicar o seu programa con plenas garantías.

Os programas de ambas formacións inclúen propostas ambiciosas. Pilar fala de carreiras deportivas, dinamización cultural nas aldeas, fomento de asociacións veciñais e proxectos audiovisuais para a mocidade. Rogelia, pola súa banda, propón melloras no saneamento, auga, vivenda, igualdade, actividades para maiores, e apoio ao comercio e emprendemento.

Sobre as principais necesidades



de Xove, Pilar destaca “a falta de planificación” e unha xestión municipal que vive da improvisación. “Non hai unha visión estratéxica de futuro”, lamenta. Rogelia subliña a necesidade de garantir un abastecemento de auga en condicións, ofrecer vivenda e mellorar os servizos para fixar poboación, porque “Xove estase despoboando malia ser un pobo rico”.

As relacións co equipo de goberno, aseguran, son cordiais. Ambas recoñecen que hai diálogo e que, polo menos no trato persoal, non hai confrontacións. Pilar incluso destaca que o grupo popular adoita ser flexible para pactar datas de plenos e comisións. “Agradeceuse esa conciliación”, comenta.

Pero tamén deixan ver as súas diferenzas co grupo de goberno. Pilar critica que o PP teña a cinco persoas cobrando un salario pola súa dedicación á política, mentres o resto dos concelleiros traballan por vocación e de forma altruísta. “Nós facémolo por compromiso coa sociedade, eles por cartos, e os resultados son escasos”, sentencia.

MIRADA AO FUTURO

Para o futuro, as dúas teñen metas claras. Pilar aspira a ser alcaldesa e transformar Xove nun lugar no que a xente queira vivir todo o ano, non só no verán. “Temos miles de ideas”, di con entusiasmo. Rogelia tamén quere aumentar a representación do PSOE nas próximas eleccións e seguir traballando “por un concello máis xusto, máis eficiente e máis humano”.

E como mensaxe final á cidadanía, ambas coinciden: “Se queres mellorar o teu concello, implica a túa voz. Nós estamos aquí para escoitala”.

Con discursos diferentes, pero cun obxectivo común, as voces da oposición en Xove lembran que a democracia non é só gobernar, senón tamén esixir, propoñer e construír desde a outra beira.



vegadeo

A Agrupación Socialista de Vegadeo renova a súa dirección



A Agrupación Socialista de Vegadeo iniciou unha nova etapa tras a renovación da súa Comisión Executiva Municipal, que foi aprobada co apoio do 94,4 % da militancia reunida en asemblea. A nova Executiva está encabezada por Pablo Fernández Abuín como secretario xeral, mentres que Cristina Novo Méndez asume a vice-secretaría xeral e a responsabilidade de organización e administración. Rosario Rodríguez Alonso ocupará a secretaría de igualdade e educación; José Luis Álvarez Braña, a de política municipal, emprego e cultura; Ma-

ría Guadalupe García Miranda, a de movementos sociais, migracións e dereitos cidadáns; Ángel Enterríos Quintana, a de entorno rural, agricultura e gandería; e Marta Carrelo Pastur, a de medio ambiente, mobilización e comunicación. Ademais, Arturo Alonso García foi nomeado presidente de honra. Tamén se escolleu ao representante da agrupación no Comité Autonómico da FSA-PSOE, cargo que recaerá no actual alcalde de Vegadeo, César Álvarez Fernández, quen contou co respaldo do 83,3 % dos votos.

O Principado inviste no vial entre Folgueiras e A Coba

A Consejería de Movilidad, Medio Ambiente y Gestión de Emergencias do Principado de Asturias vén de completar a renovación integral do vial que conecta as localidades de Folgueiras e A Coba, no concello de Vegadeo. A intervención contou cun investimento de 359.980 euros, destinados principalmente á mellora do firme, rehabilitación do sistema de drenaxe e instalación de novos elementos de seguridade. O tramo renovado, de 1.470 metros de lonxitude, presentaba deformacións na plataforma que foron corrixidas, ademais de incluír

a reparación e adecuación das cunetas, a substitución completa do pavimento e a instalación de 152 metros de barreira de seguridade. Tamén se renovou a sinalización horizontal e vertical, co obxectivo de incrementar a seguridade viaria e mellorar a comodidade dos usuarios. Esta obra inscríbese no marco do programa de cooperación entre o Goberno do Principado e os concellos con menos de 20.000 habitantes, unha liña de traballo orientada a garantir o mantemento das infraestruturas municipais e facilitar a mobilidade no medio rural.

Antonio Rodil expón a súa obra na Casa da Cultura de A Veiga

A Casa da Cultura de A Veiga-Vegadeo acolle ata o 13 de xuño a exposición ‘A vida a través da cor’, do pintor Antonio Rodríguez Rodil. A mostra poderá visitarse na Sala de Exposicións Luis FeGa. Rodil, natural de Bres (Taramundi), trae á súa terra natal unha escolma da súa obra máis recente, marcada polo uso expresivo da cor e a variedade temática. Nos seus cadros conviven paisaxes asturianas, repre-

sentacións figurativas e elementos de corte surrealista, traballados con diferentes técnicas como o lapis, a acuarela ou o acrílico. Autodidacta e cunha sólida base técnica grazas á súa formación en Arquitectura Técnica, o artista leva anos explorando novos camiños creativos, especialmente desde a súa xubilación, etapa na que puido dedicarse con maior intensidade á pintura.

ourol

A IV Ruta Cabalar ‘Rego da Ponte’ celebrarase o 22 de xuño



O domingo 22 de xuño, a parroquia de Bravos converterase nun punto de encontro para os amantes dos cabalos coa celebración da cuarta edición da Ruta Cabalar ‘Rego da Ponte’. O evento, organizado pola asociación Xuntos a Cabalo de Ourol, promete un día completo de natureza, tradición e convivencia. A partir das 10:00 dará comezo a ruta, na que os participantes percorreren paraxes naturais da contorna, mentres desfrutan dunha experiencia compartida entre cabaleiros e público asistente. Durante o traxecto, serviránse biscoitos e café para todos os xinetes, así como bocadillos a metade do percorrido, favorecendo así a recuperación e o bo ambiente. Ao mediodía, ás 14:00 horas, está prevista unha sesión vermú amenizada polo Dúo Zafiro, que tamén se encargará do baile posterior á comi-

da. O xantar popular celebrarase a partir das 15:00 horas e terá un prezo de 27 euros. As reservas deberán realizarse antes do 18 de xuño. Como cada ano, non faltarán os tradicionais sorteos entre os participantes, incluíndo unha cesta e, como atractivo especial, un poldro. A organización lembra que cada cabaleiro será responsable do seu animal e de calquera dano que poida causar. Desde a organización destacan o apoio do Concello e de numerosos patrocinadores locais, que fan posible un evento que medra edición tras edición, consolidándose como unha das citas imprescindibles no calendario festivo e cabalar da Mariña. Para obter máis información sobre a IV Ruta Cabalar ‘Rego da Ponte’, as persoas interesadas poden contactar con Germán no número 669 896 847, con Fátima no 677 698 259 ou con José no 608 490 592.

A Deputación impulsa melloras clave no municipio

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo deu luz verde ea un novo convenio de colaboración co Concello, a través do cal se destinarán case 250.000 euros a proxectos que incidirán directamente na mellora da calidade de vida da veciñanza. Segundo explicou a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, unha das intervencións máis destacadas será a renovación da cuberta do pavillón polideportivo municipal e a substitución dos vidros da súa fachada principal, cun orzamento de 140.000 euros. Estas melloras permitirán dotar á instalación dun mellor illamento térmico e acústico, incrementando tanto a seguridade como o confort dos usuarios. O acordo contempla tamén un investimento de 61.000 euros para modernizar o sistema de abastecemento de auga no núcleo do Cargadoiro, na parroquia do Sisto. A obra consistirá na instalación de novas tubaxes de alta densidade que garantan un subministro máis eficiente e sostible. Noutra liña de actuación, reserváranse 46.000 euros para pavimentar os accesos á estación de tratamento de auga potable de Besteburiz, na parroquia de Miñotos, e 12.000 euros adicionais destinaranse á mellora das instalacións de tratamento de augas residuais tanto neste núcleo como no lugar de Xan Blanco.

riotorto

Aberta a inscrición para unha nova edición do campamento



O goberno local organiza de novo este ano un campamento de verá para rapaces. Esta actividade inclúe obradoiros, xincanas, obradoiros e festa da escuma e máis sorpresas. Tamén haberá excursións, unha hípica, outra a Cerceda e dúas saídas á praia. Será entre os días 30 de xuño e 1 de agosto en horario de 10 a 14 horas e está dirixido a nenos de 4 a 14 anos. As inscricións po-

den facerse na Casa do Concello antes do venres 20 de xuño ata completar as prazas dispoñibles, que son 40. O prezo por neno non empadroadado no Concello é de 120 euros sendo de 50 euros para os empadroados, incluído un almorzo. O servizo tamén contará con horario de conciliación, de 9.00 a 10.00 para aqueles que o necesiten.

Riotorto celebrará as súas festas na honra a San Pedro o día 29

O Concello de Riotorto organiza as súas habituais festas na honra a San Pedro, acompañada dunha comida veciñal. Será o domingo 29 de xuño e para todos os que queiran asistir teñen ata o 25 do mesmo mes para comprar a súa tarxeta en todo os bares da localidade e na gasoleira por un prezo de 30 euros. O programa dará comezo á 13.15 cunha misa solemne, seguida dunha sesión vermú a cargo do dúo Epo-K. A comida veciñal estará servida por Pulpería Suso e constará de xamón cocido, polbo e churrasco, sobremesa e café. Despois de comer, a diversión continuará coa actuación do mesmo grupo, coa que se dará por finalizada a sesión.

A praia do Torno contará cunha nova pasarela no extremo sur

O Concello está a mellorar a accesibilidade ao areal do Torno coa colocación dunha nova pasarela de madeira desmontable no extremo sur da praia, zona que ata o de agora carecía deste tipo de conexión adaptada.

Esta actuación é plenamente compatible coa normativa vixente en materia de costas e protección ambiental, ao executarse integramente en dominio público marítimo-terrestre e non afectar a espazos protexidos nin incluídos na Rede Natura 2000.

O deseño da nova estrutura segue criterios de integración paisaxística e presenta unha estética similar á do acceso xa existente na zona norte da praia, que foi moi ben acollido pola cidadanía. Esta actuación súmase a outras xa exe-



cutadas polo Concello en materia de conservación ambiental, como o balizado das formacións dunares no propio Torno e en Cubelas, ou a restauración ecolóxica do sistema dunar entre a pasarela e o paseo marítimo.

A proposta municipal inclúe tamén a recuperación do espazo comprendido entre o novo acceso e o muro da estrada superior mediante a plantación de especies autóctonas dunares. O Concello comprométese a asumir a conservación e o mantemento de todas as obras unha vez rematadas.

men a recuperación do espazo comprendido entre o novo acceso e o muro da estrada superior mediante a plantación de especies autóctonas dunares. O Concello comprométese a asumir a conservación e o mantemento de todas as obras unha vez rematadas.

Cervo lanza 'Actívate en Xuño' con actividades gratuítas

Púxose en marcha o programa Actívate en Xuño, unha iniciativa que permitirá á veciñanza participar, de balde, en diversas actividades físicas durante todo o mes, tanto na capitalidade municipal como en San Cibrao.

A alcaldesa Dolores García Caramés, acompañada das monitoras Belinda Canoura e Nuria Torrado, subliñaron que se trata "dunhas xornadas de portas abertas coas que queremos achegar á poboación as nosas escolas deportivas municipais".

O obxectivo da campaña é fomentar os hábitos saudables e o exercicio físico como parte esencial do benestar persoal e colectivo, abrindo as portas a quen nunca participou e ofrecendo continuidade aos que xa forman parte da comunidade deportiva local. García Caramés sinalou que "non hai límite de idade para coidarse, e desde o Concello queremos promover un estilo de vida activo accesible para todas e todos".

No calendario de actividades incluíuse ioga en Cervo e tamén en San Cibrao, onde se sumarán sesións de pilates e corpo activo. Todas as sesións serán gratuítas e sen inscrición previa, bastará con presentarse no lugar e hora indicados. As clases desenvolveranse entre o Edificio dos Xulgados e a Casa do Mar, segundo o día e a actividade.

Cervo activa os programas de voluntariado xuvenil



O goberno local vén de poñer en marcha unha nova edición dos seus programas de voluntariado xuvenil co obxectivo de implicar á mocidade na vida do municipio e promover valores como a solidariedade, o compromiso e a responsabilidade social. Baixo os títulos "Cervo a carón do voluntariado IX", dirixido a mozos e mozas de entre 16 e 30 anos, e "Voluntariado Miúdo V", pensado para rapaces e rapazas de entre 12 e 15 anos, os programas desenvolveranse ao longo de todo o verán.

As persoas interesadas en participar poden anotarse desde este martes na Casa da Cultura. Cada voluntario ou voluntaria poderá colaborar un máximo de 60 xornadas durante o verán, cunha duración de seis horas por día. Segundo destacou a rexedora,

estas iniciativas pretenden tamén "dotar á mocidade de ferramentas e experiencias que lles permitan coñecer de preto a realidade do seu concello e sentirse parte activa del". A valoración das edicións anteriores, tanto por parte dos participantes como das familias, é moi positiva. "Os mozos e mozas que xa participaron repítennos o mesmo: que é unha oportunidade única para aprender, divertirse e facer algo útil polos demais", engadiu.

Entre as accións nas que se pode colaborar atópanse o apoio ao programa Noites Alternativas, o acompañamento nas actividades do Programa Concilia, destinado á conciliación familiar durante as vacacións escolares, e a axuda na organización de eventos culturais nocturnos.

Aberta unha Libroteca ao aire libre para fomentar a lectura



O Concello vén de poñer en marcha unha novidosa e fermosa proposta cultural: a creación dunha biblioteca ao aire libre, bautizada como Libroteca, situada no parque Isaac Díaz Pardo e Luis Seoane. Esta iniciativa busca promover o hábito lector entre persoas de todas as idades, facilitando un xeito sinxelo e sostible de compartir libros no corazón da natureza.

O proxecto naceu no CEIP de Cervo, sendo Lila, unha antiga docente do centro, quen ideou e impulsou esta proposta que agora xestionará.

O funcionamento é moi sinxelo:

calquera persoa pode deixar un libro en bo estado e levar outro en préstamo, ben para lelo no fogar ou para desfrutalo alí mesmo, aproveitando a contorna natural do parque. A Libroteca estará operativa todos os mércores entre as 16:00 e as 17:00 horas, e admite todo tipo de publicacións: novelas, poesía, ensaio, cómic, etc.

Este espazo conxuga memoria histórica, cultura e natureza, nunha contorna que honra a dúas figuras senlleiras da cultura galega vencelladas a Cervo como foron Isaac Díaz Pardo e Luis Seoane.

O CEIP de Cervo transforma o deporte en solidariedade



As pistas de atletismo do complexo deportivo da Veiga convertéronse nun escenario de solidariedade, ilusión e esforzo compartido. O motivo foi a celebración dunha carreira solidaria organizada polo CEIP de Cervo, coa colaboración do Concello.

A actividade forma parte da XXI edición da Carreira Escolar Solidaria, promovida pola ONG Save the Children, que nesta ocasión destina os fondos recadados a persoas afectadas pola DANA que causou importantes danos na Comunidade Valenciana.

Cada participante contou co apoio de patrocinadores particulares — familiares, amigos ou persoas

achegadas— que fixeron unha contribución económica simbólica por cada volta completada, entregando a cantidade correspondente nun sobre pechado. Deste xeito, a motivación foi dobre: superar os propios límites e colaborar cunha causa solidaria.

Desde a comunidade educativa do CEIP de Cervo agradeceron "enormemente o apoio do Concello, tanto pola cesión das instalacións deportivas como polo transporte do alumnado ata a Veiga", así como o entusiasmo das persoas patrocinadoras, cuxa xenerosidade "fixo posible que esta xornada fose moito máis ca unha carreira".

O PSdeG-PSOE propón crear unha praia canina



A portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de O Vicedo, Verónica Canoura Paz, presentou unha moción no Pleno para a creación dunha praia canina no termo municipal, unha proposta que pretende dar resposta á crecente demanda de espazos nos que as persoas con cans poidan disfrutar do litoral de forma responsable e respectuosa. Segundo argumenta Canoura, O Vicedo conta cun valioso patrimonio natural e numerosas praias que, ben xestionadas, poderían ofrecer alternativas compatibles co coidado do medio e o uso público. A iniciativa suxire habilitar unha das praias menos concorridas como zona de baño para animais, seguindo o exemplo doutras localidades cos-

teiras galegas e doutras partes do Estado. Porén, a proposta quedou pendente de debate, ao non chegar a aprobarse no pleno. O alcalde, Jesús Novo, explicou que “xa contamos cunha praia onde non está prohibido levar cans, xa que non se sinalizou como zona restrinxida para iso; trátase da de Fomento, que está preto da área do porto”. O rexedor vicedense engadiu ademais que “tamén se adoita empregar a de Chamadoiro, ao carón da ponte vella que conecta o concello co Barqueiro, pero nesa imos prohibir a presenza de cans, porque cando baixa a marea cóanse moitos ata Arealonga”.

O BNG reclama a reforma inmediata das pontes de Valdesuso e Sacido

O Bloque Nacionalista Galego esixe a reforma integral das dúas pontes que atravesan a vía férrea de ancho métrico (antiga liña FEVE) no concello do Vicedo, ao considerar que se atopan nun estado de degradación preocupante que pon en risco tanto ao tráfico rodado como ás persoas peóns. Así o manifestou o deputado nacionalista no Congreso, Néstor Rego, quen vén de rexistrar iniciativas parlamentarias para instar ao Ministerio de Transportes e a ADIF a actuar de maneira inmediata. As estruturas afectadas son as situadas nas parroquias de Valdesuso e Sacido, pasos viarios que, segundo o deputado, non cumpren nin os mínimos estándares de seguridade. A plataforma estreita, curvas perigosas e a ausencia ou deterioro das varandas de protección son só algúns dos problemas detectados. A ponte de Valdesuso, próxima ao lugar do Espiño, apenas permite o paso dun único vehículo, e a curva que a precede, de visibilidade reducida, acumula múltiples accidentes.

Parte da varanda de seguridade está rota ou directamente ausente, quedando tan só unha cinta policial como aviso do perigo, tras o último sinistro rexistrado. “É unha situación insostíbel. Os veciños non poden agardar a unha desgraza para que se actúe”, denunciou o deputado. A situación non mellora en Sacido, onde outra ponte próxima ao apeadoiro do Vicedo presenta tamén problemas estruturais e de seguridade. A curva existente nun dos seus extremos xera saídas de vía frecuentes, e a protección lateral foi substituída, en moitos tramos, por cintas de plástico en lugar de sistemas estables. Ademais do perigo para o tráfico, a total ausencia de beirarrúas ou medidas para peóns agrava o risco de accidente. Por iso, Rego insiste en que é necesaria unha reforma global, que inclúa corrección do trazado, ampliación da calzada e instalación de elementos seguros para a circulación peonil e viaria.

O Concello garante o acceso ao Fuciño do Porco este verán

O Concello dá un novo paso para asegurar o acceso ao Fuciño do Porco durante os meses de verán, un dos principais atractivos turísticos da Mariña. A administración local vén de aprobar unha partida de 17.000 euros destinada ao traslado da escalinata de entrada á pasarela que leva ata o istmo, unha actuación que permitirá abrir o paso con garantías de seguridade para os visitantes. Segundo explicou o alcalde, Jesús Novo, os traballos serán executados pola empresa pública Tragsa, cuxos técnicos xa visitaron a zona hai dúas semanas. A proposta contempla desprazar lixeiramente á esquerda a escaleira actual, coa finalidade de evitar riscos e mellorar a accesibilidade durante a tempada estival. “Estamos traballando a contra reloxo para garantir que o Fuciño poida abrir este verán sen poñer en perigo a seguridade das persoas”, declarou o rexedor. O financiamento deste proxec-



to require reaxustar partidas do orzamento municipal, unha tarefa que o goberno local xa ten en marcha. “Se conseguimos ese diñeiro, poderemos dar unha solución temporal e permitir que veciños e turistas gocen deste espazo natural único”, indicou Novo. Con todo, a solución será provisional. Unha vez rematada a tempada estival, a escaleira deberá ser retirada, xa que non forma parte do deseño definitivo previsto pola Autoridade Portuaria de Ferrol-

San Cibrao. Esta entidade é a responsable do proxecto estrutural definitivo: unha ponte colgante sen apoios intermedios, suxeita unicamente no istmo e nun punto firme do camiño de entrada, onde se colocarán bases de formigón. Esta intervención forma parte dos esforzos por preservar a contorna natural do Fuciño do Porco, ao tempo que se aposta pola seguridade e a accesibilidade dun lugar que se consolidou como un referente turístico en Galicia.

A veciñanza critica a parálise das marquesiñas



A veciñanza de O Vicedo amosa o seu malestar pola parálise das obras de instalación de dúas marquesiñas de autobús, unha no centro urbano e outra en San Román do Val. Iniciadas en setembro de 2024, permanecen incompletas: sen pintar, sen sinalización e, nalgúns casos, sen elementos de protección. Mentres no centro colocáronse estruturas a medio facer, en San Román aínda non hai marquesiña nova. A falta de avances xerou frustración, especialmente entre as familias con escolares, que tiveron que agardar o autobús en condicións climáticas adversas.

“Non pedimos luxos, só seguridade”, sinala unha nai. A veciñanza critica a falta de transparencia, a mala planificación e a ausencia de explicacións oficiais, e considera que esta situación revela un patrón repetido no municipio. “No Vicedo os proxectos comezan con forza e rematan esquecidos”, afirman. Reclaman que se establezan prioridades reais nos investimentos, lembrando que as marquesiñas son unha necesidade básica. Mentres non se ofrecen solucións, os usuarios seguen expostos á intemperie, sen prazos nin respostas claras.

O Vicedo acolle un campamento dixital gratuito para nenos de 9 a 13 anos

O Concello será o escenario dun novo Campamento Dixit@I, unha actividade formativa totalmente gratuíta dirixida a rapaces e rapazas de entre 9 e 13 anos que desexen mellorar as súas competencias dixitais. O programa desenvolverase do 30 de xuño ao 11 de xullo, de luns a venres en horario de mañá, entre as 10:00 e as 13:00 horas. Este proxecto ten como obxectivo ensinar ás novas xeracións a empregar Internet e as ferramentas dixitais de maneira segura, creativa e consciente. Os participantes realizarán aventuras, retos e misións adaptadas á súa idade, nas que adquiriran coñecementos prácticos sobre seguridade en liña, privacidade, verificación de información e bo uso das redes sociais. As prazas son limitadas e o prazo de inscrición remata o 11 de xuño. As persoas interesadas poden obter máis información ou formalizar a súa matrícula na Casa da Cultura do Vicedo ou a través do teléfono 982 59 01 95 e do correo electrónico cemit.ovicedo@xunta.gal.

A OPOSICIÓN FALA

O Vicedo

Miguel Gómez Fraga defende unha oposición construtiva, próxima á veciñanza para reactivar a economía

“Precisamos un centro de saúde digno, un centro de día en funcionamento e unhas infraestruturas ben atendidas”

“Escoitamos os nosos veciños e percorremos todas as parroquias para revisar deficiencias e oportunidades”

Miguel Gómez Fraga entrou na corporación municipal do Vicedo nas eleccións de maio de 2023, pero leva no BNG desde 2018. “Con independencia de que xa tiña inxerencias políticas e laborais”, lembra, “as loitas de Alcoa foron as que me levaron a dar o paso”. Aquele conflito laboral, explica, foi un punto de inflexión que o empurrou á participación activa. “Atopei no BNG un equipo novo, forte e con moitas ganas de gobernar”, afirma.

Desde a súa chegada ao Concello, Gómez Fraga ten claro cal debe ser a función da oposición: “Fiscalizar a labor do goberno, por suposto, pero tamén poñer enriba da mesa ideas, melloras e solucións para que o Concello avance”. Nese sentido, insiste en que o traballo dun grupo na oposición non se limita a criticar, senón que debe ser propositivo. “Temos que buscar diálogo co resto de administracións, implicar o equipo de goberno e conseguir que ao Vicedo cheguen investimentos e melloras”.

A acción política do BNG no Vicedo, subliña, basease nun contacto constante coa veciñanza. “Escoitamos aos nosos veciños e percorremos todas as parroquias para revisar as deficiencias e tamén as oportunidades que existen para desenvolver o Concello”. É unha tarefa que, recoñece, implica un sacrificio persoal: “A tarefa de concelleiro implica unha mingua de tempo para dedicarlle á miña familia, é o sacrificio que supón”. Pero tamén trae recompensas: “A



satisfacción de intentar mellorar as condicións de vida dos veciños e do Concello en xeral”.

Gómez Fraga compaxina a súa actividade política cun traballo a tempo completo: “Son mecánico en Alcoa, e a mecánica comparte espazo coa miña outra vocación, a gandería”.

PROPOSTAS SOCIAIS

Desde o seu escano, o voceiro nacionalista insiste en que o Vicedo precisa unha acción política decidida para facer fronte ao envellecemento da poboación e á falta de oportunidades para a mocidade. “Somos un Concello envellecido e falta de oportunidades para a xente nova. Se a economía no Concello non medra, non poderemos reverter a situación. É unha cadea”. Por iso, unha das prioridades do BNG é apoiar os sectores produtivos tradicionais da zona: “A gandería, a pesca, a agricultura e a hostalería son as actividades económicas que desenvolven os veciños, e buscamos darlles un pulo”. Fronte ao abandono e á perda de servizos, os nacionalistas propoñen medidas concretas. “Queremos reverter a perda de servizos que, a través

do Concello, se poderían mellorar, como o servizo aos nosos maiores ou a recollida de lixo”.

Unha das propostas máis reiteradas pola formación foi a apertura dun centro de día. “Un centro de día en funcionamento, con servizo de transporte e comida na casa, é absolutamente necesario”, defende Gómez Fraga. E engade que ta-

“Atopei no BNG un equipo novo, forte e con moitas ganas de gobernar”

mén é urxente contar cun servizo de atención primaria digno. “Reclamamos un centro de saúde ben dotado de profesionais”, insiste. En paralelo, o BNG aposta por desestacionalizar o turismo e diversificar a oferta. “Queremos dar a coñecer as posibilidades que ten o Concello máis aló do verán”, explica, e destaca o turismo de natureza, cultural e arqueolóxico como campos por desenvolver. “Temos recursos que non están sendo aproveitados”.

OBJECTIVOS POLÍTICOS

Sobre a súa posición política e os obxectivos a longo prazo, Gómez Fraga é claro: “O noso obxectivo é gobernar para levar a cabo o noso programa. Queremos mellorar as condicións para que a xente nova poida quedar e volver, que o noso concello resulte atractivo á hora de asentar poboación”.

Preguntado pola posibilidade de pactos, sinala que “na nosa idea está a de gobernar sen pactos, presentamos a nosa candidatura para gañar”. Non obstante, engade que “no caso de precisar de pactos, es-

tudaranse nese momento”. Para o nacionalismo local, o importante é que as políticas a aplicar sexan coherentes co seu programa.

Aínda que o BNG non formou parte do goberno local, Gómez Fraga está convencido de que a súa presenza podería marcar a diferenza: “Aportaríamos un programa coherente, comprometido coa realidade da veciñanza, cunha visión clara para o futuro do Vicedo”.

O programa nacionalista, segundo explica, pivota arredor de cinco grandes eixos: a mellora dos servizos básicos, o impulso aos sectores produtivos, a atención á mocidade e á terceira idade, a dinamización do turismo e o coidado das infraestruturas. “Queremos unhas infraestruturas ben atendidas e planificadas, non parches. Non podemos seguir improvisando”.

GOBERNO LOCAL

A relación co equipo de goberno é, segundo relata, desigual. “A nivel persoal é correcta”, admite, “pero a nivel político actúan con prepotencia”. Segundo Gómez Fraga, a Alcaldía mantén unha actitude “paternalista” nas sesións plenarios, “interrompendo continuamente e tentando desprestigiar as nosas propostas”. Esa actitude, di, “é unha forma de desmotivarnos, de amosar falta de interese polo traballo da oposición”.

Pero malia os atrancos, no BNG están convencidos de que o seu traballo está a dar froitos. “Cremos que a veciñanza ve que hai unha oposición seria, con propostas, que non se dedica só a criticar”. O contacto directo cos habitantes do Vicedo é, segundo insiste, unha das claves da súa acción política: “Falamos coa xente, escoitamos, e logo levamos esas demandas ao pleno. Iso é facer política útil”.



MAR

Os portos de Burela, Viveiro e San Cibrao modernízanse para mellorar o seu servizo



A Xunta de Galicia está a executar un ambicioso plan de modernización nos portos de Burela, Viveiro e San Cibrao, cun investimento conxunto de arredor de 600.000 euros, que reforzará a eficiencia enerxética, a sustentabilidade ambiental e a calidade dos espazos de traballo do sector pesqueiro. Así o confirmou a Consellería do Mar, a través do ente público Portos de Galicia, durante as visitas institucionais realizadas esta semana para supervisar o avance dos proxectos.

SAN CIBRAO. En San Cibrao, no concello de Cervo, acábanse de iniciar os traballos de mellora nos departamentos destinados a armadores, cun orzamento de 375.000 euros. O conselleiro Alfonso Villares, acompañado polo presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez, explicou que a actuación afecta dez locais profesionais distribuídos en tres edificios. Estes espazos verán renovadas as súas cubertas con paneis *sandwich*, canalóns e baixantes, e tamén se procederá á impermeabilización dos soporais exteriores e á pintura das fachadas. “Queremos garantir instalacións funcionais, duradeiras e adaptadas ás necesidades reais do sector”, subliñou Villares, quen tamén destacou que se realizarán conexións á rede de saneamento e reparacións en elementos de formigón armado con problemas estruturais. A intervención busca, ademais, minimizar humidades e reducir os custos de mantemento a medio e longo prazo.

VIVEIRO. En Viveiro, a substitución de 54 luminarias e proxectores por sistemas LED de alta eficiencia supón un investimento

de 95.000 euros. Ademais de mellorar a calidade da luz e reducir a contaminación ambiental e luminosa, a nova instalación incorpora un sistema de telexestión que permitirá regular remotamente o alumeadado en función das necesidades do recinto portuario. Tamén se instalarán sistemas de protección contra sobretensións, e os equipos estarán preparados para resistir humidade, salitre e cambios de temperatura.

BURELA. No caso de Burela, a actuación é aínda máis ampla: substitúense 117 puntos de luz por dispositivos LED e incorpórase tamén un sistema de control remoto. O investimento ascende a 130.000 euros. Os novos equipos permitirán un aforro enerxético de ata o 60% e garantirán unha mellor seguridade visual para os profesionais do mar e demais usuarios do porto. A resistencia ao medio mariño e a mellora na eficiencia sitúan estas infraestruturas á vangarda tecnolóxica. Paralelamente, nos portos de Viveiro e Burela estase a levar a cabo unha renovación completa da iluminación exterior. Ambas actuacións están integradas nun plan autonómico que afecta a unhas trinta dársenas galegas e que conta cun orzamento global de 3 millóns de euros. Estas intervencións exemplifican a aposta da Xunta de Galicia por modernizar os portos autonómicos combinando criterios técnicos, ambientais e laborais. “Trátase de dignificar os espazos nos que traballa o noso sector pesqueiro e poñelos á altura das esixencias actuais de sustentabilidade”, sinalaron desde Portos de Galicia, que continuará co despregue do plan nos vindeiros meses noutras localidades costeiras.

Escolares da provincia mergúllanse na tradición pesqueira en Celeiro

A Confraría de Pescadores Santiago Apóstol de Celeiro continúa desenvolvendo o programa didáctico “Celeiro: 100 anos de tradición pesqueira”, unha iniciativa do GALP A Mariña-Ortegal coa que se conmemora o século de actividade pesqueira organizada nun dos portos máis emblemáticos do norte galego. O obxectivo: achegar o mundo do mar ás novas xeracións e poñer en valor o patrimonio cultural e mariñeiro da zona.

No marco deste proxecto, alumnos e alumnas de centros educativos da provincia de Lugo visitan o porto de Celeiro, onde teñen a oportunidade de coñecer de preto o funcionamento do complexo mar-industria. As visitas inclúen percorridos pola lonxa, o porto e o heliporto onde opera o helicóptero de salvamento Pesca 2, e rematan nunha exposición permanente na sede da Confraría. Esta mostra, concibida como un auténtico museo mariñeiro, alberga



maquetas de barcos históricos, fotografías antigas, vídeos testemuñais, o acta fundacional da Confraría e ata un reloxo de mareas funcional. Ademais, compléméntase con obradoiros didácticos e showcookings con degustación de pescada de Celeiro, para promover a cultura mariñeira e unha alimentación saudable con produto local. O programa, que xa leva máis dunha década en marcha, contou recentemente coa participación do IES Martínez Otero de Foz, e está

previsto que nas vindeiras semanas se acheguen outros centros como o IES Rosalía de Castro, o CEIP Paradai, o IES Baleira ou o CEIP Celeiro, entre outros. Este proxecto non só honra un século de historia pesqueira, senón que promove a educación ambiental, o coñecemento do sector, a transmisión da cultura mariñeira e o respecto polo medio mariño, valores esenciais para garantir a continuidade deste legado.

A acción do PlanctON reivindica a importancia da educación ecolóxica e comunitaria



O mar, fonte de vida e identidade para Galicia, foi protagonista nunha xornada de coidado e compromiso ambiental nas praias de Perdouro e A Marosa, en Burela. Alí tivo lugar unha acción de limpeza mariña promovida polo Plan de Conservación Territorial-ON (PlanctON), unha iniciativa impulsada por Afundación, a obra social de Abanca, en colaboración co sector marítimo-pesqueiro. Ao longo do día, un nutrido grupo de voluntarias e voluntarios procedentes da Fundación Eu Son, da Asociación de Saúde Mental A Mariña, da Confraría de Pescadores de Burela e do Espazo +60 de Viveiro, traballaron arreo para retirar residuos e micro-

plásticos que ameazan a vida mariña e a saúde dos ecosistemas costeiros. O PlanctON nace precisamente coa vocación de reforzar a sustentabilidade das actividades económicas vencelladas ao mar e protexer a biodiversidade mariña en áreas de gran valor ecolóxico. A colaboración co sector pesqueiro é clave neste modelo, que busca conciliar a explotación racional dos recursos coa súa preservación a longo prazo. Dende Afundación salientan que “accións como esta son o reflexo dun novo modelo de desenvolvemento, onde economía, cultura mariñeira e conservación ambiental van da man”.

A Inspección de Pesca desconvoca a folga tras un acordo histórico

Tras 80 días de folga e mobilizacións, o corpo da Inspección de Pesca Marítima acadou un acordo histórico co Goberno central que dignifica as súas condicións laborais. CCOO destaca a creación dunha escala profesional propia, melloras salariais, regulación de horarios, novas retribucións por obxectivos e a posibilidade de xubilación anticipada. Tamén se revisará a relación de postos de traballo e facilitarase a promoción profesional. A inspectora galega Sandra González celebra que, por fin, a profesión adquiera identidade propia. A folga quedou desconvocada esta semana tras aceptar o comité a proposta revisada do Ministerio, que incorporou achegas sindicais. Outro avance foi o compromiso de repartir a produtividade de abril e maio entre todo o persoal, incluso o que fixo folga. CCOO considera que se abre unha nova etapa na función pública e anuncia que manterán a vixilancia para garantir o cumprimento dos compromisos adquiridos.

DEPUTACIÓN

O Pleno pide á Xunta que asuma o seu compromiso cos maiores

O Pleno da Deputación acordou reclamar á Xunta que asuma o seu compromiso coa atención ás persoas maiores da provincia tras 15 anos de abandono. Na sesión ordinaria do mes de maio púxose de manifesto que é a institución provincial a que está a cubrir as necesidades do territorio en materia de residencias e nese sentido, os grupos políticos acordaron demandar ao Goberno galego que se faga cargo das súas responsabilidades nesta materia.

A iniciativa do Goberno saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG, e en contra do PP.

En referencia ás 24 residencias que anunciou o presidente da Xunta, o presidente da Deputación, José Tomé Roca, reclamou antes da sesión plenaria que se destinen “como mínimo” seis centros á provincia, que son os que lle correspondería por criterios de proporcionalidade territorial. Apuntou ás declaracións de Rueda para criticar que a provincia de Pontevedra vaia ser a maior beneficiaria dese reparto, explicando que “a provincia Lugo ten menos poboación e polo tanto interesa menos ás empresas privadas. As Administracións temos que chegar onde non chegan as empresas privadas, e garantir a igualdade de oportunidades e servizos con independencia de onde residan”. Propuxo ademais a colaboración institucional para coordinar a situación das novas residencias na provincia, para atopar os concellos máis axeitados e onde poi-



dan prestar un mellor servizo.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, lembrou que “Galicia está á cola do Estado en canto a prazas públicas en residencias de maiores, cunha porcentaxe do 41%, fronte a unha media estatal que supera o 60%, e cun déficit estimado de 14.000 prazas”, segundo os informes da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais. “Somos nós, os gobernos progresistas, os que estamos a atender as demandas dos concellos e dos nosos maiores, cubrindo as carencias da Xunta de Galicia en materia asistencial”, subliñou. Incidiu que nos últimos anos a Deputación abriu nove residencias nos concellos da Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Trabada, Castroverde, Ribadeo, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil, “achegando máis de 300 prazas públicas, mentres que o Goberno galego non incorporou ningunha”.

O Pleno tamén sacou adiante, malia os votos en contra do PP, unha

moción socialista instando á Xunta a garantir a atención ás persoas con problemas de saúde mental. “Hai 1.000 lucenses que levan máis de 6 meses esperando por unha cita co especialista, son dous terzos do total dos pacientes galegos en longa espera”, sinalou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen defendeu a iniciativa na que reclama ao Goberno galego máis persoal, investimentos e a redución das listas de agarda.

O BNG sacou adiante unha moción na que insta á Xunta a manter a moratoria do eucalipto ata 2030. A deputada Iria Castro defendeu a iniciativa, que reclama unha xestión activa do monte que garanta a creación de riqueza e emprego no país. “O BNG non está en contra do eucalipto, pero non podemos camiñar cara un sector forestal que dependa exclusivamente desta especie, porque iso podería supoñer unha baixada do prezo e un perigo no caso dunha praga similar á que sofren agora os piñeiros”, explicou.

Aprobadas as bases dos premios á excelencia do turismo e a gastronomía

A Xunta de Goberno sacou adiante a convocatoria da sexta edición dos premios á excelencia do turismo e da gastronomía da provincia de Lugo, de novo con tres categorías: Premio Lugo Cambia ao turismo lucense; Premio Turismo Sostible; e premio ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense.

Poden presentarse persoas físicas ou xurídicas, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro, de ámbito local, autonómico, nacional ou internacional que destaquen nalguna das tres modalidades e que teñan repercusión positiva no turismo ou na gastronomía a nivel provincial ou nunha zona específica. As candidaturas poderán presentarse a título individual ou por unha terceira persoa co consentimento expreso do candidato ou candidata.

O xurado estará composto polos representantes do Consello Provincial de Turismo, que, nunha sesión extraordinaria, fallará ata un máximo de tres premios nas categorías Lugo Cambia ao Turismo Lucense e ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense, respectivamente, e un único premio no caso da categoría de Turismo Sostible. A maiores, o xurado poderá propoñer ata un máximo de tres accésits en total. Os galardóns serán entregados a fi-

nais de setembro nun acto público e como nas edicións anteriores, os premios consistirán nun diploma acreditativo e nun agasallo. Está previsto que as bases desta sexta edición do certame se publiquen nos vindeiros días no BOP.

MEDIO AMBIENTE. Tamén aprobou a resolución do VII Concurso de Fotografía O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses. “Coa temática desta edición pretendíamos poñer en valor, dar a coñecer e divulgar o patrimonio etnográfico destas Reservas da Biosfera que xestiona a Deputación, é que son unha das ferramentas importantes para o desenvolvemento da provincia”, explicou a Voceira socialista.

Os premiados deste 2025, segundo os criterios da Comisión Avaliadora, son: Javier Cabana Soengas, pola súa obra *Arboreo: Raíces dos Ancares*, que recibirá o primeiro premio dotado con 800 euros; Ana María Taboada García, coa súa fotografía *Crepúsculo no río Neira*, será galardoado co segundo premio que está dotado con 500; Iago Manoel Souto Lorenzo, que inmortalizou *Pota e forno de leña, tradición e patrimonio dos nosos fogares*, acadará o terceiro premio que conta cun importe de 300 euros.

Lánzase o primeiro podcast sobre oralidade

Tras a súa estrea o pasado domingo en A Grade, en Chantada, a Vicepresidencia da Deputación de Lugo puxo a disposición de todo o público o primeiro episodio da serie de podcast *Folcast* sobre oralidade e música tradicional na provincia.

O capítulo ten como protagonista á cantareira Concha Casal Eiriz, Concha de Agrade, veciña desa parroquia chantadina e unha das informantes de Dorothé Shubarth para a elaboración do Cancioneiro Popular Galego.

A peza sonora conta coa participación do seu fillo, Suso do Rei, da intérprete e investigadora Alba María, da técnico do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade do

Museo Pobo Galego Isabel Vigo e da etnomusicóloga Xulia Feixóo. Tamén coas achegas musicais de Pedro García de Pan Sen Fron, de Antía Vázquez de Alana e da poeta Noa Moreira.

Trátase do primeiro de dez episodios que percorreren as distintas comarcas atendendo ás particularidades da oralidade existentes en cada lugar, mantendo unha estrutura baseada en entrevistas para ofrecer unha ollada plural e entendendo o coñecemento como unha construción colectiva.

O episodio está dispoñible no perfil de *Folcast* en Spotify, ao que se pode acceder tamén desde o perfil de Instagram.

Outorgan á Deputación o Premio Lois Peña Novo polo uso do galego

A Deputación de Lugo vén de ser distinguida co Premio Lois Peña Novo 2025, un recoñecemento que pon en valor o labor realizado pola Aseoría Xurídica provincial no uso continuado e rigoroso da lingua galega nas tarefas administrativas e legais que desenvolve, tanto de maneira oral como escrita.

O xurado salientou que se trata “dunha iniciativa insólita e valente que está a impulsar unha galeguización integral na práctica xurídica dunha institución pública, unha aposta decidida pola lingua propia que se está a converter nun referente para outras administracións públicas, colexios profesionais e asociacións de letrados”.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, manifesta a súa satisfacción por esta nova, pois este premio “é unha honra e tamén unha responsabilidade. É un recoñecemento ao traballo serio, rigoroso e comprometido que se leva a cabo desde a nosa Aseoría Xurídica. Pero sobre todo, é un estímulo para seguir apostando polo galego como lingua útil, precisa e digna en todos os ámbitos”.

“Na Deputación de Lugo temos claro que unha lingua que se usa na administración, na xustiza e nos espazos formais é unha lingua con futuro. Por iso, este galardón anímanos a seguir traballando con orgullo e con convicción como viñemos facendo ata agora, polo que seguiremos empre-

gando o galego nos procedementos xudiciais da institución e na representación xurídica dos concellos da provincia”, engade.

O xurado destacou tamén o carácter innovador e abandeirado desta aposta, que “racha coa tradición desgaleguizadora do ámbito xurídico, abrindo camiños para outras administracións e acreditando a súa capacidade para artellar un exercicio xurídico rigoroso, moderno e plenamente normalizado”. Consideran os membros do xurado esta experiencia un “exemplo claro de como a vontade e o compromiso poden provocar unha mudanza estrutural nun dos sectores máis resistentes á galeguización”.

DEPORTES

O Run Foz Run Summer Camp ofrece 100 prazas

O verán mariñao volverá converter Cangas de Foz no epicentro do lecer deportivo coa apertura das inscricións do RFR Summer Camp 2025, un campamento dirixido a nenos e nenas nados entre 2008 e 2019. A organización pon sobre a mesa 100 prazas —20 reservadas a convenios e becas— e aposta por un programa no que o deporte actúa de fío condutor para inculcar valores de compañeirismo, convivencia e vida saudable. A actividade desenvolverase de luns a venres, cun horario xeral de 10.00 a 13.30 horas, aínda que as familias poderán contratar servizos complementarios de madrugadores e comedor. O deporte marcará o ritmo das mañás: fútbol, baloncesto, surf, caíac, voleibol praia, tiro con arco, tenis de mesa, *bowling* ou rutas de sendeirismo polos espectaculares cantís da costa. A iso engádense excursións, xincanas, teatro, cine, concursos e unha xincana de busca do tesouro.

O deporte base convértese en homenaxe no XII Memorial Rodrigo Maseda Lozano

Burela acollerá do 20 ao 24 de xuño unha nova edición do Memorial Rodrigo Maseda Lozano, unha cita xa consolidada no calendario deportivo da Mariña lucense que este 2025 celebra a súa duodécima edición. Organizado pola Fundación Indecum, o evento renderá homenaxe un ano máis a quen fora un referente na comunidade a través do deporte base, coa participación de equipos de toda Galicia e o apoio de numerosas entidades públicas e privadas. O torneo, que leva o lema “Heroes do Orzán” en lembranza aos axentes falecidos en acto de servizo, contará con categorías femininas e masculinas —desde benxamíns ata xuvenís— e tamén mixtas para os máis pequenos, nas divisións de biberón e prebenxamín. A iniciativa vai máis alá do aspecto competitivo, promovendo valores como o compañeirismo, a solidariedade e a educación en igualdade a través do deporte. Ademais do compoñente deportivo, o evento será unha festa de convivencia, con múltiples actividades paralelas que reforzarán o espírito integrador do memorial.

O Iberia CF certifica o seu ascenso a Primeira Futgal



A Segunda Futgal puxo fin á súa fase regular cun choque que tiña todos os ingredientes dun clásico: emoción, rivalidade e moito en xogo. O Iberia CF e o Celta Barreiros medíronse en As Valgas nun derbi histórico, no que ambos equipos chegaban con opcións de ascenso directo. O conxunto de San Miguel, que só precisaba non perder por máis dun gol, foi quen de levarse a vi-

toria por 3-1 e, con ela, o billete directo á Primeira Futgal. Os goles de Iván, Barrera e Pisco selaron un triunfo que xa é parte da historia do club. O ambiente nas bancadas foi de auténtico espectáculo, con afeccións entregadas e unha celebración que se prolongou tras o remate do partido. O Iberia CF culmina así unha tempada brillante, facendo valer a súa regularidade e carácter competitivo ata o final.

Cervo prepárase para a terceira edición do Trail A Fume de Carozo



Cervo acollerá o domingo 8 de xuño, a partir das 10:00 horas, a terceira edición do Trail A Fume de Carozo, unha cita deportiva xa consolidada no calendario local e que mestura natureza, deporte e convivencia nun mesmo escenario. A proba inclúe tres modalidades adaptadas a distintos niveis e públicos. Por unha banda, celebrárase unha andaina de 13 quilómetros cun desnivel acumulado de aproximadamente +300 metros, aberta tamén á participación de menores, sempre que contén coa autorización dun responsable legal. Por outra banda, os participantes maiores de idade poderán escoller entre dous percorridos de trail: un

de 16 quilómetros e +600 metros de desnivel e outro de 25 quilómetros con +1000 metros de desnivel acumulado. Desde o Concello de Cervo convidan a veciñanza e visitantes a gozar dunha xornada deportiva única, que xa se ten convertido nun referente do deporte ao aire libre na zona. A alcaldesa subliñou o traballo e a implicación do club organizador, poñendo en valor “o esforzo de quen fai posible este evento que, ademais de servir como escaparate turístico, dinamiza a vida social do noso concello e promove hábitos saudables, sempre co máximo respecto pola contorna natural”.

A II Carreira pola Vía Verde unirá San Tirso, Trabada e A Pontenova o 7 de xuño

indeiro sábado 7 de xuño, a partir das 17:30 horas, celebrarase a segunda edición da Carreira Vía Verde Ferrocarril, unha cita deportiva que volverá unir os concellos de San Tirso de Abres, Trabada e A Pontenova nun percorrido de aproximadamente 12 quilómetros. A saída terá lugar no centro urbano de San Tirso de Abres e a meta estará situada na emblemática Praza dos Fornos da Pontenova. Ao longo do trazado, as persoas participantes correrán por un itinerario que segue a antiga vía do ferrocarril, hoxe transformada nun atractivo sendeiro natural que une deporte, paisaxe e patri-

monio industrial. A proba está organizada polos concellos implicados —San Tirso, Trabada e A Pontenova— xunto coa Asociación Cultural e Deportiva As Minas, da Pontenova, e repartirá trofeos para os tres primeiros clasificados absolutos en categoría masculina e feminina, ademais de medallas para os tres primeiros de cada categoría. A organización aposta por consolidar esta carreira como un evento de referencia no calendario deportivo da comarca, poñendo en valor non só o esforzo dos atletas, senón tamén o potencial turístico e paisaxístico da zona da antiga vía férrea.

Nova etapa para o Club Deportivo Foz coa renovación da súa directiva



O Club Deportivo Foz inicia unha nova etapa tras a renovación da súa directiva, que toma o relevo con “moita ilusión e moitas ganas de traballar”, segundo manifestaron os seus integrantes. O novo equipo está encabezado por Asier Burundarena, exfutbolista do propio CD Foz e tamén de equipos como o Viveiro CF, Vilalbés ou Ribadeo FC. A súa candidatura foi a única presentada para suceder a José Luis García Rivera, anterior presidente do club. “Agradecemos enormemente á directiva saínte todo o traballo realizado e as facilidades brindadas para asumir esta responsabilidade”, sinalaron nun comunicado. Dende a nova directiva aseguran estar traballando “arreo” para dar forma aos primeiros pasos deste ciclo, co obxectivo de estar “á altura

do que este pobo e este clube se merecen”. A nova dirección do CD Foz está composta por persoas con forte vinculación ao fútbol local. Acompañando a Asier Burundarena estarán José Sevilla como vicepresidente, César Rivera como tesooureiro e Daniel García como secretario. No apartado de vogalías figuran Diego López, Andrea Rey, Cristian Domínguez, Adrián Álvarez e José Manuel Posada. Co firme propósito de continuar facendo historia, a nova directiva comprométese a traballar pola estabilidade e proxección do club. “Seguiremos escribindo a historia deste club e seguiremos sendo o orgullo deste pobo”, rematan. A imaxe que acompaña esta nova é obra de Goretti Rodríguez.

O Burela Club Surf: Un novo alento para o surf na vila

O club aposta por fomentar a práctica do deporte, a formación e a conexión coa natureza sen renunciar á esencia da praia e ao turismo sostible

Por Ana Somoza

A cultura mariñeira de Burela sempre foi unha das súas características máis destacadas, pero ao longo dos anos, o surf pareceu quedar á sombra doutras tradicións deportivas na vila. Con todo, hai aproximadamente un ano e medio, o Burela Club Surf viu a luz, impulsado por un grupo de afeccionados ao surf que querían cambiar esta realidade e achegar a práctica deste deporte ás novas xeracións da localidade. Segundo un dos fundadores, “decatámonos de que os pobos da contorna xa contaban con escolas ou clubs de surf, mentres que Burela, a pesar da súa forte cultura mariñeira, non tiña ningún”. Deste xeito, e tras varias conversas coa comunidade local, o club naceu cun dobre obxectivo: non só promover o surf senón tamén compartir unha visión única sobre o deporte. “O surf comeza no momento en que saes da casa coa túa táboa en busca de ondas con amigos e non remata ata que volves”, explica un dos membros fundadores, amosando así a filosofía que define o club.

MOTIVACIÓNS E ORIXES. Unha das principais razóns para a creación do Burela Club Surf foi a sensación de que a vila non estaba a acoller a nova xeración de surfistas. “Antes de fundalo, pensabamos que eramos dos máis novos en meternos na auga en Burela e que non había relevo xeracional para os surfistas que comezaran na praia da Marosa”, sinala outro dos fundadores. A falta de continuidade neste deporte nas últimas décadas foi un factor decisivo para decidirse a fundar o club, co fin de achegar o surf á xente e evitar que tivesen que desprazarse a outros lugares para practicalo. Co paso do tempo, o club foi tomando forma e, actualmente, conta con preto de 40 socios. Estes socios non só participan activamente en actividades relacionadas co surf, senón que tamén colaboran na toma de decisións dentro do club. “Organizamos ceas ocasionais e temos preparadas boas novidades para este verán. E, por suposto, sempre estamos abertos a novos membros”, comenta un dos membros máis activos. A recepción de novos surfistas e a ampliación da comunidade local son claves para a sostibilidade e crecemento do proxecto.

A EVOLUCIÓN. A historia do surf en Burela non é nova. De feito, nas décadas de 1980 e 1990, a praia da Marosa viviu tempos de gran esplendor en canto a competicións de surf. As lendas locais do surf, como Fran, Miguelón ou Luis Benigno, foron fundamentais para dar a coñecer este deporte en Burela. “Sen eles, quizais nós tampouco surfeásemos en Burela”, admite un dos membros do club, facendo referencia ao impacto de figuras clave da vila que levaron a cabo moitas das primeiras xiras

gran popularidade, Burela pareceu quedar atrás nese aspecto, o que fixo que a creación do club fose unha resposta necesaria para reactivar o movemento surfeiro na localidade.

ACTIVIDADES. O Burela Club Surf non se limita a ser unha simple entidade onde practicar surf. A súa misión vai máis alá e inclúe un importante compromiso coa formación e o desenvolvemento persoal de cada membro. “Organizamos diversas charlas con



competidas e contribuíron ao dinamismo da escena surfeira local. Con todo, a partir dos anos 2000, a presenza de novos surfistas en Burela foi escasa. “Notamos que dende os anos 2000 non xurdiron moitos novos surfistas en Burela. A nosa xeración é unha das últimas que practica este deporte na vila”, afirma un dos membros fundadores. A pesar da evolución do surf a nivel global e da súa

surfistas recoñecidos, como Tony Butt, quen nos explicou como interpretar partes meteorolóxicos para escoller o mellor momento para surfear”, conta un dos membros. Tamén se realizaron actividades de divulgación sobre as ondas de Nazaré, cunha charla de Eric Ribiere, un dos expertos máis respectados na materia. O club tamén é moi activo en iniciativas medioambientais, algo esencial



nunha vila como Burela, onde a relación co mar e co medio natural é fundamental. “Realizamos actividades de sensibilización medioambiental, porque entendemos que o surf e a natureza deben ir de a man”, afirma un dos fundadores. Dentro desta liña de compromiso medioambiental, o club tamén conta cun podcast chamado Ventrecha Surfcast, onde se comparten experiencias e historias con surfistas e persoas ligadas ao mundo mariño. Aínda que o foco principal do club é o surf, tamén se organizan actividades de *surfskate*, unha variante do deporte que se practica sobre asfalto, e teñen previstos bautizos de surf para aqueles que queiran iniciarse no deporte.

RELACIÓN CO TURISMO. En canto ao impacto do surf na economía local, os membros do club

“O surf comeza cando saes da casa coa táboa e non remata ata que volves: é máis ca un deporte, é unha forma de vida que queremos compartir”

son cautos. “Aínda non podemos responder con certeza a esta pregunta. Levamos pouco tempo como club e o primeiro ano centrámonos na burocracia e na organización interna”, asegura un dos membros. Con todo, o club espera que no futuro, cando a súa actividade sexa máis coñecida, o surf se converta nunha atracción turística que xere un impacto positivo na vila. “O surf pode ser un motor para o turismo sostible e respectuoso cos nosos areais. A nosa idea non é masificar as praias, senón que o surf se conviña nun recurso que favoreza a economía local sen destruíla”, destacan. Aínda que o surf está medrando, moitos membros do club aseguran que non queren que Burela se converta nun destino masivo de surfistas. “Sinceramente, esperamos que non. O surf é un deporte que implica conexión co ambiente

e coa xente. Nunha praia pequena como as de Burela, se houbera demasiada afluencia, perderíase esa esencia”, explica un dos fundadores. En canto ao apoio institucional, o Burela Club Surf non deixa de agradecer o respaldo recibido desde o Concello. “O Concello de Burela non só nos animou a seguir adiante co proxecto, senón que tamén nos asesorou e axudou na organización de actividades”, afirman, o que subliña a importancia dunha boa relación entre o club e as autoridades locais.

O FUTURO. De cara ao futuro, o club ten grandes ambicións. “O noso obxectivo principal é mantermos no tempo e conseguir que cada vez máis persoas locais se acheguen ao mundo do surf. Sabemos que un club é unha carreira de fondo máis que de velocidade, polo que imos paso a paso, tentando facer as cousas ben”, afirma un dos membros. As perspectivas son boas, pero o club sabe que o camiño debe ser un proceso gradual, traballando pouco a pouco para consolidarse como unha entidade de referencia para os surfistas locais. Con respecto a futuros proxectos, a dirección do club mantén en segredo algúns detalles. “Algo temos en mente, pero por agora preferimos manter o segredo”, comentan cun sorriso misterioso. Por último, para aqueles que aínda non se decidiron a probar o surf, os membros do club non dubidan en animarlles. “Se non queren pasar os próximos anos mirando partes meteorolóxicos a todas horas, mellor que non o proben!”, di entre risas un dos fundadores. “Pero en serio, o surf é unha experiencia única. Axúdache a desconectar, mellorar o equilibrio e coñecer xente con boa enerxía. Non precisas ser un experto, só ter ganas de probar e pasalo ben”. O Burela Club Surf segue crescendo, e pouco a pouco, vai deixando unha pegada no panorama local, tanto no deportivo como no social, ademais de ser un aliciente para recuperar a tradición surfeira da vila. A súa historia, aínda recente, está a construírse con pasos firmes e unha visión clara: ofrecer surf e, sobre todo, xerar comunidade.

COLABORACIÓN

Réndete, pito!

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Escribir sobre a rendición case se torna en asumir a derrota dunha loita que aínda non comezou. Vencer de fatiga ou de deixar sen forzas, rematar de prestar un determinado servizo de maneira proporcional á súa cantidade. Malia que cada vez mais lemos sobre pensamentos estoicos, tamén Marco Aurelio nos falou moito antes sobre a resignación ante un destino inevitable e a busca da paz interior, porque ás veces renderse é a única opción factible. A rendición escollida, aquela que non vén imposta, lonxe de minugar autoestimas, pode fortalecelas ao poñer punto e final a unha sensación de angustia e estrés nunha situación que causa dor. Ben seguro temos ao noso dispor estudos psicolóxicos que avalan este discurso,

pero non se trata diso. Tan só trato de poñer en valor a obriga de entregarse, de converter en doce esta acción que semella deostar agora a nosa sociedade. Non te conformes co que precisas, loita polo que mereces. Non te rendas aínda cando te sintas soa, porque a vitoria está á volta da esquina. Retroceder nunca, renderse xamais. Milleiros de veces escoitamos sentenzas semellantes que nos animan a non apartarnos do camiño, a seguir padecendo malia non ver resultados, nin albisalos. Se ben é certo que eu sempre avogo pola constancia e o traballo como ferramentas indiscutibles para acadar o éxito. Pero non todas as batallas son un tema de Matemáticas, que con esforzo se saca. Se vivísemos nun mundo idílico onde só escoller aquelas batallas que podemos gañar, si, entón renderse non sería unha opción. Pero ás veces temos que leir con traballos que non son para

nós, con veciños insoportables ou problemas aos que o máis sensato é entregar as armas.



Esta semana Leila Guerriero escribiu unha obra de arte, un contra-argumento brutal a esta liña de pensamento único. Di que admira ás persoas que cambian de vida sen moito rolo. Sabedoría descomplicada. Porque fai falla unha intelixencia emocional superior para deixar a

oficina na que traballas para percorrer o mundo en bicicleta ou esa veciña que deixou a vida que tiña

demais, lonxe de semellar tratarse dunha decisión egoísta, na meirande parte dos casos, renderse pasa por antepoñer aos demais. Cando era pequena, criada entre maiores, agudizaba o enxeño para gañarlles nos xogos aos amigos do meu curmán J. A forza bruta, a todas luces me gañaban eles, pero aí naceron a miña picardía e a astucia. Outras veces, víame na obriga de pronunciar a frase que escolleu para min: “Réndete, pito” Con tratarme coma a cría da galiña, non tiña dabondo, que quería escoitar da miña boca a fin última de todas as cousas para un meniño. Para os crentes é doado, renderse á vontade de Deus é o mais sinxelo, porque el sempre ten un plan último para nós, e para os que non o son, imaxino que terán que agarrarse a un cravo ardendo, tomar unha decisión sensata e fundamentada na razón para coller os petates e cambiar de rumbo.

Tempo de selectividade

O PUPITRE



No ensino ocorre como coas colleitas ou as mareas, a cousa vai por tempos, e neste intre na nosa profesión toca PAU, para que os mortais o entendan, a antiga selectividade. Máis de 340.000 rapaces de todo o Estado afrontan este mes de xuño as probas que determinan o seu acceso á Universidade. Aínda que ao longo dos anos recibiu distintas denominacións, en 2025 recupera oficialmente o nome de PAU, siglas de Proba de Acceso á Universidade. Esta etiqueta impúxose de novo no ano 2024 por decisión do Ministerio, pese a que algunhas comunidades seguen empregando os termos ABAU ou EVAU. A cita principal desenrólase entre os días 3 e 6 de xuño, agás Canarias e Cataluña que a atrasan uns días, o mesmo que os afectados pola DANA, que será un mes máis tarde. A disparidade de criterio entre

autonomías ao corrixir estas probas cuestiona a equidade no acceso á Universidade. Expertos e alumnado recoñecen as diferenzas de avaliación por auto-

unha realidade que moitos rapaces denuncian en redes sociais e que ocorre nas nosas aulas desde fai anos. O actual modelo establece que

Hai que ter en conta que as diferenzas para obter notas entre unhas comunidades e outras, coa media da proba e do bacharelato, poden impedir a un

en todas as autonomías, consciente de que existen diferencias de formación nos distintos puntos do país. Os 17 distritos universitarios pactaron unha proba de acceso á Universidade (PAU) máis común para 2026, en canto á estrutura de exames, as materias a examinar ou os criterios de corrección segundo concluíu a Comisión de Asuntos Estudiantiles da Conferencia de Rectores das Universidades Españolas (CRUE). Tamén observaron bloques de saberes básicos comúns e concretaron os criterios de avaliación específicos e a súa valoración. A finalidade é que os docentes que imparten as ensinanzas de Bacharelato saiban antes de marchar de vacacións as materias e orientacións do vindeiro curso. Tamén propón a CRUE crear un observatorio das materias PAU para facer o seguimento de como avalían as diferentes autonomías, coa finalidade de seguir axustando cada vez máis o modelo e avanzar cara novas orientacións. Sen máis, aos que participades este ano Moita sorte.



mías. Mentres nin comunidades nin Ministerio atopan a solución axeitada en función da lei de transferencia de competencias educativas. Que as cualificacións sexan diferentes en función da comunidade Autónoma e das materias é

son os gobernos autonómicos os que deciden que preguntas terá o exame na súa circunscrición, adecuándose as materias obrigatorias que hai que incluír. Iso explica que no noso país se realicen 17 probas distintas, unha por cada comunidade.

rapaz/a acceder á carreira desexada, xa que o distrito universitario é único. Temos alternativa? Pois seguramente si, a Coordinadora de Representantes de Estudiantes de Universidades Públicas (CREUP), avoga por un modelo igualitario

Respirar sen rede

CULTURA



Rebeca Maseda

Todo na vida é cuestión de equilibrio. Hai persoas que ven o vaso medio cheo ou medio baleiro, xente que se centra máis nas cousas positivas ou negativas e viceversa. Nestes últimos tempos vivimos unha pandemia, a barbarie en Gaza, unha dana, o apagón..., en fin, moreas de situacións que, comprensivamente, lévannos ao desánimo, ao enfado e a pensar que nada vale a pena. É normal e humano caer nesa espiral de desacougo, pero tamén é unha cuestión de actitude vital. Este mes celébrase o casamento de dous dos meus mellores amigos e non podo estar máis contenta. Son persoas que me inspiran, que me fan mellor en moitos aspectos e ás que admiro profundamente. Como non pode ser doutro xeito, cadaquén é libre de afrontar os problemas da mellor maneira posible, e por suposto, tampouco os xestionamos sempre igual, dado que o estado de

ánimo non é unha constante inmutable. Pero dito isto, penso que a capacidade de relativizar e adaptarse ás circunstancias é unha das maiores virtudes que unha persoa pode ter. A intelixencia emocional non é unha desas cousas que só saen nos libros de autoaxuda ou nas charlas motivacionais de YouTube. Non, é unha ferramenta real, cotiá, que podemos (e deberíamos) cultivar para vivir cun chisco máis de paz e un pouco menos de drama. Non se trata de reprimir emocións, nin de sorrir cando temos ganas de chorar; proba a aprender a recoñecer o que sentimos, entender por que o sentimos e actuar en consecuencia sen deixar que o caos interno leve o timón. Cantas veces nos deixamos levar pola frustración porque algo non saíu como esperabamos? Ou porque alguén nos falou mal, ou a vida nos puxo unha pedra no camiño cando xa levabamos o peto cheo de pedras anteriores? Pois ben, aí é onde entra a capacidade de adaptación, esa habilidade camaleónica que nos permite mudar de cor cando o entorno cambia. Non para deixarmos de ser nós,

senón para sobrevivir sen esnafrarnos no intento. Adaptarse non é resignarse, ollo. É comprender que non sempre temos o control de todo (nin

de relativizar, esa pequena maxia que consiste en mirar os problemas con perspectiva: ¿Isto que me está a pasar agora vai importar dentro dun

capa. A suma destas tres cousas —intelixencia emocional, capacidade de adaptación e sentido da relativización— convértenos en persoas máis libres. Máis sabias tamén, se queres, porque a sabedoría non está só nos libros, senón na forma en que escollemos reaccionar. A vida vai seguir traendo días grises, cancelacións de última hora, mensaxes sen responder e xente que nos decepciona. Pero tamén vai traer cancións que nos salvan, cafés con risas, sorpresas que nos iluminan o día e esa sensación cálida de saber que, malia todo, seguimos aquí. Como dicía Viktor Frankl, psiquiatra e sobrevivente dos campos de concentración nazis: “Entre o estímulo e a resposta hai un espazo. Nese espazo está o noso poder para escoller a nosa resposta. E na nosa resposta reside o noso crecemento e a nosa liberdade.” Pois iso. Que a vida vai como vai, pero nós tamén podemos ir como queiramos. E se temos que ir, que sexa lixeiros de equipaxe, con sentido do humor, cun pouco de man esquerda e, sobre todo, co corazón cheo e atento.



falta que fai), e que ás veces a mellor resposta é virar o timón e buscar outro rumbo. A vida non é unha liña recta nin un camiño de cemento ben sinalizado. É máis ben unha carballeira chea de sendeiros sinuosos, de pólas baixas e pedras esvaradías. Se só sabemos andar por autoestradas, mal imos. E aquí entra a marabillosa arte

ano? ¿Dentro dun mes? ¿Ou mañá mesmo? Moitas veces, o que hoxe parece a fin do mundo mañá é só unha anécdota que contaremos entre risas. Relativizar non é facer pouco das cousas, senón darlle a importancia xusta. E iso, amigas e amigos, é un superpoder que non vén nos cómics pero que salva máis vidas que calquera

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ	
Concello:	982 55 80 01
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde:	982 55 86 97
BARREIROS	
Concello:	982 12 40 02
Garda Civil:	982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 41 05
BURELA	
Concello:	982 58 60 00
Policia Local:	982 58 62 11
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña):	982 58 99 00
Capitanía Marítima:	982 57 51 53
CERVO	
Concello:	982 55 77 77
Policia Local:	615 52 10 52
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 75 25

FOZ	
Concello:	982 14 00 27
Policia Local:	982 13 36 40
Garda Civil:	982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 23 85
Agencia Tributaria:	982 13 35 12
LOURENZÁ	
Concello:	982 12 10 06
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 20 29
MONDOÑEDO	
Concello:	982 52 40 03
Policia Local:	982 50 70 40
Garda Civil :	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 50 74 52

OUROL	
Concello:	982 55 91 09
Garda Civil:	982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 90 62
PONTENOVA, A	
Concello:	982 34 22 77
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 24 00
RIBADEO	
Concello:	982 12 86 50
Policia Local:	982 12 86 50
Garda Civil:	982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 01 43
RIOTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63

TRABADA	
Concello:	982 13 50 11
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 53 00
VALADOURO, O	
Concello:	982 57 40 00
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa):	982 57 43 12
VICEDO, O	
Concello:	982 59 00 02
Garda Civil:	982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 03 51
VIVEIRO	
Concello:	982 56 01 28
Policia Local:	982 56 29 22
Policia Nacional	982 56 17 11
Policia Nacional cita DNI	060/ 982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa):	982 56 12 01
XOVE	
Concello:	982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 24 24



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062



www.amariñaxa.com



Telefono 661 464 323

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

redaccion@amariñaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@amariñaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU 5-2019
ISSN 2660-4493

DE RUTA EN RUTA

A Pastoriza: Ruta de Maeloc

Ofrece unha nova forma de descubrir a riqueza paisaxística e etnográfica de Bretoña e do Monte Carracedo

A Ruta de Maeloc, situada na parroquia de Bretoña, leva xa varios anos ofrecendo aos camiñantes unha experiencia única que combina natureza, historia e cultura. O seu trazado, de arredor de 15 quilómetros e dificultade media, foi gañando popularidade entre os afeccionados ao sendeirismo que buscan paisaxes amplas, contacto coa terra e un percorrido sen grandes complicacións técnicas. O camiño comeza no paseo fluvial de Bretoña, ao lado da coñecida carballeira onde se celebra o Lugnasad, unha festa de raíces celtas. Os primeiros pasos discorren por un treito de 1,5 km a carón do río, onde se poden ver muíños restaurados e unha variada mostra da flora autóctona. Este primeiro tramo serve como carta de presentación do que está por vir: unha ruta chea de recunchos naturais e elementos etnográficos que conectan co pasado rural da zona. O percorrido está perfectamente sinalizado e transcorre por sendeiros, pistas e camiños entre os que destaca a subida ata o Monte

Carracedo, coa súa Pena Gallada, punto xeodésico que permite contemplar, en días despxados, a costa de Foz e, ao oeste, as montañas da Fonsagrada e Os Ancares. Trátase dun auténtico miradoiro natural, moi apreciado polos sendeiristas que destacan a sensación de amplitude e liberdade que ofrece. Un dos tramos máis esixentes é a

subida por un noiro de acceso ao parque eólico, o único punto que require algo máis de atención, pero que non representa unha dificultade importante para persoas con certa práctica. A maioría do percorrido discorre por zonas accesibles, e moitos camiñantes optan por facer a ruta en sentido descendente para facilitar o esforzo, especialmente os menos expe-

rimentados. Co paso do tempo, esta ruta converteuse nun referente do sendeirismo na comarca, tanto pola súa diversidade paisaxística como pola conexión emocional que ofrece co territorio. Veciñanza e visitantes coinciden en sinalar que é un roteiro que invita a descubrir a historia local, a coidar do medio e a reconectar coa natureza.

A Ruta de Maeloc representa unha das mellores apostas da Pastoriza para divulgar o seu patrimonio natural e cultural, atraendo un turismo tranquilo, respectuoso e sostible. Un percorrido que xa forma parte da identidade do municipio e que continúa medrando en prestixio grazas á súa beleza e accesibilidade.



DATOS



4 horas



15,4 quilómetros



Dificultade media

HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA





GRUPO FORMAT

formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:
www.grupoforma-t.com
TEL.: 982 513 605